

O Patrimonio inmaterial de Bemil

Editado por:

Comunidade de Montes Veciñal en Man Común de Bemil
Comunidade de Montes Veciñal en Man Común de Paradela



O PATRIMONIO INMATERIAL DE BEMIL

Editado por:

Comunidade de Montes Veciñal en Man Común de Bemil (xunta reitora presidida por M. Julia Chivite Mosquera) e Comunidade de Montes Veciñal en Man Común de Paradela (xunta reitora presidida por Luciano Conde)

Setembro de 2018

Imprime: NINO-Centro de Impresión Digital

ISBN: 978-84-948717-5-7

Dep. Legal: C 1605-2018

Diseño e maquetación: Elena Cabrejas e Anxo Rodríguez-Paz

Coa colaboración do Instituto de Ciencias do Patrimonio (Incipit) do Consejo Superior de Investigaciones Científicas (CSIC), e de A Citania S.L.- Xestión de Patrimonio

*Dedicado ás veciñas e veciños da parroquia de Santa María
de Bemil, por manter a identidade, o patrimonio vivo e
transmitilo con orgullo ás xeracións futuras.*

Agradecementos: A todas aquelas persoas que de xeito desinteresado colaboraron para facer posible este traballo e, en especial, á comuneira Elena Cabrejas, cuxa inestimable axuda fixo posible que este libro esté neste intre nas túas mans.

Índice

PRÓLOGO	7
LOCALIZACIÓN XEOGRÁFICA DE BEMIL	7
RESEÑA HISTÓRICA DE BEMIL	8
O “RAMO” DA NOSA SEÑORA E O SANTÍSIMO SACRAMENTO NA PARROQUIA DE SANTA MARÍA DE BEMIL	17
1. A CONFRARÍA DO “SANTÍSIMO SACRAMENTO” DE SANTA MARÍA DE BEMIL.....	30
2. A CONFRARÍA DE “NUESTRA SEÑORA DE LA CONCEPCIÓN”	36
3. A CONFRARÍA / FUNDACIÓN DE SAN ANTONIO DE PARADELA DO MONTE.....	38
4. CONSIDERACIÓNS FINAIS	43
5. BIBLIOGRAFIA DE APOIO	43
AS RELIQUIAS DA PARROQUIA DE SANTA MARÍA DE BEMIL E O LIBRO DE SAN XUSTO	45
1. RELIQUIAS, RELICARIOS E VENERACIÓN	45
2. TRANSCRICIÓN DO HISTORIAL DE SAN XUSTO MÁRTIR	51
3. IDENTIFICACIÓN DO MARTIR E ONOMÁSTICA	60
4. CONCLUSIÓNS	62
5. AGRADECEMENTOS	68
6. BIBLIOGRAFÍA E REFERENCIAS WEB	68
A FONTE DO ANGHENIDO DE BEMIL. RITOS E TRADICIÓNS AO REDOR DUN MANANCIAL CURATIVO.....	70
1. INTRODUCCIÓN	70
2. O MAL DO ENGANIDO	71

3. A RELACIÓN DO ENGANIDO CON OUTRAS DOENZAS SIMILARES	75
4. A FONTE DO ANGHENIDO DE BEMIL	81
5. O RITO DO ANGHENIDO EN BEMIL.....	83
6. O CAMBIO DO RITO	89
7. ANÁLISE DO RITO DA FONTE DO ANGHENIDO	90
8. COMPARATIVA DO RITO DA FONTE DO ANGHENIDO CON OUTRAS FONTES PARA CURAR O ENGANIDO:.....	111
9. RECONSTRUCCIÓN DO RITO DA FONTE DO ANGHENIDO	119
10. CONCLUSIÓN	120
11. AGRADECEMENTOS	122
12. REFERENCIAS BIBLIOGRÁFICAS.....	123

PRÓLOGO

Con este libro, promovido polas Comunidades de Montes Veciñais da parroquia de Santa María de Bemil (Comunidade de Montes Veciñal en Man Común de Bemil e Comunidade de Montes Veciñal en Man Común de Paradela), preténdese recoller parte do patrimonio inmaterial da parroquia, un patrimonio extremadamente fráxil por ser fundamentalmente de transmisión oral ou requirir dalgún tipo de participación ou acción individual ou colectiva. A súa extrema vulnerabilidade ven determinada polo feito de que de non manterse a tradición e transmisión, ese patrimonio estará condenado á desaparición.

Ellexíronse, para facer o estudo e divulgar a través deste libro, tres exemplos paradigmáticos do noso territorio: a emblemática Festa do Ramo, as reliquias de San Xusto Mártir (que aínda que son elementos materiais teñen asociado un interesante proceso social de adquisición, rexistro cerimonial e incorporación á liturxia) e o ritual curativo da fonte do Anghenido.

Pero fagamos antes unha introdución das particularidades xeográficas e históricas da parroquia de Bemil.

LOCALIZACIÓN XEOGRÁFICA DE BEMIL

A Parroquia de Bemil está situada no concello pontevedrés de Caldas de Reis. Está localizada ao noroeste da capital do concello e limita ao norte co Concello de Catoira e coa parroquia de Santa Mariña de Carracedo, ao leste coas parroquias de San Clemente de Cesar e Santo André de Cesar, ao sur coas parroquias de Santo Tomé e Santa María de Caldas e co Concello de Portas e ao oeste coa parroquia de Santo Estevo de Saíar.

O Monte Xiabre localizado ao oeste, e formando a linde con Catoira e Vilagarcía de Arousa, determina tamén a topografía da parroquia con acusados cumios de máis de 600 m que descenden en pendente cara a depresión do río Umia. O refraneiro popular local di sobre estes cumios “cando o Xiabre pon a monteira, chove anque Deus non o queira”.

Os seus lindes sur e leste están remarcados polos cursos dos ríos Umia e Bermaña, afluente do anterior. E toda a parroquia está cruzada de noroeste a sueste polo río Follente, tamén afluente do Umia, e os afluentes do Follente denominados Rego de Gabián e Rego da Pedra Torta. No límite coa parroquia de Saiar, no nacemento do Rego de Cardín na ladeira do Xiabre, atópase a coñecida como “Ferida da Auga” ou “Frida D’Auga”, unha fervenza referente na paisaxe desta zona que resplandece dende o val cando leva bo caudal.

A topografía da parroquia está marcada pola depresión que forma o Umia. A depresión do Umia conforma un espazo chan que, xunto á gran fosa tectónica coñecida como a Depresión Meridiana de Galicia, permite o fácil tránsito polo seu territorio de sur a norte; de feito, as grandes vías de comunicación históricas e recentes aproveitan este recurso topográfico (Vía romana XIX, Camiño de Santiago Portugués, Estrada Nacional 550 e Autoestrada AP9).

A parroquia conta na actualidade con 845 habitantes repartidos entre os lugares de A Canle, A Lavandeira, As Veigas de Almorzar, Follente, Outeiro e Paradela. Xunto coas restantes parroquias do Concello de Caldas de Reis e outros municipios limítrofes, pertence á comarca de Caldas. Amosa un poboamento disperso ao longo da parroquia e máis concentrado nos terreos da depresión do Umia achegados ao casco urbano destacando entre eles o de Outeiro e Follente e xa no norte o de Paradela. Estes núcleos gobernan unha importante zona de monte administrada pola súa veciñanza de xeito mancomunado a través da Comunidade de Montes Veciñal en Man Común de Bemil (xestionada polos vecinos e veciñas dos lugares de Follente, Outeiro, A Canle, As Veigas de Almorzar e A Lavandeira) e da Comunidade de Montes Veciñal en Man Común de Paradela (administrada polos representantes veciñais do lugar de Paradela).

RESEÑA HISTÓRICA DE BEMIL

A ocupación máis antiga de Bemil, documentada a través dos restos arqueolóxicos, remontaríase ao Neolítico en torno aos 3.500 anos antes de

Cristo, cando se constrúen os monumentos funerarios megalíticos coñecidos como *mámoas*. Estes restos, os primeiros monumentos construídos no occidente europeo, testemuñan a domesticación, apropiación e ordeación do medio polo ser humano e o desenvolvemento dunha relixión asociada ao culto á morte, incluíndo a Bemil na esfera cultural de toda a fachada atlántica europea durante esta época. Exemplos deste tipo son as tres mámoas que se atopan no Monte do Castro formando unha necrópole e o exemplar de Agra do Conde. Si ben, documentouse no lugar de Codesiños un achado en pedra de talla bifacial sobre lasca de cuarcita que podería adscribirse á etapa Paleolítica, atestiguando unha ocupación deste territorio moito máis antiga que se remontaría a máis de 10.000 anos.



Un dos restos prehistóricos máis destacables polo seu valor arqueolóxico é o coñecido como “Depósito das Silgadas ou Tesouro de Caldas”, datable na Idade do Bronce e atopado na parroquia de Bemil, concretamente na finca das Silgadas no lugar de A Canle.

Fig. 1. Depósito das Silgadas ou Tesouro de Caldas

A ocupación da contorna durante a Idade do Bronce queda testemuñada ademais pola existencia de petróglifos no entorno, destacando na veciña parroquia de Saiar o coñecido santuario rupestre de Laxe dos Bolos, na ladeira leste do Monte Xiabre e moi preto do linde con esta parroquia. Tamén se documentou un segundo tesouriño de ouro no centro da vila de Caldas (Tesouro de Caldas 2) e algúns asentamentos desta mesma etapa como os de Outeiro da Portaliña ou Chan de Prado (ambos en Saiar).

A historia da parroquia está ligada á propia historia de Caldas de Reis. Durante a prehistoria recente foi a terra dos Cilenos, unha tribo prerromana citada polos xeógrafos romanos como habitantes destes lugares. Serían estes Cilenos os construtores e habitantes dos castros do concello tendo en

Bemil dous exemplos notorios nos Castro de Follente e o Castro de Paradela/Outeiro ou dos Tres Picos.




Fig. 2 e 3. Castro de Follente (imaxe extraída de datos LiDAR, 2014) e Castro de Paradela/Outeiro (imaxe do Vuelo americano de 1956 extraída da fototeca do IGN)

Esta tribo dos Cilenos foi quen lle deu nome á *mansio* romana da vía XIX (as *mansio* eran apeadeiros e lugares de descanso ao longo das vías), segundo cita do xeógrafo romano Antonino no seu itinerario das vías romanas alá polo século III d. C. O nome de Aquis Celenis fai clara referencia ao nome dos seus habitantes e á calidade das augas termais. A vía XIX cruza a parroquia de sur a norte e transformárase na Idade Media en Camiño de Santiago.



Fig. 4. Camiño de Santiago, antiga Vía XIX, ao seu paso pola Lavandeira.

Pero hai outra vía, a Vía XX ou *Per Loca Maritima*, que segundo López Ferreiro arranca na parroquia de Bemil¹ nunha desviación da Vía XIX. Tanto

¹ López Ferreiro fai a seguinte proposta sobre os trazados das Vías XIX e XX: “*La vía desde caldas de reis (Aquis Celenis) por espacio de 3 kms, hasta Bemil, seguía por el mismo camino que la vía 19. En Bemil tomaba dirección oeste y atravesaba por entre las sierras de Xiabre al sur y la de Sinagoga al norte. Desde el agro de Mateo Conde comenzaba a descender por la vertiente que mira al Ulla, bajando al lugar de Coaxe por junto a la iglesia parroquial de San Pedro de Dimo.*”

Pérez Losada, F. 2002 Entre a Cidade e a Aldea. *Brigantium*, vol. 13, como Franco Maside, R. La vía per loca maritima: un estudio sobre vías romanas en la mitad noroccidental de Galicia. *Gallaecia* 19, 2000, pp. 217-248, recollen nas súas publicacións a proposta de López Ferreiro.

Imaxinamos que en Bemil, durante estes tempos da romanización, o asentamento non estaría tan desenvolvido como no núcleo da vila e a poboación reduciríase a pequenos asentamentos rurais dedicados á explotación agraria e gandeira. Aínda que sabemos que o Castro de Follente mantivo a ocupación durante os primeiros tempos da romanización e ata o século I d.C. funcionando posiblemente tamén como un núcleo comercial e de redistribución de mercadorías que chegarían maioritariamente por vía fluvial. Polo tanto, é tal a importancia da vila de Caldas durante a romanización que non desbotamos a idea de que no futuro poidan aparecer asentamentos destacados no seu entorno, hoxe por baixo do subsolo á espera da súa descuberta.

A creación da *mansio* e o camiño xunto coas augas termais fan medrar unha vila que foi quen de converterse en sé episcopal durante o medievo, e así queda citado nas actas do Concilio de Lugo do ano 569, cando se traslada a Iria. Un dos seus fitos é a celebración na vila dun sínodo no ano 447 por orde do Papa San León. Seguramente xa dende esta época (e ata o século XVI) forma parte do señorío pertencente á Igrexa Compostelá.

A historia de Caldas queda marcada na Idade Media polo nacemento no ano 1.105 do “emperador” (*Imperator totius Hispaniae*) Alfonso VII, fillo de Raimundo de Borgoña e Dona Urraca I, raíña mitificada na cultura popular galega. Afonso VII, tutorizado polo Conde de Traba e polo famoso Arcebispo Xelmirez, será protagonista dende a súa infancia de numerosos conflitos por causa das grandes aspiracións territoriais, chegando xa de adulto a conquistar territorios aos musulmáns ate o extremo S da península. Pero será tamén un home de grande devoción cristiá e o impulsor da expansión do Císter na península e, consecuentemente, da dispersión da arte románica. O Camiño de Santiago segue no seu apoxeo, o que se reflicte na construción de diferentes templos románicos ao longo do seu trazado; no

Fig. 5. Igrexa parroquial de Santa María de Bemil, con ábside románico



caso de Bemil a Igrexa de Santa María está construída neste estilo románico propio do século XII. Outro templo que parece existir xa nese momento é a capela de San Lourenzo de Outeiro, pois figura entre os bens que Alfonso VII doou ao Mosteiro de Santa Mariña de Carracedo (parroquia de Carracedo), daquela dentro do territorio de Iria, xunto á Casa Torre de Pedro Suárez nas Silgadas e outras pertenzas, segundo documentación histórica datada en 28 de marzo de 1.147. A capela, á que se refire como igrexa, queda citada do seguinte modo na carta de doazón do Rei ao mosteiro: “(...) o monte de otario (Outeiro) coa igrexa de San Lourenzo, as súas pertenzas e os seus homes (...)”.

No século XIII (ano 1.254), o arcebispo Xoan Arias establece os lindes deste coto xurisdiccional delimitado entre os lugares de Eirín (Santa María de Caldas de Reis), Nodar (St. André de Cesar), Follente e Outeiro (estes dous últimos en Bemil); dentro deste linde os habitantes quedaban eximidos do pago de determinados tributos, equiparándoos cos burgueses das vilas de Santiago ou Pontevedra (fonte: Gran Enciclopedia Galega. Santiago: Editorial Silverio Cañada, 1.974).


Ao redor do ano 1.500, a vila de Caldas está dividida en cotos xurisdiccionais pertencentes a diferentes propietarios, onde os señores feudais, vinculados ao antigo réxime, exercen o seu poder e cobran tributos e foros. Entre eles é importante o Couto das Silgadas, no lugar de A Canle (Bemil), vinculado á liñaxe dos Bermúdez de Castro. Esta linaxe e casa das Silgadas, perpetúa a

tradición deste lugar como centro de poder dende alomenos a Idade Media. Dependente deste couto é a Granxa do Outeiral, tamén na Canle- Bemil, máis tarde propiedade dos Bermúdez Mariño. Nos primeiros anos do 1.700,

Pedro Antonio de Gaioso Aldao Castro e Reino, chegará a ser señor das Silgadas, outorgándoselle o título de Conde Gaioso, de xeito que xa no ano 1.725 pódese constatar que o vieiro que comunicaba este lugar coa vila de Caldas recibe o nome de Carreira do Conde Gaioso.

Pero volvendo ao S. XVI, no ano 1.581 o rei Felipe II pon en venda os dereitos da vila de Caldas. A importante liñaxe de A Canle poxará por eses dereitos, pero serán os veciños da vila con opción de compra quen consigan adquirilos converténdose en vasalos directos do rei, con dereitos e protección real. Deste xeito, a vila deixará de estar sometida a xurisdición do arcebispo de Santiago e noméase “Vila de Realengo”, agás a Torre de Dona Urraca que se mantén baixo de xurisdición arcebispal, instalándose no seu territorio numerosas casas nobres. A esta época debemos tamén o aspecto das construcións do casco vello de Caldas, con escudos e soportais.

Tamén é a finais do S. XVI cando se leva a cabo unha interesante manifestación artística na parroquia de Bemil, concretamente na igrexa de Santa María. O interior da ábsida é decorado con tres escenas diferenciadas de pintura mural: a Epifanía ou Adoración dos Reis Magos, a representación do Cristo Maxestade (ou tal vez a Virxe entronizada) e a Virxe do Rosario presidindo a batalla de Lepanto. Esta foi a última gran batalla naval con abordaxes e loitas nas cubertas dos buques, un enfrontamento producido no 1.571 entre a flota da Santa Liga cristiá e a flota turca. O triunfo dos aliados cristiás foi rotundo e a noticia causou grande expectación, pese a non ter consecuencias políticas duradeiras. Pero a devoción ao Rosario estendeuse rapidamente xa que co seu rezo combatéronse logo herexías e malos costumes, afastáronse epidemias e rematáronse guerras e outras desgrazas. Estas pinturas murais atópanse tras o retablo do altar maior, de estilo barroco (finais do S.XVII e comezos do XVIII), e foron documentadas durante a restauración levada a cabo no ano 1.998.



Figs. 6 e 7. Detalles de virxe con neno e soldado na batalla. Imaxes de *ESTEO Técnica na Conservación e Restauración S.L.*

É entre os séculos XV e XIX, principalmente durante o S. XVII, cando se constrúen a maior parte dos muíños nos ríos galegos. Os ríos que sucun a parroquia de Bemil presentan bos exemplos deste tipo de construcións que supoñen, non só a primeira transformación industrial das paisaxes de ribeira, senón tamén o reflexo da importancia do cultivo de cereal na contorna.

Fig. 8. Muíño da Gateira (A Lavandeira) no Río Bermaña



Do S. XVII data a fundación da capela dedicada a Santo Antonio de Padua no lugar de Paradela. Agora ben, descoñécese si o que se produce é un

reacondicionamento dunha construción anterior cunha nova advocación, ou si o cambio de advocación se produce posteriormente, no S. XIX, en favor da Nosa Señora do Bo Consello, que é como actualmente se coñece.



Fig. 9. Capela de Nosa Señora do Bo Consello

O rexistro das viaxes do Padre Sarmiento a Galicia a mediados do S. XVIII, recolle en distintas ocasións os camiños que pasan por Caldas. O 28 de outubro de 1.754 detalla a súa viaxe de Vilaxoán a Caldas, para seguir cara a Padrón, e entre diferentes lugares relata: *“Vega de Almorzar, bellísima vega de pan llevar, que tienen el mediodía el río Umia y Avermaña. Es muy larga y varios de varias feligresías tienen en ella parte. Entrase por dentro de ella. Es llana. Ponte das Cabras para ir al Puente Avermaña, ya en Caldas”*. Describe así, un dos lugares característicos da parroquia de Bemil, cunhas condicións topográficas consecuencia da plataforma fluvial que permiten un tránsito doado e xeneran, pola fertilidade dos sedimentos fluviais, un uso do solo de agricultura intensiva, que a día de hoxe mudou cara un tamén intensivo uso residencial e industrial.

Outro acontecemento salientable que fai referencia á parroquia de Bemil prodúcese no 1.809 durante a invasión francesa polas tropas napoleónicas. Na famosa Batalla de Casaldeirigo (Setecoros, Valga) participaron tamén veciños de Bemil que acudiron con prontitude ao sentir a ameaza ás portas do seu territorio. En documentación parroquial recóllese que as tropas napoleónicas levaron a cabo roubos na parroquia, causaron danos na Igrexa, na capela de Paradela e noutros inmobles e asasinaron incluso a algúns veciños. Poida que a chegada das reliquias do mártir San Xusto á parroquia no ano 1.832 veña a resarcir estas penalidades.

Nos anos trinta do século XX as xentes de Bemil vense involucradas na gran batalla económica e política do goberno español en torno ao mineral do volframio. Unha rocha que, mesturada nas aliaxes na fundición do aceiro durante a fabricación de armas, reforzaba a dureza dos tanques e proxectís no contexto da IIª Guerra Mundial. A demanda do mineral por parte de Alemaña e Inglaterra dispara os prezos e convértese nunha produción moi lucrativa á que non estivo Bemil allea pola existencia de vetas deste mineral ao longo da súa xeografía. Deste xeito explotáronse canteiras para o tirado de volframio, foi unha actividade moi común e case febril de aproveitamento maioritariamente particular, deixando como legado innumerables minas abandonadas polos montes da parroquia.

Un reflexo das transformacións do século XX é tamén a profunda reconstrución da estrutura da igrexa parroquial nos anos 50, promovida

polo párroco D. Guillermo Magán Ferro. A nave central e as capelas laterais son reconstruídas case de maneira integral, mantendo unicamente intacto o ábside románico da cabeceira da igrexa. Tamén no exterior o adro aumenta a súa superficie cara o sur, construíndo un novo muro de contención máis amplo coa axuda dos canteiros de Paradela e dos mozos da parroquia.

A principios dos anos noventa a construción da Autoestrada AP9, que cruza a súa xeografía de sur a norte a través dos seus cumios dividíndoa en dous sectores, amosase coma outro fito relevante na historia da parroquia. O trazado do gasoduto Valga-Tui fixo o propio durante esa mesma época, entorno ao ano 1.997. Foron moitos os terreos expropiados para a construción desas infraestruturas. Xa a comezos deste século, a construción da circunvalación de Caldas afectou novamente á parroquia, destruíndo no enlace norte a coñecida como “Carballeira dos Gitanos”.



Fig. 10. Vista de naves industriais, tramo de AP9 e subestación do gasoduto nas Veigas de Almorzar (imaxe tomada do Google Earth).

Xa na actualidade, Bemil configúrase cada vez máis coma unha zona principalmente residencial e forestal, aínda que se mantén en certa medida a explotación agraria e moitas das

industrias de Caldas localízanse no seu territorio distribuídas principalmente entre os lugares de As Veigas de Almorzar, Outeiro e Paradela.

Máis detalles na páxina web www.bemil.org

O “RAMO” DA NOSA SEÑORA E O SANTÍSIMO SACRAMENTO NA PARROQUIA DE SANTA MARÍA DE BEMIL

AUTOR: Daniel Seijas Llerena

A tradición do ramo da festa foi algo moi normal e común en Galicia e fora dela, mais nas última décadas foise perdendo quedando cada vez menos parroquias e lugares que aínda o manteñen, de aí a importancia que ten aínda a parroquia de Santa María de Bemil ó manter este costume de xeito tan vivo e institucionalizado, nuns tempos actuais no que moitas tradicións festivas e relixiosas, da nosa Galicia Rural, vanse esmorecendo e cunhas novas xeracións que cada vez máis descoñecen unha parte fundamental da nosa cultura popular, de saberes dos seus pais, avós, bisavós...

A utilización en certas celebracións festivas católicas do ramo ou póla dunha árbore, con adornos, non é máis cunha pervivencia de ritos e cultos pagáns en Europa, relacionados con algún tipo de ofrenda a algunha deidade relacionada ca natureza, agricultura ou culto ás árbores. Os gregos e os romanos portábano en certas cerimoniais relixiosas, coma os ramos de loureiro ou oliveira e, a Igrexa Católica, como fixo con case todo o pagán, adaptou esas cerimoniais ó seu culto para poder cristianizar ritos e atraer o maior número de fieis. O ramo é o obxecto que identifica ó organizador da festa coma responsable dela, ademais de correr cos seus gastos, de aí ven o nome de ramista, ó que tamén se lle pode chamar mordomo, maiordomo, funcionista (por encargarse da organización das funcións), vicario ou vigairo. Na práctica ó equivalente á actual figura do presidente da comisión de festas, aínda que con certos matices. O ramo do funcionista na parroquia, facendo unha comparanza, é unha especie de representación simbólica similar ó do bastón de mando dun alcalde nun concello. Explicao ben o etnógrafo ourensán Vicente Risco, na Historia de Galiza (1962):

“A insignia do Mordomo é o Ramo. É unha ponla dun árbore, o máis dereita que se poida, á que lle quitan as ramiñas de abaixo deixándolle as de riba,

nas que prenden fitas de coores, de seda ou de papel, adornos de papel dourado, globos de vidro azougado, dulces, roscas e froitos do tempo. Iste ven ser o Ramo primitivo, mais hai outros que xa non son propiamente ramos, sinón sinxelas e curiosas obras de arte popular, de figuras diferentes, mangadas nun pau. En Cariño (Ortigueira) é unha placa oval arrodeada de roscas e roscós de dulce, con moitas fitas, rematando nun ramo de froes, nunha cruz ou nun ostentorio”.

En Bemil, onde como veremos máis adiante ó falar das Confrarías, non sabemos exactamente dende cando puido existir esta anterga tradición do ramo do Sacramento e da Nosa Señora.

COMO É O RAMO? Actualmente o ramo do Santísimo Sacramento pasou a converterse nunha estrutura cuasi piramidal, en forma de árbore, que se engalana con multitude de froitas e froitos da terra, pequenas botellas con bebidas, flores, pólas de árbores, doces, pequenas bandeiras de Galicia e España e coa curiosidade de portar algún obxecto que faga alusión coa profesión do ramista e levando na base un grande roscón. Esta estrutura,



indo por máis pormenorizado, formada por un tronco central de madeira (cando se apolilla cambiase por outro), con varias cruces de maior a menor tamaño, segundo ascenden cara a parte superior, van rodeados con aramios horizontais arredor das cruces e verticais dende o vértice á base da primeira cruz. Estes aramios con ponliñas de buxo, van suxeitos a súa vez por aramio fino. Logo nas ditas cruces é onde se adornan coas diferentes

Fig. 1. Ramo do Sacramento de Bemil, sacada dun artigo de Fernando Oxea (1961)

cousas mencionadas. O ramo, que pode chegar a medir de longo aproximadamente entre metro e medio / un metro e oitenta centímetros, está rematado cunha coa longa flor da vara de San Xosé (*Asphodelus albus*) e que nunha parte un pouco inferior a onde se coloca esta flor, rodeadase por 2 ou 4 flores de *plumachos* (Cortaderia selloana).



Figs. 2 e 3. Distintos ramos das últimas décadas.



Figs. 4 e 5. Ramo e máquina de escribir, coma obxecto alegórico ó oficio do ramista. Imaxe tomada polo autor no ano 2017.



Fig. 6. Boneco de soldador, aludindo á profesión do ramista (ano 2016)

En canto á descrición do **ramo da Nosa Señora** este, nas características, é similar ó do Sacramento, mais coa diferenza de que é máis pequeno e está rematado na parte superior pola figura da Virxe, rodeada por unha especie de aureola e rodeada de tres *plumachos*.



Figs. 7 e 8. Saída da casa do ramo no ano 1974

Ningún destes dous tipos de ramos, ou sexa a estrutura fixa que se adorna, que van pasando cada ano por cada matrimonio, permanecendo o ano enteiro na súa casa, non poden saír da parroquia.

QUEN PODE COLLELO RAMO, FUNCIÓNS E CERIMONIA? O ramo cada ano tócalle a un matrimonio da parroquia, que ten que correr cos gastos da función da Nosa Señora/Nuestra Señora (primeiro domingo de setembro) e a outro co do Sacramento (que será un domingo seguinte e antes do 15 de setembro). O matrimonio para coller o ramo ten que esperar os anos que lle cadre, xa que vai por orde de antigüidade do seu casamento na parroquia; tamén hai matrimonios ós que lle toca un ano e non queren collelo (non é obrigatorio), polo que a “lista” corre para diante. Para ter dereito a estar na “lista” hai que casarse na parroquia e seguir vivindo nela ou aínda que se casaran fora ser residentes nela. Neste último caso hai que ir xunto ó cura para anotarse. O ano que lle toca a un matrimonio a organización da función do Sacramento, ten que encargarse da recadación dos chamados “*Anales*” que veñen sendo os donativos dos veciños para o mantemento da igrexa parroquial, limpeza do cemiterio (antes así era) teñen ademais a ecomenda de colocalas velas de cera na igrexa, que lle levan os veciños. Este matrimonio ramista encárgase de elaborar o ramo, podendo solicitar a axuda dun veciño/a que é considerado o especialista en Bemil da súa montaxe. O domingo da festa do Sacramento o matrimonio sae da casa co ramo cara á Igrexa Parroquial, podendo ir con el andando ou nun remolque dun coche, acompañados por veciños, familiares, dun grupo gaiteiros ou dunha banda de música.



Fig. 9. Parella de ramistas ás portas da súa casa



Fig. 10. Parella de ramistas saíndo da casa cara á Igrexa (2016)



Fig. 11. Procesión do ramo nos anos 70 de camiño á Igrexa Parroquial



Figs. 12, 13 e 14. Nenos vestidos de anxos e de Comunión, fogueteiros e gaiteiros forman tamén parte da comitiva



Figs. 15 e 16. Baixando co ramo polas escaleiras cara o adro da igrexa parroquial de Bemil, nestes últimos anos



Fig. 17. Entrada no adro da igrexa onde esperan o resto dos veciños coas mellores galas (2018)

A porta de entrada da Igrexa está adornada todo por unha especie de arco feito con ponlas e flores. Ademais diso faise un pasillo de entrada polo adro ata a porta da igrexa, marcado por unha plantas e con flores e unha especie de follas de plantas ornamentais ciscadas polo pasillo. No caso da



celebración da Nosa Señora ese pasillo está feito por unha alfombra elaborada con flores ou pintada sobre o camiño de adoquíns que vai para a igrexa, cunha representación do caliz e a virxe, o estilo das típicas alfombras que se confeccionan para o día do Corpus en moitas parte de Galicia.

Fig. 18. Arco e pasillo de entrada para o Santísimo Sacramento

Figs. 19 e 20. Alfombras para o día do ramo da Nosa Señora



Unha vez dentro do templo parroquial, para a celebración da misa, - o ramista corre cos gastos da función/misa, pago ós curas, música, acondicionamento do edificio para o acto, flores, foguetes - o ramo colócase nunha parte central da zona do altar, sentándose na parte de diante, na dereita, o matrimonio que ten o ramo e o matrimonio co vai recibir deste, mentras que na parte esquerda están os dous matrimonios – o que ten o ramo e o que o recibiu – da Nosa Señora. Mentras que 12 convidados polo matrimonio que trouxo o ramo portan 12 velóns que se colocan na parte dianteira do altar.



Fig. 21. Ramistas na celebración da misa (2018)



Fig. 22. Ramistas no ano 1964 ou 1965 diante do altar maior

Ó rematala misa o ramista do ano que ven colle o ramo, saíndo baixo palio da igrexa en procesión ata a *Parada*, que é un altar feito para a ocasión, situada na parte posterior do edificio litúrxico, onde hai unha alfombra, uns coxíns, velas, flores e cuberto no fondo por unha grande tea, coma unha especie de cortinaxe, de cor granate e azul no caso da Nosa Señora. Neste altar

ademais poñense uns recipientes con sementes de trigo xerminado, como unha especie de ofrenda de agradecemento e protección polas colleitas. Perante a este altar o cura fai unha prédica e canta a coral.



Figs. 23 e 24. Altar ou Parada na honra da Nosa Señora e detalle dos platos con trigo xerminado



Fig. 25. Ramistas e veciños no ano 1958 no adro da igrexa

Logo bótanse uns foguetes e tamén facíase un baile na carballeira do San Xusto, que está a carón do recinto eclesiástico.



Rematados estes actos do mediodía, o ramo, que vai enriba dunha especie de sorporte aguantando entre catro persoas, leao o matrimonio ramista do ano que ven para súa a casa, onde estará todo o ano.

Fig. 26. Traslado do ramo

Este matrimonio, así coma o outro que que entregou o ramo a continuación farán unha grande festa en candasúa casa ata a madrugada con familiares, amigos e veciños (previamente convidados, cunha carta-tarxeta do estilo das que se fan para as vodas) coma se fora a celebración dun casamento, onde non pode faltar tampouco a música. Ás veces é preciso ata contratar unha carpa e a comida, polo grande número de asistentes. Os convidados levanlle ó matrimonio un agasallo en forma de cartos en metálico para a axuda da festa, parecido a un enlace matrimonial. É importante subliñar co matrimonio que colle o ramo, tanto o do Sacramento coma o da Nosa Señora, ten que facer o banquete-festa os dous anos, tanto no ano que recibe o ramo coma o co da. Mais a diferenza está en que o que recibe o ramo fai dous días de festa na casa, o domingo e o luns, e o ramista ademais diso celebra unha misa na igrexa o sábado de véspera e a continuación unha cea-festa na casa, ou sexa tres días de celebracións na súa propia casa.



Figs. 27 e 28. Famílias posando co ramo nas súas casas



Iste costume da festa do Sacramento tiña raigame nas parroquias de Caldas de Reis e zonas da comarca do Salnés, así coma outras áreas de Galicia, incluso sen ser na honra ó Sacramento podense ser para festexar outro santo os actos festivos organizados por un matrimonio ramista. En todo caso son celebracións que cada vez son máis localizadas e que se foron perdendo, pouco a pouco na maior parte das parroquias galegas onde había ese costume. O caso máis cercano foi o de Godos que fai dous anos que quedou sen matrimonios ramistas, por quedar sen eles ó apurala lista para adiante, o facelos varios anos, varios matrimonios á vez.

O ramo de Bemil, polas súas peculiaridades, xa chamara a atención do xornalista e grande etnógrafo ourensán Xose Ramón Fernandez y Oxea, máis coñecido polo pseudónimo de Ben-Cho-Shey, nun artigo na publicación científica a “Revista de Dialectología y tradiciones populares” (1961), a través da caldense Marina Cascallar :

“El ramo de la parroquia de Bemil, en la misma comarca de Caldas, lo hace el funcionista y lo tiene en la iglesia desde la víspera de la función que es el 8 de septiembre. Luego él es su portador en la procesión, y al finalizar esta se lo entrega a su sucesor, quien lo lleva a su casa. Al llegar se disparan bombas y hay convidada.

La base de este ramo es una gran rosca llamada Periquete, por ir trenzada como las trenzas de una mujer. Es de harina amasada con huevos y azúcar. Lleva además toda clase de frutas del tiempo y va adornada con ramajes, flores, caramelos, etc. Lo curioso de este ramo es que acostumbran ponerle en el remate una figura alusiva al apodo del funcionario que habrá de serlo el año siguiente.

Nos seguintes parágrafos imos centrarnos no aspecto máis histórico da celebración da Nosa Señora e o Sacramento, a través das antigas confrarías encargadas da súa organización. Para iso foi preciso investigar a documentación (Libros de Contas das Confrarías respectivas) existente sobre a parroquia de Bemil no Arquivo Diocesano de Santiago de Compostela; documentación na cal non atopei ningunha referencia de como era o ramo e o xeito e ritual de levalo naqueles tempos. Ademais, engadinlle un apartado adicado á historia da capela e fundación do San Antonio de Paradela do Monte.

1. A CONFRARÍA DO “SANTÍSIMO SACRAMENTO” DE SANTA MARÍA DE BEMIL

No Sínodo diocesano compostelano de 1559, e segundo as directrices da Contrarreforma católica iniciada no Concilio de Trento (1545-1563) coa fin de estender mellor os valores da fe, catequizar e controlar ideoloxicamente á poboación e ás festas, principalmente a rural, estableceuse a obrigatoriedade de que en cada parroquia do arcebispado de Santiago se creara unha confraría adicada ó Santísimo Sacramento. Estas confrarías terían o labor de organizar os actos da Semana Santa, as celebracións do Corpus Christi e de sufragar os gastos do aceite das lámpadas ou buxías, que deberían estar acesas as 24 horas do día no altar da Igrexa Parroquial; algo que suporía un importante gasto. A pesares da orde dada polo poder arcebispal santiagués, a creación destas confrarías terá en principio unha implantación pobre e paseniña nas parroquias. Non será ata as décadas de 1630/50, como ben investigou Domingo González Lopo, cando o seu número acada sobre un 32% das parroquias, para logo aumentar ó 86% pola década de 1750, e acadar o 94% das parroquias da arquidiocese santiaguesa cara o ano 1791. Como vemos será un proceso lento xa que, nun principio, non fora ben visto por moitos párrocos (daquela estaban aínda pouco formados) e fregueses, pero acabará sendo efectivo ó longo das décadas. Ó fronte destas confrarías, no que practicamente a conformaban tódolas casas da parroquia, estaba un maiordomo que era elexido anualmente, ou ben entre os confrades dacordo co cura ou sendo o cura directamente. Este maiordomo ou ramista, precursor dalgún xeito, aínda que con algunhas diferencias, do presidente da Comisión de Festas, era o encargado, coma no caso de Bemil, de correr cos gastos das misas, comidas dos curas, comida de celebración cos confrades, coro da misa, o gaiteiro, cera ou aceite para o día da función e o resto do ano; recadaba os cartos polas casas e facíase cargo das rendas da confraría. Unha parte importante dos gastos saían do seu peto ou incluso facíase cargo das débedas que deixaran os maiordomos anteriores, que senon pagaban poderían ser excomungados.

No caso da Confraría do Santísimo Sacramento de Bemil descoñezo exactamente a data da súa creación, dado que no se conserva o seu primeiro libro no Arquivo Diocesano de Santiago, polo que a primeira referencia

escrita que atopei dela data do ano 1766, aínda que esta sería bastante máis anterior, posiblemente xa existira a mediados do século XVII, xa que o libro ó que tiven acceso é unha continuidade dun libro anterior. Nese mesmo ano, como curiosidade, xa aparecen nos gastos das funcións o pago dun gaiteiro por 8 reais de vellón o día do Sacramento, que antigamente celebrábase o primeiro domingo despois do día 8 de setembro. Por poñer exemplos de gastos que tiña que asumir o mordomo ou maiordomo, esta última denominación en galego era a que máis se empregaba habitualmente no Libro de Contas, aínda que tamén había épocas onde se anotaba coma “mayordomo” ou incluso vicario. Nas contas do ano 1774 os curas sacerdotes, que asistiron ás misas de vésperas e o propio día do Sacramento, cobraron 42 reais, 10 reais a misa cantada, 12 reais o *músico gaitero*, 100 reais polas 50 misas rezadas que tiñan tódolos anos establecidas na fundación da Confraría, 38 reais ós curas que deron misa o Xoves e Venres Santo, o pago das misas por catorce irmáns cofrades mortos nese ano na parroquia ou 61 reais por 61 libras de cera, gastos estes últimos que eran compartidos, en moitas ocasións, coa Confraría de Nuestra Señora. Mentras que no apartado recaudatorio, o maiordomo xuntara 64 reais en esmolos.

O feito de ser mordomo do Sacramento implicaba facer un documento, con testemuños, perante o cura párroco, normalmente por abril ou marzo do ano seguinte ou coma lle coincidira, no cal rendía contas dos gastos e ingresos, tendo que facerse responsable de todo ou, coma xa dixemos, das contas pendentes dos mordomos precedentes, cousa que será moi normal na segunda metade do século XIX. Para ver como era un documento de rendición de contas do mordomo, válenos este do ano 1804:

“FRANCISCO BAIÓN

En la casa Rectoral de la parroquia de Santa María de Beemil (sic. podese atopar con dous “e” ou “v”) a siete días del mes de septiembre año de mil ochocientos y seis. el señor Dn Andrés Antonio Botana y Ulloa, cura rector de ella, continuando en la toma de cuentas en que se halla entendiendo, habiendo echo concurrir a su presencia a Francisco Baion Maiordomo que ha sido dela Cofradia del Santísimo Sacramento el año pasado de mil ochocientos y quatro, con asistencia del presente Notario Contador las rinde de con cargo y Data en la forma siguiente.

CARGO

En primer lugar se le hace cargo de doscientos setenta y quatro Rs (reais) con diez y ocho maravedís que percibió de sus antecesores – 274,18

Asi mismo es cargo, quatro cientos ochenta y un Rs de ocho ferrados de centeno a Diez Rs cada uno por los ocho hermanos cofrades que hubo en su año...481, 16.

tambien es cargo ochenta Rs de ocho ferrados de centeno á diez Rs cada uno por los ocho hermanos Cofrades Difuntos qe hubo en su año....80

Asienta este Maiordomo no haber juntado cosa alguna de Petitorios.

836.

Suma el cargo de este Maiordomo ochocientos treinta y sies Rs para los quales da por Descargo las partidas siguientes.

DATA

Es Data cien Rs que pagó por cincuenta misas a dos Rs cada una que en cada año tiene de Constitución esta cofradia...100.

Por igual orden es Data diez Rs del Señor Rector por el día dela función , y sus visperas.....10

tambien es Data quarenta y dos que pagó de derechos en las funciones de Jueves y Viernes santo...36

Asi mismo es Data doscientos quarenta y siete Rs por la Cera en Belas que trajo en su año, en fuerza de el recibo que escribió del Cerero Francisco Louzao vezino dela Ciudad de Santiago...247.

Y es data ocho Rs que pagó al presente Notario Contador, por la Liquidación y formación de estas quantas...008

455

Suma la Data de este Maiordomo quatrocientas cincuenta y cinco Rs, y siendo el cargo principal de ochocientos treinta y un Rs que ynmediatamente pagó, sin quedar debiendo por no saber firmar, lo executa a su ruego con el

Señor Rector un testigo de los muchos que son presentes, de todo ello y su conocimiento yo Notario doi fé.

Cargo 836

Data 499

Alcance 381

En 1809 a través de documentos parroquiais, e como veremos ó falar da Confraría da Nuestra Señora, a invasión francesa tivo bastante incidencia nesta zona – pretiño tivo lugar, o 27 de abril, a Batalla de Casaldeirigo, na cercana parroquia valguesa de Setecoros, onde tamén participaron veciños de Bemil - está recollido que as tropas napoleónicas fixeron estragos na parroquia, roubaron, causaron danos na Igrexa e asasinaron algúns dos seus veciños.

Nos anos seguintes non apreciamos novidades saliantables nas contas da Confraría, sendo unha sucesión de redencións de contas anuais polo maiordomo correspondente, con altos e baixos na recadación, que podería estar moi directamente ligada a como foran as colleitas e a venda de gando dese ano. O que si chama a atención é que hai un periodo entre as décadas 1820-1830 no que a música da gaita desaparece dos actos do Sacramento, o que nos dá pé a pensar, e coma está documentado noutras zonas de Galicia (Pegerto Saavedra,2007) , que había párrocos ou disposicións que viñan do arcebispado no que non vían ben que a música estivera mesturada dentro dunha celebración de carácter relixioso, porque iso conducía ó baile ou que os mozos e mozas se arrimasen demasiado actos considerados inmorais a ollos da Igrexa. Pero será a partires da década de 1840 cando voltará a aparecer en Bemil a figura do gaitieiro amenizando a festa do Sacramento. O seu “caché” estaba establecido en 20 reais, cantidade que se manterá inalterable incluso ata a década de 1880.

A partires das décadas 1850-1860 obsérvase que puido existir unha especie de perda de respecto e medo á Igrexa, tamén derivado da implantación en España dun sistema de goberno liberal e parlamentario, aínda que tamén caciñil que, dende mediados da década de 1830s – despois da morte do

monarca absolutista Fernando VII - está recortándolle moitos privilexios e poder á Igrexa, coa expropiación de moitos dos seus bens para ser subastados ; anulación do desmo e, polo tanto, de paso a Igrexa ,aínda que siga tendo moita influencia no rural, xa non terá ese capacidade de poder que tiña antes. Isto pode ser un dos motivos, xunto tamén a unha mala época de malas colleitas e fames que houbo en boa parte de Galicia a partires de 1852-53, o que fixo que se empecen a anotar unha chea de pufos, como se diría coloquialmente, por parte dos maiordomos do Sacramento. No libro da Confraría, principalmente a partir de 1861, recóllense xa os listados de maiordomos que deixaron pendentes de pagar parte dos gastos da función do Sacramento, como as misas da véspera e do día da festa onde estaban presentes 7 curas, e tamén os gasto do aceite da lámpara do altar, negándose moitos maiordomos, a pesar dos requirements do cura, a facerse cargo deses gastos. Mais como a influencia da Igrexa xa non é a mesma, estes xa non poden embargarlle os bens a un veciño, como se podía facer antes, e tampouco aparece recollido que foran excomulgados. As débedas vanse acumulando e outros mordomos tamén declaran que pagarían os gastos do seu ano, pero que non se farían cargo de pufos anteriores. Paralelamente a esta situación, os maiordomos non podían facer fronte ós gastos xa que había moitos veciños que non pagaban a cota anual de 3 reais. Tamén puidera ser que houbera un pouco de rebeldia dos veciños co cura párroco, que non estiveran a gusto con el e ó non pagar fora unha especie de acto para demostrar o seu rexeitamento, máis esto aínda que non aparece anotado intuese que algo desto puido suceder. Deste xeito, no 1876, relatábase cal era a situación da Confraría no seu libro de contas:

“...los mayordomos de esta Cofradia tienen por costumbre cobrar cada año 3 reales (seguian contando en reais,a pesares de que en 1869 xa se implantara a peseta) de cada hermano y como algunos de estos rehusan pagar, no se puede contar con una cantidad fija, resultando por consiguiente que ni los mayordomos correspondientes a los siete últimos años quieren dar cuentas ni el dinero llega para los gastos de cera, descontando cien reales de misas de fundación con más el importe de los sacerdotes que asisten a la función y otros gastos particulares, teniendo por necesidad que alumbrar al Santísimo Sacramento á cuenta del culto y además advirtiendole que los ciento cuarenta y seis reales y diez y siete maravedís de que resultan

deudores los mayordomos anteriores a esta última cuenta no quieran pagarlos, por decir no haber cobrado, por cuya razón no se le hizo cargo, según consta por las datas de un anual”.

Polo tanto, o Cura tiña que facerse cargo dos gastos e das débedas dos maiordomos ou ramistas, cos cartos que el xuntaba na Igrexa. Ante isto, para amañar o problema da negativa de afrontar os impagos dos maiordomos predecesores en 1878, dende o arcebispado de Santiago, acordan que en Bemil os maiordomos no paguen as débedas pendentes e que tampouco se lle carguen gastos a maiores, cando el non puido recadar os cartos suficientes pola negativa dalgún veciño de aportar a súa parte correspondente. A situación da recadación para o ramista foise deteriorando bastante. Se en 1876 non pagaban a cuota 11 casas de Follente, 13 de Outeiro e 6 de Paradela, en 1882 no libro reflíctese aínda máis o número de casas que debían un, dous ou tres anos: Follente 57, Outeiro 34 e Paradela do Monte 21 (na Canle en 1884 sumaránselle 2 casas). Aínda que despois algúns destes veciños pagarán ó final en forma de cera en vez de en metálico. Nesta década anotase que as misas do Sacramento tiñan 3 curas na véspera e 8 para día propio. Tamén vemos que en moitos anos os mesmo ramista ou maiordomo do Sacramento coincide co da Nosa Señora. Mais con esta situación de impagos chegamos ó ano 1886, no que ningún veciño quixo coller o ramo do Sacramento e tivo que ser o propio cura párroco, Victor Lago Blanco, o que tivo que facerse cargo das celebracións e *“pagar la música que concurre a la función 20 reales”* que tamén viña de véspera. Ó ano seguinte un veciño volve a coller o ramo conxuntamente co da Nosa Señora e logo a situación irase normalizando. De feito, en 1893, o maiordomo, que tamén era o mesmo para as dúas festas, anotaba de impagos a 3 veciños e veciñas de Paradela do Monte, 7 de Follente (das cales 4 eran mulleres, que serían viúvas ou cabeza de familia naquel momento, xa que estamos nun momento de moita emigración cara Arxentina e ó Uruguai), pero en cambio había 18 en Outeiro (das cales 6 son mulleres). Despois do ano 1895 non puiden obter máis datos directos desta Confraría, xa que o libro seguinte que ten anotacións que acaba no ano 1934, data que creo que se puido disolver esta institución como tal - en tempos da II República, no que o poder da Igrexa quedou moi minguado, non tanto a súa influencia na sociedade rural, e porque en xeral as Confrarías funcionaban por si mesmas e non tiñan dependencia das dióceses -, ten

rexistrinxido o seu acceso. Pero a pesar diso, a celebración seguiu igual celebrando, como se na práctica houbera Confraría, coma en moitas parroquias de Caldas de Reis e das comarca do Salnés e O Ullán. O que si atopei en relación á festa do Sacramento e esta referencia interesante no xornal “El Compostelano” (2-9-1931):

“Para la solenne función sacramental que el domingo 13 del corriente se celebrará en la Iglesia Parroquial de Santa María de Bemil (Caldas de Reyes), ha sido contratada la orquesta Castiñeiras (era de Santiago, especializada en música relixiosa), en la cual, además de un excelente bajo, forma en ella parte el tenor (exclusivo de la orquesta), señor Uzal”.

2. A CONFRARÍA DE “NUESTRA SEÑORA DE LA CONCEPCIÓN”

Se a Confraría do Sacramento, coma dicíamos, era obrigatoria a súa existencia nas parroquia, a de Nuestra Señora, que por outra banda é patrona desta parroquia, e outros santos era algo máis ben opcional e viña segundo a devoción que se lle tivera a un determinado santo/a por iniciativa dun cura ou dos veciños para organizarlle as misas e os actos festivos. En Bemil, ó igual que nos acontece ca Confraría do Sacramento, non sabemos exactamente a súa fundación, dado que o primeiro libro de contas que se conserva, con acceso ós investigadores, empeza no ano 1780. A Confraría facía a celebración o día 8 de setembro, un dos días no que máis romarias se celebran en Galicia, xa que se conmemora o nacemento da Virxe María. Sen embargo actualmente a función da Nosa Señora é o primeiro domingo de setembro, cambiándose a súa data orixinal na década de 1990 debido os problemas de compatibilizar a celebración da festa coa vida diaria normal do traballo do matrimonio e os convidados, cando o día 8 caía en día laborable no medio da semana, problema que non habería tanto ata principios do S XX cando os veciños non estaban suxeitos a un horario laboral das empresas e cada familia tiña a súa actividade principal de traballo no campo.

Da festa e dos gastos de todo ano tamén se encargaba un ramista ou maiordomo anual, que ás veces tamén coincidía co mesmo que o do

Sacramento, habendo anos no que as dúas Confrarías compraban conxuntamente a cera e compartían os gastos dos seus portes dende o cereiro, aínda que Nuestra Señora dispoñía de máis cartos para ela que a do Sacramento. Tamén había un gaiteiro, que por exemplo en 1781 cobraba 12 reais, cando no Sacramento eran 8 reais. Non sabemos tamén si era porque contrataban para a función un músico de máis prestixio. A Confraría tiñan instituídas 50 misas rezadas anuais e misas polos cofrades mortos, percibindo o cura o valor de mercado dun ferrado de centeo por cada un destes funerais. Para as misas do 8 de setembro e a véspera, en 1801, o maiordomo pagou 36 reais polos 6 curas presentes nas funcións.

Como explicaba antes a presenza francesa durante a Guerra da Independencia causou moito mal en Bemil, e desto quedou constancia no libro de contas da Confraría do ano 1809, no que o maiordomo declarou mercar 248 reais en velas ó cereiro Juan Barco Rial de Vilagarcía de Arousa *“ para la Iglesia Parroquial, teniendo en consideración el mucho consumo de ella (cera), demandado de las muchas funciones fúnebres de los hermanos cofrades Difuntos y otros de sus casas, ya que se puso manifiesto el Santísimo Sacramento en tres ocasiones, con justo motivo de rogatiba, como también por hallarse en esta parroquia residentes en ella varios Religiosos fugitivos a los franceses, cuyos religiosos decían misa en la Iglesia de esta parroquia ”.*

A xeito de resumo, dicir que a información para esta Confraría acábasenos no ano 1895. O seguinte libro vai ata a que creo que foi o ano da súa disolución, en 1935 durante a II República (ó igual ca do Sacramento), está en moi mal estado de conservación e non é posible a súa consulta.

Nun artigo publicado no xornal vigués “El Pueblo Gallego” (14-8-1956), Marina Cascallar, a muller do historiador Hipólito de Saá (soterrado nesta parroquia), escribía sobre as tradicións festivas – coma o ramo - e gastronómicas na terra de Caldas, e na que tamén nomeaba a Bemil no día da Nosa Señora e o San Xusto, festa esta última que se celebra a finais de agosto e cuíalas reliquias se conservan na Igrexa Parroquial:

“Un sello típico y localista tiénenlo su pan en su forma de “fanchucos” y “moletes”, así como las empanadas y los tradicionales “roscones”, de factura distinta a la conocida “rosca” y “bizcochón”, y que son, con queso y vino

blanco, el postre obrigado en los días de fiesta y bodas de nuestras aldeas. Distinto el pan de fiesta, elaborado con trigo del país y gramado con manteca, y que no falta en ninguna casa durante las fiestas de la aldea o lugar, en unión del cordero, cabrito o cabra asados, según las posibilidades de cada uno. Plato obrigado en fiestas que se requiere, sobre todo, que la gente quede satisfecha hasta la saciedad, son los callos, que se sirven de primer plato de carne, entre los que no falta el cocido con sus tres clases de carne, chorizos, jamón, garbanzos, repollo y patatas.

El justificante de estas expansiones gastronómicas está vinculado a las fiestas religiosas, que tradicionalmente se celebran en todas las aldeas, después del patrón o patrona. Sacramento, San Roque, San Antonio y el Carmen no faltan en ningún calendario de fiestas, además de algunas propias de cada aldea. San Eleuterio, en Carracedo; San Justo y Nuestra Señora, en Bemil; el Cristo, Las Nieves y San Ramón, en Sayar; la Candelaria y el Rosario, en Godos; Peña de Agua en San Andrés; Santa Rita, en San Clemente, y los Dolores, en Arcos. Ya en Portas la típica romería de San Benito de Lantaño, como los Milagros y Santa Justa en Moraña. Fiestas hay, que dicen cargadas, y es obligación de “cogerlas” un matrimonio o familia, a cuyo cargo corre la celebración, y al funcionista compete llevar el ramo, si lo hay, o si no el guión del Santo en la procesión, ocupando lugar preferente en la iglesia durante la función religiosa”.

3. A CONFRARÍA / FUNDACIÓN DE SAN ANTONIO DE PARADELA DO MONTE

Na aldea de Paradela do Monte, posiblemente para que os veciños puideran oír misa sen desprazarse a Igrexa Parroquial - distante a uns 3 kms-, coma pasaba en moitas parroquias galegas, un veciño que debeu facer certa fortuna en Sanlúcar de Barrameda (Cádiz), chamado Gregorio Trigo, decide fundar, no ano 1673, unha capela na honra do Santo Antonio de Lisboa (ou tamén coñecido de Padua). Esta advocación estaba bastante de moda naquel momento, axudado polos Padres Franciscanos do cercano convento de Herbón (Padrón) que se interesaron en espallar o culto a este santo. Dikir que Sanlúcar de Barrameda, situado na desembocadura do río Guadalquivir,

era un próspero porto comercial que actuaba de porto exterior de Sevilla, cidade que tiña o privilexio do control do comercio cas colonias españolas en América, e será un punto, como logo será Cádiz, onde emigren algúns galegos na procura de traballo e incluso ca fin de xuntar un capital para logo emprender unha “aventura” en América.

7



Fig. 29. Fotografía da capela de Paradela tomada polo autor en agosto de 2017.



Fig. 30. Detalle da cartografía 1:25.000 coa denominación de Santo Antonio.

Gregorio Trigo dota a capela dunha renda anual, que logo iría aumentando, a base de cereais (millo, trigo, centeo, millo miudo), para o seu mantemento e será un maiordomo/mordomo/ramista elexido anualmente o día da festa

(aínda que nestes primeiros tempos, hainos que repiten varios anos e ademais incluso chegar a ser de parroquias cercanas) o que se encargue de afrontar esa renda, segundo o valor de mercado de cereais. No libro de contas desta fundación - que se conserva no Arquivo Diocesano-, non será a partires do ano 1683 cando aparece o primeiro maiordomo. En 1690 a renda da Capela era de 8 ferrados de centeo (30 reais), 7 ferrados de millo miúdo (10 reais) e 10 ferrados de millo (33 reais), cereal este último que se comezara a introducir no litoral pontevedrés a principios do S XVII e que irá substituíndo o trigo e ó millo miúdo. En 1699, tamén como curiosidade, súmaselle coma renda a corta de 3 carballos, que tiñan un valor de real e medio.

O mordomo para facer fronte tamén ás celebracións do San Antonio /San Antón (13 de xuño), ademais das esmolos das misas, temos en 1705 a primeira mención de que foi xuntar cartos pedindo polas portas das casas (reunira 20 reais), como calqueira comisión de festas da actualidade. Ó igual que nas outras dúas Confrarías de Bemil, aquí o maiordomo ten tamén que render contas anuais ante os veciños e o cura, e de non facelo tería sancións, embargos e incluso hai algún ultimátum que senon paga en 15 días, tería a pena de “descomunión”.

A Capela, que dende que se construiu, sufriría reformas e melloras ó longo dos anos. Entre 1709-10 invertíronse na capela 854 reais co seguinte desglose: 360 rs. para o pintor do retablo do santo; 236 rs para o canteiro (*pedrero*) que enlousou o chan, fixo o campanario con dúas cruces de pedra (unha enriba do campanario e outra enriba da parede da capela maior); 11.50 rs para retellar e 8 reais para unha campaniña nova. En 1759 reformase o coro da capela e fíxose unha bóveda de cantería que custou 923 reais, destinándose logo 1.423 reais para retellar, poñer madeiras novas e arranxar arcos. En 1762 encalouse a capela por 74 reais. En 1763 colocáronse as dúas cruces de cantería do adro, “*para andar*” o vía crucis, por 65 rs.

En 1809 a capela sofre o saqueo por parte das tropas de Napoleón, tal como se recolle no libro de Contas: “*Los franceses robaron la capilla del Glorioso Santo se llebaron el cáliz que tenia la capilla, una Alba y las coronas de plata que habia en dicha capilla*”.

Sobre outros aspectos da celebración do San Antonio de Paradela, sabemos que en 1712 xa se menciona a función da misa cantada con coro, que custara 8 reais, realizándose nos anos posteriores 3 misas cantadas a 6 reais cada unha, ou que no ano 1801 é a primeira vez que atopei coma gasto de 10 reais a actuación dun gaiteiro.

Outros aspectos sobre o mantemento e a historia desta fundación queda por coñecer, xa que moita documentación que hai sobre ela no Arquivo Diocesano non se pode consultar por mor do seu mal estado de conservación, e como moito a nosa pesquisa puido chegar ata o ano 1860.

A celebración do San Antonio, o día 13 de xuño, ata fai uns poucos anos, corria a cargo dun matrimonio e había poxas de uñas de porco, mais agora os gastos dos festexos, foguetes e gaiteiros, corre a cargo do conxunto dos veciños de Paradela.

Como feito chamativo esta capela de Paradela coñécese pola da Virxe do Bo Consello e non pola de San Antonio, incluso na súa honra celébrase unha misa o domingo de Pentecostes. Este feito ben puidera que ver a que no lugar onde se edificou en 1673 esta capela, fixeráse sobre os restos doutra máis antiga ou sobre un lugar de culto a esta Virxe, perdurando a antiga denominación sobre a nova, a pesares de que na documentación parroquial aquí nomeada e consultada non hai unha soa mención a esta advocación nin a un templo anterior, sen embargo, como se ve na imaxe, hai unhas marcas sospeitosas na parte da entrada da capela, como se houbera unha edificación máis pequena ou porta de arco grande, que puidera ser a marca da primitiva capela do San Antonio de 1673, dado que tivo algunhas reformas coma vimos, ou doutro templo anterior. Mais o curioso, e aí poderíamos ter algunha pista, ou non, e que na esquina suroeste do muro de pedra de contención do adro da capela, existe un bloque de pedra unhas inscricións, non moi lexibles, que un epigrafista podería sacar máis luz sobre o que significan e de onde poderían proceder (marca dun canteiro, marco dunha propiedade, antiga edificación, ...).



Fig. 31. Detalle das modificacións da estrutura da capela. Fotografía tomada polo autor en agosto de 2018.



Figs. 32 e 33. Inscripción nunha pedra na esquina Suroeste do muro do adro da capela

4. CONSIDERACIÓNS FINAIS

Aínda cos tempos van mudando, transformando ou fan desaparecer tradicións, esperemos ca da festa do ramo de Bemil, así coma das poucas parroquias galegas que aínda a conservan, poidan perdurar, porque crenzas relixiosas aparte, son un bo elemento de cohesión, cooperación e de correlación entre os veciños dunha aldea ou parroquia, que axuda a reafirmar e protexer a súa identidade como grupo humano que forma a parroquia, nestes tempos de cada vez máis aillacionismo do individuo ou familias do mundo urbán, ó facer cunha parte importante deles participen neste acto, que máis que relixioso e de carácter social. Aínda que tamén haberá algúns co mellor non lles faga gracias participar nestes actos dos que dou aquí conta, polo traballo e gastos importantes que lle ocasiona a unha familia. En todo caso hai que recoñecer e saliantar cos veciños de Bemil, ademais de conservar de sentir tan vivo a celebración do ramo, querían ir máis alo para por en valor (esa frase que se puxo tanto de moda no mundo do patrimonio galego) este costume, patrocinando esta investigación para tentar procurar datos do seu pasado, dos precedentes dos seus últimos séculos e para que quede constancia escrita e por imaxes, para as vindeiras xeracións, de como se celebraba a festa do ramo do Sacramento e da Nosa Señora no noso presente tempo, coa esperanza de que non teñan que botar man dela so para recordar ou falar dunha curiosidade do pasado da súa parroquia, e si a empreguen no futuro para ollar como se modificou ou que permaneceu deste costume que levaban a cabo seus pais, avos e outros antepasados.....e que eles seguen conservando,dun xeito ou doutro.

Nota: A maior parte das imaxes aquí empregadas son gracias ás aportacións dos veciños de Bemil. Moitas están sen datar, por descoñecela data exacta.

5. BIBLIOGRAFIA DE APOIO

- Fernando Oxea, J. R. (1961). "Ramos procesionales y Mayordomos". *Revista de Dialectología y Tradiciones populares*. Cuadernos 1º y 2º. Madrid.
- Gonzalez Lopo, D. (2013). "La Cofradías en la formación religiosa y el control festivo en las parroquias de Galicia y el Norte de Portugal en la época Moderna". *Revista Obradoiro de Historia Moderna*. N º 22.

- Lisón de Tolosana, C. (1979). *Antropología Cultural de Galicia*.
- Risco, V. (1962). *A Etnografía. Historia de Galiza*. Volume I.
- Saavedra, P. (2007). *“A Cultura Popular, os Libros e a Ilustración”*. *A Gran Historia de Galicia*. A Galicia do Antigo Réxime (ca.1480-ca. 1835). Política e Cultura. Tomo VIII.
- Seijas Llerena, D. (2015). *Industria, Comercio, Transportes no Norte da Provincia de Pontevedra, entre as décadas de 1850 e 1950”*. Tese de doutoramento, Universidade de Santiago, 2015.

AS RELIQUIAS DA PARROQUIA DE SANTA MARÍA DE BEMIL E O LIBRO DE SAN XUSTO

AUTORES: Elena Cabrejas e Jesús González Crespo

Neste capítulo farase referencia ás reliquias da parroquia de Santa María de Bemil, concretamente ás de San Xusto e á da Nosa Señora, e presentarase una transcripción do coñecido como *libro de San Xusto*, así como unha valoración destes elementos.

1. RELIQUIAS, RELICARIOS E VENERACIÓN

Segundo información dos veciños, e concretamente polo testemuño aportado por D. Jesús González Crespo nado no lugar de Follente e coautor deste traballo, na parroquia de Santa María de Bemil hai dúas reliquias importantes: unha, a de San Xusto Mártir e outra, a da Nosa Señora. A primeira, contida nunha especie de pequena custodia de prata, se corresponde cun anaco de óso do mártir, parece ser que do cráneo. Esta reliquia colocábase na mesa do altar durante a celebración da misa solemne o último domingo de agosto e logo da misa sacábase en procesión, portada polo párroco oficiante, quen ao remate a daba a bicar á xente.

No anverso do relicario pode verse un fragmento de óso, e no reverso presenta unha cartela na que pode lerse: “*Reliquia Sacada del Cuerpo de S. Justo Martir. y del cráneo*” e dous lacres co seguinte gravado “*S. JUSTI M.*”



Fig. 1. Relicario co óso de mártir San Xusto



Fig. 2 e 3. Detalles do anverso e reverso do relicario de San Xusto.

En realidade son alomenos dúas as reliquias deste mártir. Había tamén un vaso tinguido co sangue do santo, do que máis adiante veremos referencias na trascripción, que pensamos que podería ser o elemento contido nun relicario de metal con pé de madeira que se sitúa aos pés da imaxe do San Xusto. Pero ademais destas, durante a restauración do retablo do altar maior no ano 1.998, procedeuse tamén á restauración da imaxe e ropaxes do santo. A empresa executora, ESTEO Técnica na Conservación e Restauración S.L., di o seguinte no seu informe: *“Acubillada á súa espalda unha reliquia en caixa de chumbo lacrada (quedan marcas do lacre) na que se marca “SAN XUSTO” e outra caixiña tamén lacrada, en forma de cono truncado incrustada na testa onde se podía ler “CRANEO””*.



Fig. 4 e 5. Imaxe de San Xusto e posible relicario co vaso tinguido co sangue do mártir.

Outro relicario importante é o da Nosa Señora, tamén en forma de pequena custodia de prata e prata dourada, que do mesmo xeito se poñía sobre o altar o día da festa correspondente, levábase en procesión e ao remate dábbase a bicar á xente. Aínda que o cristal presenta unha capa saturada que non permite visualizar o interior con nitidez, no anverso figuran dous espazos enmarcados, tal vez dúas reliquias, sendo aparentemente o contido do espazo superior uns fíos. Aparecen tamén catro cartelas, dúas que parecen corresponder ao espazo superior e dúas ao inferior. Respecto á lectura das cartelas do primeiro espazo, a cartela superior está composta por dúas palabras, a primeira delas ilexible pero na segunda aparece claramente a palabra “Velo”; na cartela inferior hai de novo unha primeira



palabra que comeza pola letra “B” pero que resulta ilexible, seguida das iniciais “V. M” que poden referirse á Virxe María. Poderíamos pensar logo que a reliquia correspóndese cun fragmento, tal vez uns fíos, do velo da Virxe. En canto ao espazo inferior, a cartela superior componse de dúas palabras sendo a segunda delas “Pallio”, mentres a cartela inferior casi nin se ve e resulta imposible ler o seu texto intuindo únicamente un “S” inicial. O reverso do relicario contén un cordel con lacre. Outro dato curioso é o da inscrición entorno á base do pé que parece corresponderse coa referencia ao donante².

Fig. 6. Relicario da Nosa Señora

² A interpretación que facemos das abreviaturas que compoñen o nome do posible donante é D. Juan Antonio Rei i Savedra.



Fig. 7 e 8. Detalles do anverso e reseruo.



Fig. 9 e 10. Detalles das catro cartelas.

Á marxe das reliquias, aínda que íntimamente relacionado co ceremonial da súa veneración, non hai que esquecer un interesante enclave de patrimonio natural e valor cultural inmaterial. A denominada Carballeira de San Xusto, colindante á igrexa parroquial, leva o seu nome coma honra a este santo e xoga ou xogaba un papel determinante na celebración desta festividade. Segundo figura no libro de Rodríguez Dacal sobre árbores e arboredas históricas (Rodríguez Dacal, C. 2002) celebrábanse dúas romarías ao ano como conmemoración á chegada das reliquias: o primeiro domingo de maio e o domingo seguinte ao 15 de agosto, festividade da patroa Santa María. Parece que dende finais da década de 1.980 a romería trasladouse ao último domingo de agosto. Este autor chega a afirmar: “*Un día especialmente*

señalado para los parroquianos y, en general, para todos los caldenses, que concurren masivamente a la fiesta que tiene a la carballeira como salón de actos". Cita tamén un texto mecanografado de Máximo Sar que di o seguinte: *"El día más importante es el de agosto. Actualmente, se celebra una misa solemne, a la que acuden multitud de romeros que, seguidamente, acompañan al relicario, que contiene un huesecillo del santo, y que sale en procesión alrededor del atrio. En algún tiempo, los romeros comían en la Carballeira de San Xusto, inmediata a la iglesia".* Ademais, a Carballeira de San Xusto desempeña tamén un papel importante nas celebracións da Festa do Ramo xa que, segundo contan as irmás Socorro e Herminda Rodríguez Fojo, á saída da misa do Ramo a xente e os músicos trasladábanse á carballeira para o baile das 12 h dando comezo á parte máis laica da celebración.

Actualmente non se mantén esta tradición de culto ás reliquias e protagonismo en actos solemnes, e hai xa uns anos que os relicarios, ao igual que outros obxectos de valor, permanecen gardados en diferentes casas particulares para protexelos dos roubos sufridos na igrexa, segundo nos informou o cura párroco Don Manuel Carreira. Éste contounos tamén que as reliquias xa non son veneradas como antano, nen situadas no altar e sacadas en procesión, porque considera máis oportuno non igualalas en solemnidade ao Santísimo Sacramento. Agora ben, este feito non resta importancia á devoción manifesta que na parroquia se sigue mantendo ao San Xusto.

Outro elemento importante e relacionado coas reliquias de Bemil é o coñecido como *libro de San Xusto*. Respecto a esta obra, que trataremos a continuación, dicir primeiramente que foi trasladada por motivos de conservación e seguridade ao Arquivo Histórico Diocesano de Santiago de Compostela, onde actualmente se atopa³. Esta obra non é una biografía de San Xusto nen un relato do seu martirio. Trátase máis ben dun acta do procedemento mediante o que se ratifica a lexitimidade e integridade da caixa portadora das reliquias de San Xusto, traídas dende Roma polo presbítero D. Benedicto Antonio Lourido Pibo, a petición do cura párroco de Santa María de Bemil D. Andrés Botana Ulloa. Este último, entrega ao arcebispo de Santiago, Rafael de Vélez, un escrito firmado e selado polo custodio do relicario en Roma e solicita a exposición e veneración pública das reliquias na parroquia de Bemil, o que deriva na creación dunha comisión que certifique e de fe da lexitimidade da citada caixa, proceda á súa apertura no interior da igrexa parroquial e ao rexistro das declaracións das testemuñas presentes. Actúan baixo xuramento como comisario D. Vicente Miranda Villamayor, párroco de Santo Tomás de Caldas de Reis, e como secretario D. Joaquín Gutiérrez Piñeiro, párroco de Portas, por petición do arcebispo de Santiago quen certifica a 16 de abril de 1.832, ademais de conceder oitenta días de indulxencias aos fieis que recen ante o osario do mártir San Xusto.

³ Segundo información do propio Arquivo o libro chegou en bastante mal estado de conservación e non ten portada. Nos fondos deste mesmo arquivo atópanse tamén os libros de rexistro da parroquia de Santa María de Bemil que inclúen os bautizos dende o ano 1.657 ata 1.909, os casamentos dende 1.653 ata 1.950 e os funerais dende 1.653 ata 1.918.

2. TRANSCRIPCIÓN DO HISTORIAL DE SAN XUSTO MÁRTIR

A continuación, preséntase a transcripción do libro de San Xusto Mártir da parroquia de Santa María de Bemil, realizada por D. Jesús González Crespo previamente ao traslado do libro ao Arquivo Histórico Diocesano de Santiago. Faltan alomenos dúas páxinas do libro por transcribir debido ao seu mal estado de conservación xa naquel momento e a que o manuscrito era practicamente ilexible. Actualmente o orixinal non pode ser consultado nin fotografiado debido ao seu mal estado, polo que esta transcripción é o único traballo que nos deixa constancia do seu contido.

HISTORIAL DE SAN: JUSTO MARTIR BEMIL.

VIDA – DE – SAN – JUSTO⁴

MARTIR.

Natural de Roma, hijo de padres gentiles, y el educatus, en gintesidad y sirviendo en el ejército, del emperador numeriano⁵, se le apareció la cruz del salvador y de toda la idolatría, pidió el sagrado bautismo, después de instruido, se lo administraron, y distribuyó sus bienes a los pobres, y

⁴ Non sabemos de qué San Xusto se trata. O único que sabemos máis ou menos con certeza é que era membro do exército romano e que foi condenado á fogueira por converterse ao cristianismo morrendo no ano 283 ou pouco antes. O tribuno Claudio (logo tamén mártir e santo) tivo relación co seu apresamento e tortura e parece que ata certo punto as historias destes dous personaxes se entrecruzan e confunden.

⁵ O emperador romano Marco Aurelio Numerio Numeriano gobernou entre os anos 282 e 284.

sabiéndolo el pretesto⁶ Claudio Tribuno⁷, le encarcela y manda, que se le ponga un munión de fuego, al que no le ofendió ni a un pelo.

Le manda azotar con verbios furiosamente, en este tiempo sucedió el martirio de Crisanto y Daria⁸, y por el acoso del león que defendió, a Daria, como se puede ver en la consumación, de Mecisantes Mártires, confesó Claudio Tribuno, que la religión de los cristianos era verdadera, y sabiéndolo el emperador, manda hecharlo al Tiber. Sucedió el mencioso, perfecto de Roma y mandó echar a Justo en una hoguera de fuego.

Salió libre de las llamas, y sin lesión alguna, lleno de rábia mandó degollarlo, y concluyó su martirio y sepultado por los cristianos, en el cementerio de San Hipólito y por mandato del papa Pío XI⁹ mandó sacar las sagradas reliquias, del sepulcro. Via Fiburnina¹⁰, y por petición de Don Andrés Botana Ulloa cura párroco de Santa María de Bemil arzobispo de Santiago de Galicia le concedió, su Santidad el papa Gregorio XVI¹¹. La gracia del cuerpo del Santo, colocado en la sala parroquial y conducido, desde Roma por Don Benedicto Antonio Lourido Pibo.

⁶ Refírese ao “prefecto”, oficial do Imperio romano con atribucións tanto civís como militares.

⁷ Convertido en San Claudio “Tribuno”, a súa celebración é o 3 de decembro. O grupo de mártires composto por Claudio, un tribuno militar, a súa muller Hilaria, os seus dous fillos Jasón e Mauro e un grupo de setenta soldados, forman parte da lenda dos santos Crisanto e Daría. Segunda a lenda, San Claudio foi o tribuno que se converteu ao ver a constancia coa que Santo Crisanto e Santa Daría soportaban os tormentos. Claudio “Tribuno” foi arroxado ao río Tíber cunha pedra atada ao pescozo por orde do emperador Numeriano, os seus fillos foron decapitados e Hilaria foi encarcerada por soterrar aos seus fillos e morreu no cárcere.

⁸ Crisanto e Daría foron martirizados entorno ao ano 283.

⁹ Ten que haber un erro porque Pío XI foi papa da Igrexa Católica entre os anos 1.922 e 1939. Posiblemente o texto se refire a Pío VII ou a Pío VIII que son papas a comezos do século XIX.

¹⁰ Refírese ao cemiterio situado na Vía Tiburtina, en Roma.

¹¹ Gregorio XVI foi papa da Igrexa Católica entre 1.831 e 1.846.

FECHA – 16 – DE – ABRIL – DE – 1832

NOS – D. FR. – RAFAEL – DE – VELEZ

Por la gracia de Dios, y de la Santa sede Apostólica Arzobispo de la Santa Apostólica metropolitana iglesia de Santiago, caballero de gran cruz de la real distinguida orden Española de Carlos III del consejo de S.M. Su capellán mayor juez ordinario de su Real capilla. Casa y corte, notario mayor de el Reino de León.

T en su ausencia en Sta visita de los gobernadores del arzobispado: D. Fermín Álvarez y D. Diego Mosquera, conónigos de esta Santa iglesia.

Habiéndonos expuesto – Don – Andres Botana Ulloa. Cura párroco de Santa María de Bemil, que desea poner a veneración pública el hosario del glosario mártir San Justo y un vaso tiñido con su sangre, que donó a este fin el excelentísimo Sr Cardenal de Zur¹², la patriarca de constantinopla Vicano general, de la curia Romana, y condujo desde Roma Don Benedicto Antonio Lourido Pibo.

Cerrado todo y sellado, en una caja de madera cubierta con papel pintado con la correspondiente, auténtica que nos presentó:

Nos en vista de dicha patente expedida, en Roma el día: 18 de Abril del mismo año pasando escritura de impreso, y manuscrito firmada con dos

¹² Todo indica que se trata de Giacinto Placido Zurla (1.769- 1.843) tamén coñecido como o Cardenal Zurla, Vicario de Roma, escritor de xeografía medieval e lector de filosofía e teoloxía, nacido en Legnano, un municipio do norte de Italia próximo a Milán. Aos 18 anos entrou no mosteiro de San Miguel de Murano en Venecia, onde entablou estreita amizade cun xoven monxe da súa idade, Mauro Cappellari (máis tarde Gregorio XVI). En 1.809 foille concedido a Zurla o título de abade, pero foi tamén rector da universidade, e Cappellari lector de filosofía. No 1.821 viaxou a Roma e foi nombrado por Pío VII consultor de varias congregacións e prefecto de estudos no *Collegio Urbano*. Nese mesmo ano recibiu o capelo de cardenal e ao ano seguinte o arzobispado titular de Edesa. Foi o Cardenal Vicario de León XII e dos seus dous sucesores (Pío VIII e Gregorio XVI), e tomou parte na organización do seminario romano, a reforma dos tribunais criminais, a delimitación das parroquias romanas e os asuntos das moitas congregacións das que era membro. Fonte: *Enciclopedia Católica*, que á súa vez recolle parte do texto da obra *Sanseverino, Notizie sulla vita e le opere di Placido Zurla* (Milan, 1.857).

sellos y molde referendada por el custodio del sagrado Relicario, y contándonos la legitimidad, de dicha auténtica no pudiendo por nos pasar a la parroquia de Bemil para hacer el cortejo¹³, de la patente con la caja y la apertura de esta.

Acordamos en ese pedir la presente por la cultad en forma comisión y facultad en forma al Doctor en teología. Don Vicente Miranda Villa mayor para que acompañado de otro párroco les sirva de secretario en el particular.

.....

AUTO

Mediante de los componentes hechos y declaraciones, de los testigos, resulta que la caja que presenta el actual cura de Santa María de Bemil, no pudo ser habierta, y que combine con todas sus señales, que la auténtica protestad.

El Señor comisario, proceder a la opertura de dicha caja, y más que haya lugar, y firma el Señor comisario y de todo yo secretario doy fe

Firmo y certifico / comisario Don – Vicente

Miranda – Villamavor – Párroco de – Santo – Tomas – de – caldas.

Scretario – Don – Joaquin – Gutierrez – Piñeiro párroco – de – Portas.

.....

CONFRONTE – Y – CERTIFICACIÓN

En la parroquia de Santa Maria de Bemil a 25 de mayo de 1832.

Por ante mi, el infraescrito secretario. El señor comisionado, habiéndosele puesto de manifiesto, una caja por Don Andres Botana Ulloa, cura párroco

¹³ Refírese ao “cotejo”, á comprobación.

de Santa María de Bemil, que expresó sin ser la misma que se le había entregado por el presbítero, Don Benedicto Antonio Lourido Pibo. En la que se contenía el hosario del mártir San Justo, y un vaso teñido con su sangre. Pasó a formalizar, el confronte que se le previene, entre la auténtica que original tubo presente, y la citada caja, y en su consecuencia, cretifica que esta se distingue, por la parte inferior, que su material es de madera de hayas.

Pues lo resultante, sea ya enteramente cubierta, de papel pintado, que está bien cerrada y cubierta de papel pintado cruzada con una cinta de seda encarnada, de una pulgada¹⁴ de ancho, marcada con líneas, selladas en lacre encarnado idénticos, al que autoriza la auténtica, de los cuales, los cuatro aparecen en la de abajo. Que el largo de la caja es de dos cuartos¹⁵ y media, el ancho es de diez pulgadas y media y el alto, es de ocho pulgadas y media, que en su tapa, está pegada una papeleta, cuadrilonga, de tres pulgadas y media de ancho en la cual se lee un letrero que dice: (CORPUS – SANTI – JUSTI – MARTIRIS)

Que no pudo ser habierta sin romperse, para el efecto, la cinta y sellos, los cuales se hallan, sin la menor lesión. Ygualmente que la cinta, resultando, de todo lo que la citada caja, combiene en todas sus señales, con la auténtica firma del Señor comisario, de que yo confirmo:

Comisario – Don Vicente Miranda Villamayor y secretario Don Joaquín:

Gutierrez Piñeiro.

.....

¹⁴ Unha pulgada é unha unidade de lonxitude antropométrica que equivale a uns 23,22 milímetros. Deixouse de empregar no século XIX cando se introduciu o sistema métrico decimal.

¹⁵ Supoñemos que o cuarto é o tamén chamado cuarta ou palmo o cal equivaldría a uns 20 cm. Deste xeito a caixa mediría uns 50 cm de largo, uns 24 cm de ancho e uns 19 cm de alto.

NOMBRAMIENTO - DE – TESTIGOS

Resultando como resulta del cotejo anterior, que la expresada caja no pudo ser habierta, y que sus señales, convienen son las de la auténtica, llamarse a los señores eclesiásticos: Don Andres Ignacio Rial. Don Jose Benito Silva y Don Juan Antonio Dominguez.

Y mediante no haber, otro en la parroquia, como que se ha licenciado: Don Ramón Sancho. Para que así reunidos formen igual reconocimiento, al anterior, que de hecho declaran, lo que les ofrezca: Santa María de Bemil a 25 de Mayo de 1832.

PRESENTACIÓN – Y - JURA –DE – LOS – TESTIGOS:

En dicha parroquia, y fecha citada. Comparecieron presentes ante el señor comisionado: Don Andres Ignacio Rial – Don – José Benito Silva – Don Juan – Antonio Dominguez - y el licenciado – Don Ramón Sancho – a quienes, por ante mi tomó juramento, de obrar con fidelidad y les hizo servir, el contenido de su comisión, a fin de que formalizasen el cortejo, de señales entre cajón y la auténtica que les puso de manifiesto, para que de hecho prestasen, su declaración, y expusiesen lo que les exprese, todo ello, en sus personas, que yo secretario.

Cretifico.

APERTURA – Y – MANIFESTACIÓN

Enseguida el señor comisario, colocado en la iglesia parroquial, de Santa María de Bemil en la parte izquierda de su altar mayor, por ante mi secretario y testigos: Se abrió la citada caja. Con el respeto, y veneración debidas, manifestando la Sagrada Reliquia, a la Veneración pública, la cual

verificando, la volvió a cerrar, con la patente comisión, y obrado, después de haber franqueado, y entregarlo, al Don Andres Botana Ulloa.

De todo yo doy fe y certifico. Don Joaquin Gutierrez Piñeiro Párroco de Portas.

AUTO – ANTERIORMENTE

En la villa de Santo Tomás, de Caldas de Reyes – a – 24 – de Mayo de 1832. El Don Vicente Miranda, a fin de dar cumplimiento, a la comisión. Que antecede, a los señores gobernadores, de este arzobispado, en ausencia del, excelentísimo Señor arzobispo, previniéndole, que para el confronte, y apertura de la caja, que contiene el hosario del (MARTIR – SAN- JUSTO). Se acompañase, de otro párroco, en calidad de secretario, a quién tomase, juramento de fidelidad, ejerciendo, digo nombrado a : Don Joaquin Gutierrez Piñeiro, cura párroco de, Santa María de Portas, a quien presente, y exigió el citado juramente, que prestó con arreglo, y se le previene firma el Señor comisario de que yo secretario. Certifico.

CONFRONTE – CERTIFICACIÓN

En la parroquia, de Santa María de Bemil, a 25 de Mayo de 1832. Por ante mi el infraescrito, el Señor comisario, Habiéndosele, puesto de manifiesto una caja, por Don Andres Botana Ulloa, cura Párroco de Santa María de Bemil, que expresó ser la misma, que se le había entregado, Por el presbítero. Don Benedicto Antonio Lourido Pibo, y en la que contenia, el hosario del glosario.

(MARTIR – SAN – JUSTO – Y – UN – VASO – TEÑIDO – CON – SU – SANGRE-)

Pasó a formalizar, el confronte que se le previene, entre la auténtica, que original tubo presente, y la citada caja, y en su consecuencia, certifica, que esta se distingue, por la parte inferior, y que su material es de madera de hayas.

Pues lo restante, se halla enteramente cubirto, de papel pintado, que está bien cerrada, cruzada con una cinta de seda encarnada de una pulgada de ancho, marcada con cinco sellos de lacre, encarnado, idénticos al que autoriza la auténtica de los cuatro aparecen, en la superficie de arriba, y el quinto en la de abajo.

Que el largo de la caja es de dos cuartas y media de alto ocho pulgadas y media de alto.

Y que su tapa está pegada con una papeleta cuadrilonga de tres pulgadas y media de largo una y media de ancho, en la cual se lee un letrero que dice: (CORPUS – SANTI – JUSTI – MARTIRIS)

Que no pudo ser abierta sin romperse, para el efecto de la cinta, y sellos de los cuales, se hallan sin la menor lesión, igualmente que la cinta, resultando de todo lo dicho, que la citada, caja conviene con todas sus señales, con la auténtica firma del señor comisionado que yo secretario certifico: Don Vicente Miranda Villamayor cura párroco de Santo Tomás de Caldas y Don Joaquin Gutierrez Piñeiro cura párroco de Santa Maria de Portas.

.....

DECLARACIÓN – DE – LOS – TESTIGOS

En la misma feligresía, y en dicho mes y año, los señores: Don Andres, Ignacio Rial, Don José Benito Silva, Don Juan Antonio Domnguez, y el licenciado, Don Ramón Sancho.

A presencia del Señor comisionado y por parte de mi secretario, declararon bajo el juramento, que tienen hecho en que de nuevo se ratifican que han verificado, con la exactitud posible. El cortejo del cajón con la auténtica,

cuyas señales combienen entre si, que el citado cajón: Tienen de largo dos cuartas y media, de ancho diez pulgadas y media, ocho pulgadas y media de alto. Que viene cruzado, con una cinta de seda encarnada, de una pulgada de ancho, sellada con cinco sellos de lacre encarnado, iguales al que autoriza la auténtica. De los cuales, cuatro están en la cubierta, y el quinto en el hondo. O parte inferior, que no pudo ser habierto, a su entender sin que se hubieses, fracturado en las cintas, y no están sólo estos, y se ratifican, en lo dicho de que no pudo ser habierto, y añaden que en la cubierta de el se encuentra una papeleta pegada.

De tres pulgadas y media de largo y una y media de ancho que dice. (CORPUS – SANTI – JUSTI – MARTIRIS) En todo lo cual, por ser la verdad se afirman, y ratifican, firmando con el Señor comisario, de que yo secretario certifico.

.....

NOS. D. KR. – RAFAEL – DE VELEZ


Por la gracia de Dios y de la Santa Sede, apostólica. Arzobispo de la Santa apostólica metropolitana, iglesia de Santiago caballero, de la gran cruz de la Real. Distinguida, Orden, Española de Carlos III.

Del consejo de su majestad, su capellán mayor, juez ordinario de su real capilla, casa y corte, notario mayor, del reino de León L.c. Concédenos, ochenta días de indulgencia a todos los fieles de Cristo, de uno y otro sexo, que denotamente rezarán el padre nuestro y ave María delante del hosario del (GLORIOSO – MARTIR – SAN –JUSTO.) Que hizo venir de Roma, Don Andrés Botana Ulloa, cura párroco de Santa María de Bemil. Rogando a Dios nuestro Señor, por la exaltación de nuestra fe católica, extirpación de las heregías paz y concordia enter los principales cristianos, y demás necesidades de la Santa iglesia, t del reino.

Dada en la ciudad de Santiago a dieciséis del mes de Abril del año: (1832)

3. IDENTIFICACIÓN¹⁶ DO MARTIR E ONOMÁSTICA

Aínda que son varios os mártires que levan o nome de Xusto, algúns dos datos contidos neste libro da parroquia de Bemil permiten a correspondencia cun Xusto mártir que poderíamos situar en Roma na época das persecucións e cuxos restos repousarían nas catacumbas, segundo se recolle no Martiroloxio Romano de Baronio do século XVI que achega información grega máis antiga. Pero o relato do martirio co que se inicia o



citado libro de Bemil non é máis que unha pobre tradución do latín feita a comezos do século XIX para adxuntar ao expediente das reliquias, que sería preciso revisar. O relato hagiográfico¹⁷ que calificaríamos como máis fiable e orixinal está recollido na *Acta Sanctorum*¹⁸, gran recopilación das vidas, datas e comentarios sobre os santos feita entre os séculos XVII e XX, que curiosamente se corresponde en boa medida co relato do libro de San Xusto de Bemil. Posiblemente, destas *Acta Sanctorum* foi extraído e traducido parte do texto orixinal en latín¹⁹.

Fig. 11. Portada das *Acta Sanctorvm, Ivljii Tomvs III*, de 1.868

Este importante documento é o que nos permite a día de hoxe identificar ao mártir e coñecer a data de onomástica, de xeito que sabemos que a memoria e martirio deste San Xusto se celebra en Roma o 14 de xullo. Pero

¹⁶ As averiguacións feitas por D. Francisco J. Buide del Real, director do Arquivo da Catedral de Santiago, son decisivas nestas conclusións. Boa parte dos contidos deste apartado son resultado do seu traballo.


¹⁷ Relativo á historia das vidas dos santos.

¹⁸ Concretamente na *Acta Sanctorvm, Iulii, Tomvs III, Parisiis et Romae, MDCCCLXVIII*. pp. 623-624.

¹⁹ A referencia histórico-crítica actual sobre os santos é *Bibliotheca Sanctorum, Città Nuova, Roma, 1963ss.*

tamén se apunta a unha segunda data de celebración, o segundo domingo de agosto. Parece que a data oficial do 14 de xullo foi totalmente obviada na parroquia en beneficio, posiblemente, dunha preferencia en conmemorar a chegada e posta a veneración das reliquias, que tal e como vimos no texto, prodúcese entre os meses de abril e maio de 1.832. Ao comezo deste capítulo (Rodríguez Dacal, 2002) vimos que tradicionalmente se celebraban dúas romarías ao ano como conmemoración á chegada das reliquias: o primeiro domingo de maio, que efectivamente se correspondería coa posta a veneración no ano 1.832, e o domingo seguinte ao 15 de agosto, que podería relacionarse coa segunda data de celebración que se apunta nas *Acta Sanctorum*. Pero dende finais da década de 1.980 a romería trasladouse ao último domingo de agosto, polo que en conclusión pensamos que a data pudo cambiarse en función doutras importantes festas parroquiais que nos aproximan, en boa medida, á celebración das coñecidas como Festas do Ramo, a primeiros do mes de setembro.

Fig. 12 e 13. Páxinas 623 e 624 das *Acta Sanctorum Julii* tomo III, Parisiis et Romae, 1.868. Nelas atopamos a referencia a San Xusto mártir



4. CONCLUSIONES

En primeiro lugar convén destacar a relevancia que ten o propio libro, obra manuscrita, como fonte documental histórica e veraz, e como testemuña do procedemento de certificación de autenticidade que parece que se viña mantendo durante séculos. A certificación de autenticidade é un asunto capital no recoñecemento dunha reliquia. É moi ilustrativo neste sentido o que di o Concilio de Trento (1.545- 1.563) sobre o culto aos santos, as súas imaxes e reliquias na Sesión XXV (decembro de 1.563): *“Tampoco se han de admitir nuevos milagros, ni adoptar nuevas reliquias, a no reconocerlas y aprobarlas el mismo Obispo. Y este luego que se certifique en algún punto perteneciente a ellas, consulte algunos teólogos y otras personas piadosas, y haga lo que juzgare convenir a la verdad y piedad”*. Por outra banda, é unha obra valiosa polos detalles exhaustivos que aporta e que sitúan ás persoas no tempo e no espazo, sobre a propia composición da comisión (comisario, secretario e testemuñas), sen esquecer a outros persoeiros eclesiásticos relevantes que aparecen citados, así como a descrición detallada da mesma caixa portadora e do procedemento de comprobación e de apertura. Por último, e non menos importante, o libro é tamén unha obra apreciable porque nos permite intuír unha imaxe das características socioeconómicas da parroquia de Bemil nese momento e das capacidades dos seus protagonistas.

Antes de entrar en detalle e facer una valoración das reliquias de San Xusto Mártir da igrexa de Santa María de Bemil, convén aclarar primeiro qué son as reliquias, qué importancia teñen, cál é o seu uso e qué dificultades entraña, especialmente económicas, a súa obtención²⁰.

²⁰ Non é o obxecto deste traballo avalar a veracidade das reliquias. O afán por posuílas e o comercio e intercambio en toda a cristiandade foi tal que abundan as falsificacións ou asignacións de falsas identidades a elementos de cronoloxías semellantes. Si ben analíticas practicadas a algunhas delas certifican a antigüidade que se lles atribúe, isto non quere dicir que pertencen ao mártir ou santo ao que se lles asignan. Para nós, a importancia destes elementos reside máis ben en que son reflexo dunha sociedade, da súa relixiosidade, das súas capacidades político-estratéxicas, económicas,...

As reliquias, na Igrexa católica, son os restos dos santos logo da súa morte, constituídas polo corpo enteiro ou por fragmentos ou partes nas que pudo dividirse o cadáver, así como polas ropaxes e todos aqueles obxectos en contacto ou relacionados co santo. As reliquias clasifícanse en tres graos:

- Primeiro grao: tomadas do propio corpo (un membro, un fragmento dun óso, cabelo, o sangue, un órgano incorrupto, ...). Estas reliquias de primeiro grao divídense á súa vez en: reliquias insignes (o corpo enteiro ou unha parte completa de él, así como algún órgano incorrupto), reliquias notables (partes importantes do corpo pero sin constituir un membro enteiro) e reliquias mínimas (osiños ou astelas de óso).
- Segundo grao: os instrumentos do martirio como clavos, cadeas ou restos de cruces, ou mesmo un fragmento da súa roupa ou dalgo que o santo usaba en vida.
- Terceiro grao: calquer obxecto tocado por unha reliquia de primeiro grao ou a tumba dun santo.

As reliquias son depositados para a súa veneración nos chamados relicarios, de diferentes formas, materias e tipoloxía, que deron lugar a auténticas xoias de magnífico valor artístico, especialmente orfebre e ebanista. Nalgúns casos, estes relicarios teñen forma de pequenas custodias feitas en metais preciosos, nas que se grava a indicación do mártir correspondente. Este é o caso dos relicarios de Bemil. Usualmente, os relicarios ou reliquias de mártires se colocan na ara dos altares das igrexas, nese pequeno receptáculo cadrangular na lousa do altar sobre a que se coloca a oblata durante a misa. A Igrexa indica que os relicarios deben colocarse sobre o altar nas celebracións solemnes e incensarse durante a misa. Ademais, cando é a festividade do santo ao que corresponden as reliquias, adoitase presentar o relicario á veneración dos fieis para que éstos poidan bicalo. E este é precisamente o protocolo que se realizaba na parroquia de Bemil ata hai apenas unas décadas e que se recolle na introdución deste traballo.

A persecución e execución dos primeiros cristiáns fixo despertar na xente da súa época un grande interés por conservar e venerar estes corpos e obxectos, de xeito que xa dende inicios do cristianismo practicábase o culto ás reliquias. Chegaron a ser tan apreciadas que moita xente puxo a súa vida en risco saltando á area dos anfiteatros romanos para recoller os restos. No

*Martiroloxio romano*²¹ dise que os cristiáns acostumaban a recuperar os corpos dos santos para darlles sepultura, dando fe dos feitos dos distintos mártires. Unha vez obtidas as reliquias, preparábanas con perfumes e ungüentos e envolvíanas en ricos tecidos. Dende comezos do cristianismo non se concebía un altar se baixo él no estaba soterrado un santo. De feito, as primeiras basílicas construídas logo das persecucións foron levantadas enriba das criptas onde xacían os restos dos mártires, chegando incluso a decretarse que non sería consagrada ningunha nova igrexa que non tivera unha reliquia no seu altar. O culto ás reliquias sumouse ao dos mártires dende o momento en que os seus sepulcros foron oficialmente abertos para sacar os restos. Todas estas afirmacións resúmense claramente no texto deste libro de San Xusto cando se expresa nun dos primeiros parágrafos que as reliquias son extraídas da sepultura do santo por mandato oficial do papa, deixando así constancia da veracidade dos restos e da legalidade do proceso: *"concluyó su martirio y sepultado por los cristianos, en el cementerio de San Hipólito y por mandato del papa Pio XI*²² *mandó sacar las sagradas reliquias, del sepulcro"*.

Na segunda metade do século IV comezou a práctica de fragmentar os corpos dos santos, incluso en anacos moi pequenos para repartilos. Co paso do tempo, o culto ás reliquias converteuse nun fenómeno de grande importancia social, cultural e económica. De feito, o xeito máis habitual de conseguilas era a través da súa compra chegando a pagar enormes sumas por elas e dando lugar incluso a importantes altercados en máis dunha ocasión. Así que as reliquias convertéronse en elementos de prestixio e en fonte de ingresos. Pero a comezos do século XIII, no IV Concilio de Letrán, prohibírase a veneración de reliquias sen "certificado de autenticidade", de

²¹ Unha vez implantada a reforma do calendario polo papa Gregorio XIII (1572-85), propúxose a publicación dun martiroloxio romano oficial e nomeou unha comisión especial encabezada por César Baronio. Así, no ano 1.583 publicouse o *Martyrologium Romanum ad novam Kalendarii rationem et ecclesiasticae historie veritatem restitutum, Gregorii XIII Pont. Max. iussu editum*. Ao seguinte ano apareceu a primeira edición oficial autenticada pola constitución apostólica *Emendato*. En 1.586 publicouse o *Martyrologium Romanum cum notationibus Baronii* que contén as fontes literarias das que se serviu Baronio para a realización do seu traballo.

²² Recordamos que hai un erro e que pode referirse a Pío VII ou Pío VIII.

xeito que o seu comercio irá diminuindo e regulándose, o que nos fai pensar que, en consecuencia, a demanda e o afán por posuir un elemento auténtico e restrinxido irá en aumento, ao igual que a complexidade dos procedementos de xestión para adquirilas e o propio prezo das reliquias. Ademais, logo do Concilio de Trento (1.545- 1.563), as reliquias e o que representaban tomaron aínda máis importancia e a súa posesión chegou a ser unha especie de obsesión. Así podemos ler na Sesión XXV deste Concilio: *“Instruyan también a los fieles en que deben venerar los santos cuerpos de los santos mártires, (...) y por los cuales concede Dios muchos beneficios a los hombres; de suerte que deben ser absolutamente condenados, como antiquísimamente los condenó, y ahora también los condena la Iglesia, los que afirman que no se deben honrar, ni venerar las reliquias de los santos.”*. Xente particular, da nobreza, relixiosos e mesmo os reis desvivíanse por adquirir reliquias, de maneira que co tempo a Igrexa estableceu como norma a prohibición da compra-venta de reliquias sacras entre particulares e asígnouse a potestade sobre este tema.

Aínda que pasan máis de 250 anos dende o Concilio de Trento ata que as reliquias de San Xusto chegan á parroquia de Bemil, e polo tanto a obsesión e demanda pola posesión destes elementos pode ter diminuído considerablemente, e consecuente o seu prezo de adquisición e tramitación, non podemos deixar de pensar que a comezos do século XIX Bemil tiña que ser con todo unha parroquia forte economicamente ou ben, dalgún xeito, con importantes contactos nas altas esferas da curia romana. A ninguén se lle escapa que estamos a falar de polo menos dúas reliquias do mártir (o fragmento de óso e o vaso tinguído co sangue) e ademais trátase de reliquias calificadas de primeira orde. Este é sen dúbida un feito moi salientable xa que sorprende ver como unha pequena parroquia nun recuncho remoto da península ibérica é capaz de facerse con dúas reliquias de primeira orde²³.

²³ Outros exemplos notables de igrexas da provincia de Pontevedra con reliquias poden ser o convento de Santa Clara de Pontevedra, onde se atopan os restos de San Vicente Mártir, ou a igrexa de San Miguel de Lores (Meaño) con outras dúas reliquias, unha delas un óso da man de San Benito Abade.

A isto hai que engadir a importancia da propia imaxe de San Xusto, que é en sí mesma un relicario, xa que como se recolle no informe da restauración do ano 1.998, acubilla á súa espalda unha reliquia en caixa de chumbo lacrada, aparentemente aberta porque quedan marcas do lacre, e outra caixiña en forma de cono truncado tamén lacrada e coa palabra “CRANEO”, incrustada na testa. Descoñécese cando chega esta imaxe á parroquia nin de onde procede, pero a importancia deste especial relicario fai que se sitúe nun lugar sobranceiro da igrexa, baixo a mesa do altar. Non foi posible comprobar si esas reliquias permanecen nos seus recipientes orixinais ou si o fragmento de cráneo é o do relicario en forma de custodia do que falamos anteriormente. No libro de San Xusto faise unha descrición pormenorizada das características da caixa de madeira portadora de reliquias pero, respecto ao seu contido, apenas se limita a dicir que contiña o osario do mártir e o vaso tinguído co sangue, sen especificar si estes elementos á súa vez se atopaban dentro dalgún outro recipiente lacrado. Poida que a caixa de chumbo e a que ten forma de cono truncado, aloxadas á espalda da imaxe do santo, sexan estes recipientes. De non ser así, habería entón que pensar en alomenos dous momentos diferentes en que se produce a chegada de reliquias do mártir á parroquia, pero nese caso non se conservaría un segundo certificado de autenticidade, non habería rexistro do procedemento de apertura, nin tampouco sabemos se virían acompañadas da propia imaxe-relicario de San Xusto ou si esta se fixo pouco máis tarde para aloxar tan valiosa posesión. Barallando estas dúas hipóteses expostas, inclinámonos a pensar que as caixas de chumbo e cónica acubilladas á espalda da imaxe, eran o contido da caixa de madeira chegada no 1.832, e que foron abertas²⁴ quedando restos dos lacres, colocando posteriormente o óso do cráneo nun relicario a modo de custodia (poida que incluso viñera así presentado de Roma) para podelo exhibir, sacar en procesión e dar a bicar aos fieis.

E por último, non esquezamos a posesión doutra importante reliquia, a que parecen ser uns fíos do velo da Nosa Señora, da que descoñecemos o seu proceso de adquisición e chegada aínda que todo apunta a unha doazón

²⁴ Queda pendente verificar a apertura e contido desas caixas para confirmar este suposto.

particular, pero que ven reafirmar de novo a fortaleza desta parroquia. Porque o velo²⁵ da Virxe é unha das reliquias máis afamadas da cristiandade.

As causas que motivan a obtención de reliquias en Bemil poden ser de carácter diverso e probablemente a combinación de varios factores. Podería tratarse dun grandísimo esforzo económico feito polos parroquianos, ou por algúns dos seus membros, doantes con recursos tal vez, por algún tipo de promesa ou de forte devoción, polo feito de encomendarse a un santo protector, polo intento de dignificar a parroquia, polo empeño do párroco Botana Ulloa que arrastra aos veciños nesta empresa “removendo Roma con Santiago”, expresión tan apropiada neste contexto, ou poderían tratarse incluso de regalos ou doazóns de contactos poderosos alleos á parroquia. É moi curioso neste sentido a figura do home citado no libro transcrito, que trae as reliquias dende Roma, o presbítero Benedicto Antonio Lourido Pibo, que algunhas fontes orais apuntan que naceu na parroquia de Bemil e incluso que residiu no Vaticano. O que non sabemos exactamente é qué rol xogou en toda esta historia, se coma simple intermediario, emisario e portador, ou se tamén actuaría coma axente activo inductor da adquisición. Sería acaso nese momento home de confianza do párroco Botana Ulloa, verdadeiro artífice da xestión de adquisición?, ou sería incluso posible que él mesmo tivese estreitos contactos no arcebispado ou directamente en Roma e conseguise as reliquias para a súa parroquia natal? Porque neste senso hai tamén outro dato no texto tremendamente sorprendente. Recóllese que as reliquias foron un regalo do Cardenal Zurla²⁶, vicario xeral da curia romana e estreito colaborador de varios papas, especialmente de

²⁵ O “Maphorion” ou Santo Velo é venerado como manto protector. Parece que chegou dende Palestina a mans dos emperadores de Constantinopla no século V, e logo foi regalado por estes a Carlomagno. Máis tarde, Carlos el Calvo o regalará á catedral de Chartres convertendo esta basílica en importante centro de peregrinacións. No 1793 foi cortado e dispersado para evitar que fose destruído pola Revolución Francesa. Varios pedazos recuperáronse e custódiense na mesma catedral e o resto dispersouse por todo o occidente europeo. Entre os fragmentos máis próximos atopamos un no paso da Primitiva Hermandad de los Nazarenos de Sevilla, El Silencio, e outro no da Hermandad de la Victoria de Huelva.

²⁶ Aínda que hai un pequeno erro, non sabemos si no texto orixinal ou na transcripción, todo apunta a que se trata deste persoeiro tanto pola definición do seu cargo como pola cronoloxía dos acontecementos.

Gregorio XVI. E dise ademais que o cardenal donou as reliquias “a este fin” (entendemos que poñer a veneración pública na igrexa de Bemil). Terían acaso Lourido Pibo ou Botana Ulloa amizade co cardenal ou con algún outro alto cargo eclesiástico? Porque non podemos evitar preguntarnos que, si a adquisición das reliquias se podía arreglar simplemente mediante pago e xestións administrativas, entón, por qué involucrar o nome de tan insigne cardenal en toda esta historia? Poida que este fora o xeito habitual de formular estas operacións e redactar os escritos de autenticidade, tratando de darlle un carácter máis solemne, quen sabe...

Nada se sabe actualmente do paradiro da caixa de madeira portadora, coa súa cinta encarnada e os seus lacres e papel pintado, tal vez destruída, nen do certificado de autenticidade das reliquias emitido en Roma, que posiblemente foi o entregado polo párroco Botana ao arcebispo Rafael de Velez. Do que non nos cabe dúbida é do feito excepcional de que unha parroquia aparentemente modesta como Santa María de Bemil teña a vontade e a capacidade de facerse con estas reliquias, así como o importante valor histórico dunha obra manuscrita que constante a creación dunha comisión certificadora e o proceso de apertura da caixa portadora, sen esquecer a importante veneración que se lle profesa dende entón as reliquias deste santo e que chega ata os nosos días.

5. AGRADECEMENTOS

Agradecer a información, colaboración e axuda aportada por D. Manuel Carreira Rey, cura párroco de Santa María de Bemil, D. Juan Carlos García Barral, párroco de Caldas de Reis, D. Francisco J. Buide del Real, director do Arquivo da Catedral de Santiago, D. Francisco Froján Madero, da Secretaría de Estado da Santa Sede e antigo párroco de Santa María de Bemil, e polas veciñas Dña. Socorro e Dña. Herminda Rodríguez Fojo, D. José María Rey González, Carolina Alfonso e unha veciña que prefire manter o anonimato.

6. BIBLIOGRAFÍA E REFERENCIAS WEB

- Rodríguez Dacal, C. (2002). *Árboles y arboledas históricos del municipio de Caldas de Reis*. pp. 193. Ayuntamiento de Caldas de Reis.
- Baptista Sollerio, I., Pinio, I., Cupero, G. (1868). *Acta Sanctorvm, Ivlii. Tomvs III. Parisiis et Romae, MDCCCLXVIII*. pp. 623-624.

-López Díaz, R. e Rey Aguiño, J.M. (1998). *Informe de Conservación e Restauración do Retábulo Maior Barroco e Pintura Mural da Igrexa Parroquial de Santa María de Bemil. Concello de Caldas de Reis. Pontevedra*. ESTEO Técnica na Conservación e Restauración S.L. (informe inédito).

-*Enciclopedia Católica Online* [http://ec.aciprensa.com/wiki/Giacinto Placido Zurla](http://ec.aciprensa.com/wiki/Giacinto_Placido_Zurla) [Consultado en setembro de 2017]

-*Reliquia cristiana*. [https://es.m.wikipedia.org/wiki/Reliquia cristiana](https://es.m.wikipedia.org/wiki/Reliquia_cristiana). [Consultado en setembro de 2017]

- *El Purgatorio. Sesión XXV. La invocación, veneración y reliquias de los santos, y de las sagradas imágenes*, en *El Sacrosanto y Ecuménico Concilio de Trento*. Traducido al idioma castellano por Don Ignacio Lopez de Ayala.

<https://delacuadra.net/escorial/trento.htm>. [Consultado en setembro de 2017]

- *Martirologio Romano*. En Santos y Mártires: Martirologio Romano

<http://www.diocesisdecanarias.es/horariosyrecursos/recursosmuyutiles/martires-martirologio-romano.html>. [Consultado en setembro de 2017]

- Santoral Católico romano Tradicional

<http://santoraltradicional.blogspot.com.es/2011/12/santos-claudio-hilaria-y-companeros.html>. [Consultado en setembro de 2017]

- *El velo de la Virgen María* <http://es.catholic.net/op/articulos/2390/el-velo-de-la-virgen-maria.html>. [Consultado en outubro de 2017]

- Montaña, J. *Las reliquias de la Virgen, patrimonio de la fe cristiana y herramienta para evangelizar*. En: <http://universogaditano.es/articulo/semana-santa-reliquias-virgen-patrimonio-fe-cristiana-herramienta-para-evangeliza> [Consultado en outubro de 2017]

- Bará, M. *Las “reliquias de santos” de Pontevedra*. En

<http://diariodepontevedra.galiciae.com/blog/699674/las-reliquias-de-santos-de-pontevedra>. [Consultado en outubro de 2017]

A FONTE DO ANGHENIDO DE BEMIL. RITOS E TRADICIÓNS AO REDOR DUN MANANCIAL CURATIVO

AUTOR: Rafael Quintía Pereira

1. INTRODUCCIÓN

O temor á enfermidade e á morte fixo que, dende a máis remota prehistoria, cada cultura desenvolvese os seus propios mecanismos de loita contra aquilo que consideraba responsable de tales males, fose isto enerxías negativas, entidades malignas, “aires”, astros, persoas ou calquera outro factor natural ou sobrenatural susceptible de ser interpretado como causante das doenzas que ameazan a existencia humana. Nace así a medicina popular ou etnomedicina, na que se combinan a maxia, a relixión, os coñecementos etnobotánicos, do corpo humano e o poder da eficacia simbólica.

Dentro dos remedios da medicina tradicional destacan, polo requintado dos seus ritos e pola vulnerabilidade dos seus doentes, os procedementos curativos ou esconxuradores para tratar as doenzas e males infantís. É neste entramado cultural e simbólico onde podemos encadrar os ritos curativos do mal do enganido, tema que nos ocupará neste traballo.

A Fonte do Anghenido, na parroquia de Bemil (concello de Caldas de Reis), é unha desas xeografías máxicas -no senso de lugar onde é posible que aconteza o extraordinario, como por exemplo a curación- onde se celebraban algúns destes ritos para o tratamento das doenzas da infancia. O simbolismo que envolvía aos ritos lustrais que aquí se celebraban coas crianzas doentes do enganido e os conseguíntes ritos celebrados na igrexa parroquial de Bemil compoñen unha fermosa e valiosa mostra deste noso patrimonio inmaterial vencellado á etnomedicina, e como tal é merecente do seu coñecemento, divulgación e dignificación. Coñezamos, pois, os segredos do ancestral rito de curar o anguenido nesta fonte e igrexa de Bemil.

2. O MAL DO ENGANIDO

Definición:

O primeiro que se debe aclarar á hora de abordar o estudo da enfermidade coñecida popularmente como enganido, anganido, anguenido, anghenido, inguinio, tangaraño ou arangaño (denominacións *emic*) é a dificultade que existe para definila claramente. O doutor Lis Quibén²⁷, cuxos traballos son referencia obrigada neste campo da etnomedicina, definía o neno doente do mal do enganido como: *falto de desarrollo, color pálido, macilento y carnes muy blandas*. Unha descrición que coincide cos testemuños que se teñen recollido sobre a percepción que ten a propia xente sobre este mal. Así, descríbeno xeralmente como unha doenza que facía estar fracos e débiles aos nenos. Expresións como *o neno ía secando* reflicten moi ben esa idea dun mal que consumo fisicamente aos máis cativos. Xa que logo, estados de debilitamento físico paulatino dunha criatura, estados equiparables hoxe en día á anemia ou ao raquitismo, podían ser interpretados polo xente como enganido. A este respecto, o Sr. Manuel García Rei, veciño de Bemil, en entrevista mantida coa arqueóloga Elena Cabreja, describe cal era o seu estado de saúde cando de neno foi levado á esta fonte de Bemil a sacar o anghenido:

Sí, daquela dixéronme que me trouxeran á fonte. Estaba sempre enfermo, e trouxéronme á fonte. Estaba cativo que non saía un para diante. He, he, he (risas). E entón trouxéronme aquí, non sei despois, non sei si me foi mellor si foi peor pero, estar estou aquí de momento.

Causas:

En canto á súa orixe, as causas aínda son máis confusas que a propia definición. Existe a crenza popular de que o enganido pertence aos males denominados na nosa etnomedicina como “aires”. Dentro do mal de aire hai múltiples doenzas, sintomatoloxías, factores e causas que poden orixinar

²⁷Lis Quiben, V. (1949): *La medicina popular en Galicia*. Gráfica Torres, Pontevedra

este mal. Mais existe unha serie de males de aire que, segundo esta visión tradicional, poden ocasionar o temido enganido, como é o caso do aire de defunto, o aire de gata, o aire de mala muller, ou aspectos tales como o mal de ollo, a envexa ou a bruxería. En moitas ocasións, pénsase que un aire mal tratado pode devir tamén en enganido. A “tirisa”, como a “caída da paletilla”, eran outra desas enfermidades da infancia na que os nenos deixaban de comer coa conseguinte e alarmante perda de peso. Eladio Portela²⁸, na súa obra *Breviario Enciclopédico*, recolle da existencia dun ser maléfico coñecido como Tangaraño que ataca os nenos, enfraquecéndoos ou deformándoos. O Tangomango ou Tángano-mángano sería outro ser mitolóxico equivalente.

Nos testemuños recollidos dos informantes de Bemil, cando se lles pregunta por cal podía ser a orixe desta enfermidade, as respostas son claras ao respecto: a fame.

Sra. Herminda Rodríguez Fojo:

[...] esos meniños que había tan raquítricos, porque era a miseria, non era outra cousa [...]. Pero os nenos eran moi cativiños porque si a nai amamantábao ben o crío era un neno precioso, pero si a nai non tiña, ou lle daban fariñas millas ou mal ou menos, iban moi mal criados. Entonces medráballe moito o vientre, e como son os raquitismos.

Sra. Socorro Rodríguez Fojo:

Era raquitismo. Non era outra cousa máis que raquitismo.[...] Había alí unha familia, tiña uns fillos todos esmirriadiños, [...], pero aquelas perniñas así (ensina un dedo). E entón dicíanlle “-e logo este neno cómo está así?” “-Ay, usted non sabe o que é, ustedes non coñecen esa enfermidade”. Era o anghenido. He,he,he (risas). Era o anghenido. Era a fame!

²⁸Fernández Valdehorras, C. (ed.) (2001): *Breviario Enciclopédico Don Eladio*. La Voz de Galicia S.A., A Coruña

Sr. Julio Suárez Ferreirós:

O anghenido debía ser unha enfermidade, unha enfermidade de que daquela había pouco para comer, digho eu que sería eso.

Tipoloxías:

Ademais destes múltiples factores orixinarios do enganido, ás veces se produce unha confusión e/ou equiparación entre diferentes enfermidades populares que afectan, sobre todo, á infancia. Deste xeito, é frecuente que o enganido sexa equiparado ao “mal de codo”, o que orixina tratamentos similares para ambas as dúas doenzas ou tratamentos e ritualidades compartidas.

Por todo o exposto ata agora podemos concluír que non hai unha única definición do enganido nin unha única sintomatoloxía que faga que determinado estado de saúde dos nenos sexa atribuído a este mal. Podemos resumir, xa que logo, os seguintes síntomas dentro da doenza ou doenzas categorizadas como enganido:

- Raquitismo
- Choros e desacougo continuos
- Falta de apetito
- Dificultades ou falta de sono
- Palidez
- Carnes brandas
- Falta de forza física e debilidade intensa
- Carencias psicomotrices
- Problemas na fala
- Vómitos ou diarreas (botar fóra a comida)

A quen afecta o mal:

En canto a quen padece esta enfermidade do enganido hai que salientar que está considerada fundamentalmente unha enfermidade da infancia. Sintomatoloxías similares, estados anímicos ou físicos equiparables ao

producido polo enganido poden ser atribuídos no caso dos adultos ao mal de aire, o meigallo ou mal de ollo.

Diagnose do mal:

Este medo ás doenzas infantís e, sobre todo ao temido enganido, fixo que se desenvolvesen unha ampla gama de remedios e de mecanismos de diagnose para saber que orixinou a dita enfermidade e así poder tratala. Como exemplo de método de diagnose podemos citar o que conta Antonio Fraguas²⁹ sobre o rito para saber se un neno tiña o enganido:

Le pone al niño un vaso de agua en la cabeza y le echan nueve gotas de cera de la vela de Jueves Santo. Si esas nueve gotas se unen, es la demostración de que tiene el mal. Para curarlo se juntan el agua de nueve fuentes y en ella se echan unas hojas anchas, llamadas “Hojas de hara”, sin duda: “herba ala”. Si dichas hojas no las hay en casa, y se van a buscar a casa de un vecino, han de venir envueltas en un pañuelo blanco. Luego se baña al niño con aquella agua todo el cuerpo, sin quedar nada, en dirección contrari al pelo, de pies a cabeza. Se seca con una toalla de evanisco o lavanisco y luego se pone a secar al sol. Una vez bien seca quedan en la toalla los pelos del animal causante del mal.

O xeito máis habitual de diagnosticar o mal de enganido³⁰ é lavando ao neno de pés a cabeza con auga que ten que reunir unhas características especiais: ten que provir dunha fonte curativa, ou ser auga de sete fontes, ou dun manancial que nunca seque, ou con auga dun río que pase por sete muíños, entre outras posibilidades. Nesta auga adóitase mesturar cinza. Rematado o baño, escóase a auga cun pano e neste aparecerán os as plumas ou os pelos do animal ou da muller causante do mal do aire que produciu o enganido, ou incluso as manchas de sangue da persoa que produciu a enfermidade (normalmente dunha muller menstruante). En caso de que non aparezan

²⁹Fraguas y Fraguas, A. (1997): *La Galicia insólita. Tradiciones gallegas*. Edicións do Castro. A Coruña

³⁰Lis Quibén, V. (1949): *La medicina popular en Galicia*. Gráfica Torres, Pontevedra

pelos o mal pode ser atribuído a aire de defunto ou a feitizo de moza. Ás veces, estes procedemento hidroterápicos combínase coa utilización doutras substancias, de plantas (follas de carballo cerquiño, “herba do aire”, verbena, “planta do enganido”, “herba urbaxán”, etc) ou incluso de amuletos como o licorno, un pente, unha moeda de cobre ou unhas tesoiras.

3. A RELACIÓN DO ENGANIDO CON OUTRAS DOENZAS SIMILARES

Como xa comentamos, debido á dificultade que se lle presentaba á xente para establecer as causas exactas desta doenza e tendo en conta a súa múltiple sintomatoloxía, atopámonos na nosa etnomedicina cun abano de doenzas similares e equiparables ao enganido e, asemade, cunha diversidade de ritos curativos que moitas veces son os mesmos, ou moi similares, para tratar enfermidades diferentes. Deste xeito, podemos relacionar a doenza do enganido con outras enfermidades coas que comparte sintomatoloxías e, xa que logo, ritos curativos. Por exemplo, respecto de cando un neno ten que ser quen de andar bipedamente por si mesmo e de falar, existe un dito que reza así: “De un andando e de dous falando”, polo que se isto non acontecía coa temporalidade prevista e retrasábase moito podía ser atribuído a que o neno era vítima dun meigallo, mal de ollo ou ao feito de ter collido o enganido ou tangaraño. Neste caso había que botar man de remedios ou ritos curativos como o do bode ou o de cortar a solta. Ambos os dous serán explicados neste traballo.

Enganido e tangaraño: o rito do carballo cerquido

Recolle Elisardo Becoña³¹ no lugar do Outeiro (Marín) que para curar o enganido pasábase ao neno doente a través dun carballo fendido cuxas parte eran suxeitadas e abertas para facilitar o transo, e facían falta catro

³¹Becoña Iglesias, E. (1981): *La actual medicina popular gallega. Un ejemplo*. A Coruña

mulleres de nome María que se ían pasando unha a outro o neno ao tempo que recitaban o seguinte ensalmo:

- Toma, María!
- Que me das María?
- Douche o enganido.
- O enganido non cho quero,
- E logo a quen queres?
- A (nome do neno).

Existen variantes deste rito contra o enganido. Na comarca de Viniamzo³² o rito facíano tres Marías e unha meiga. A meiga collía unha póla dunha árbore e pasaba ao neno por riba dicindo:

- María, toma un guido
- Me lo das muerto o me lo das vivo
- Porque el vivo es conformativo
- E morto non é conforto

A continuación rezaban un Noso pai por un morto falecido recentemente. Repetíase o rito nove veces e se a póla secaba é sinal de que o enganido fora causado por aire de morto.

Outras veces este rito faise pasando a criatura por debaixo dun loureiro

Enganido e quebramento

O rito do carballo cerquido que se usaba, entre outros moitos lugares en Marín, contra o tangaraño/enganido é o mesmo que se aplica para curar a denominada hernia, quebramento ou aventurado, unha doenza infantil similar. Na parroquia de Salcedo³³ (concello de Pontevedra) o procedemento que puiden recoller era o seguinte: Había que coller un carballo cerquiño

³²Fraguas y Fraguas, A. (1997): *La Galicia insólita. Tradiciones gallegas*. Edicións do Castro. A Coruña

³³Quintía Pereira, R. (2014): *Patrimonio Inmaterial de San Martiño de Salcedo. Lendas, historias e crenzas*. Sociedade Antropolóxica Galega. Ourense

novo, se o había, e se non unha boa póla regular e cun machado fendela polo medio verticalmente de xeito que se puidesen separar ámbalas dúas partes do tronco do carballo pero sen rompelo. Coa axuda duna María e dun Juan pasábase o neno a través da fenda do carballo mentres se recitaba o seguinte esconxuro:

-María,

-Que queres Juan?

-Toma este meniño.

Doucho aventurado .

-Damo saniño.

Rematado o rito había que unir as partes fendidas do carballo e deixalo ben atado cunha vimbia ou cordel para que volvесе soldar o tronco da árbore. Se o tronco volvía unir era sinal de que o rapaz sandaría. Se non volvía unir era sinal de que o neno tiña que morrer ou quedaría eivado.

Enganido e cortar a solta

En moitos lugares de Galicia o rito curativo do enganido consiste en atarlle as pernas ao rapaz e levalo a un cruzamento de camiños onde se agarda á chegada dunha persoa á que se lle pide que lle corte ou desate a corda. Este rito é coñecido tamén como “cortar a solta” e é habitual no tratamento de problemas psicomotrices da infancia, cando os nenos pequenos tardan en andar. Así o teño recollido, por exemplo, no concello de Mesía. En moitos casos, estes problemas de psicomotricidade ou de retraso no andar eran atribuídos, como dixemos, ao mal do enganido.

Enganido e mal de codo

A consecuencia física, visible e máis habitual do mal de codo é unha alteración no ventre da criatura que ben medra de tamaño ou adquire proporcións ou forma fóra do normal. Lembremos o que nos dicía a Sra. Herminda Rodríguez (veciña de Bemil) ao respecto do anguenido: *Entonces medráballe moito o vientre, e como son os raquitismos*. Esta manifestación física facía que o neno fose diagnosticado de mal de codo e as consecuencias

da doenza eran similares ao enganido, isto é, debilitamento xeralizado da criatura. Xa que logo podemos definir o mal de codo como unha doenza infantil que produce nos nenos os seguintes síntomas reiterados ao longo do tempo: vómitos, descomposición, falta de apetito, choros continuos e malestar xeral. Malia que é unha doenza típica da infancia tamén os adultos poden padecer o mal do codo.

O rito máis común para curar o mal de codo era o da beizón coa moeda de prata. Para curalo déitase o neno nunha cama ou similar, estíranselle ben as pernas e o corpo e levántaselle a roupa ou íspese de cintura para riba. Se ten o mal do codo veráselle coma *se tivese dúas barriguiñas*, é dicir, que a barriga fai unha depresión —*valadiño*, segundo testemuña dos meus informantes³⁴— no medio dando a sensación de que tivese como dúas barrigas. Crese que se un rapaz ten o mal do codo tamén terá o do aire pois ámbolos dous van xuntos. Unha vez deitado o neno pásaselle pola barriga unha peseta de prata, que ten que estar bendicida e ten que ter cruzado o mar. A moeda pásase por riba da barriga do neno cruzándolla e recitando o seguinte ensalmo:

*Córtoche codo,
córtoche todo,
córtoche o enganido,
córtoche o aire de vivo,
córtoche o aire de morto.
Pola gracia de Dios e a Virxe María.
Un Padre Nuestro e un Ave María.*

O remedio repítese nove veces durante nove días. Unha vez feita a beizón do codo hai que cortar o aire pois, como dixemos, o mal de codo vén co mal de aire. Vemos como no propio texto desta beizón recollida na parroquia pontevedresa de Salcedo³⁵ cítanse á vez o mal de codo e o de enganido, como se fosen doenzas que van xuntas ou equivalentes.

³⁴*Ibid*

³⁵*Ibid*

Elisardo Becoña Iglesias³⁶ recolle tamén o rito en Marín onde cunha moeda de prata (unha peseta archiducada) ían facendo cruces sobre o ventre no neno á vez que se recita o seguinte ensalmo.

*Córtote aire,
córtote codo,
eiquí te corto,
eiquí te tollo,
a bruxería,
e o mal de todo,
para que non medres,
nin vaías pa riba,
coa gracia de Dios,
e da Virxe María*

Enganido e mal de aire

Outro método curativo recollido por Elisardo Becoña³⁷ para curar o enganido, e no que se equipara co mal de aire, era aquel que se realizaba coa axuda dunha póliña de loureiro mentres se recitaba un ensalmo á vez que se pasaba o loureiro pola barriga do enfermo.

*Loureiro loral,
que foches nacido,
e non foches plantado,
e que miraches a Jesús sacramentado,
sácame o aire de morto,
sácame o aire de vivo,
e sácalle o enganido.*

³⁶Becoña Iglesias, E. (1981): *La actual medicina popular gallega. Un ejemplo. A Coruña*

³⁷*Ibid*

Enganido e raquitismo

Para curar o raquitismo, conta Jesús Rodríguez López³⁸ na súa obra *Supersticiones de Galicia y preocupaciones vulgares*, que era costume queimar nas encrucilladas de dous camiños unha guedella de pelo do neno na noite de lúa chea.

Outros remedios tradicionais contra o enganido

Á vacaloura atribuíanlle os labregos grandes virtudes. Na nosa cultura tradicional as cornas de vacaloura son consideradas potentes amuletos contra o mal de ollo dende ben antigo pero tamén foi potente amuleto contra os males de aire, a envexa, o meigallo e a acción das bruxas. A xente adoitaba pendurar estas cornas dos pulsos dos nenos para protexelos contra o enganido, o tangaraño e o mal de ollo. O amuleto cómpre levalo sempre con un, gardado no peto ou no bolso. O cancionero popular recolle a crenza nos poderes sobrenaturais destas cornas de escornabois:

*Non teño medo ós teus ditos,
Nin medo do teu meigallo,
Que ando cunha vacaloura
E catro dentes de allo*

Beber sete cuncas de auga fría era considerado tamén un remedio para este mal, segundo recolle Elisardo Becoña Iglesias³⁹.

³⁸Rodríguez López, J. (1974): *Supersticiones de Galicia y preocupaciones vulgares*. Ediciones Celta. Lugo

³⁹Becoña Iglesias, E. (1981): *La actual medicina popular gallega. Un ejemplo*. A Coruña

4. A FONTE DO ANGHENIDO DE BEMIL

Situación

Manancial, hoxe desaparecido, situado no lugar do Outeiro, parroquia de Bemil, e que nacía aos pés da aba sudeste do outeiro onde se localiza a igrexa parroquial de Santa María de Bemil, moi perto da antiga “Carballeira dos gitanos” (nome popular).



Fig. 1. Igrexa Bemil. Na parte posterior e cara á esquerda localizábase a Carballeira dos Gitanos. A Fonte do Anghenido estaba na aba sudeste do outeiro.

Descrición da fonte

Segundo as descrições recolhidas en entrevista mantidas cos veciños do lugar do Outeiro, o manancial abrollaría entre unhas pedras e a auga era conducida ata unha pía de pedra a través dun cano lonxitudinal feito tamén de pedra e dotado dunha canle labrada no medio da peza. En entrevista mantida pola arqueóloga Elena Cabreja coas veciñas do lugar do Outeiro (parroquia de Bemil), as señoras Socorro e Herminda Rodríguez Fojo, describen a pía da fonte como unha estrutura rectangular duns 80 cm de longo, por 35 cm de ancho e uns 25 cm de fondo. A auga que rebordaba da pía conducíase por un rego ata un pozo grande de regadío. Do mesmo xeito foi descrita a fonte polo Sr. Manuel García Rei ou polo noso informante, tamén de Bemil, o Sr. Julio Suárez Ferreirós: *Nacía alí a auga, dun muro entre dúas pedras. Tiña unha pía e da pía a auga ía ao pilón de regar.*

A auga da fonte

Un dato curioso sobre o que fan fincapé algúns veciños da zona e que pon en relación esta fonte con moitas outras fontes de augas prodixiosas que aparecen polo país, é o feito de que a temperatura da auga variase de xeito inverso á climatoloxía, é dicir, que botaba auga moi fresca no verán e quentiña no inverno. A este respecto comenta a Sra. Socorro Rodríguez: *Nós íbamos lavar alí porque aquela aguiña estaba templadiña que daba gusto.* Ao que responde a Sra. Herminda Rodríguez: *Era un auga moi boa [...]. No vran era moi fresca. O que pasa que no inverno non viña coa xiada coma a do río.*

Esta peculiar propiedade ou percepción da temperatura da auga da fonte téñoa documentada noutros mananciais curativos, como é o caso da Fonte de Sanabarrighas⁴⁰, no concello de Cerdedo, na fonte de Santa Mariña⁴¹ da Gorgosa (Lousame) ou na Fonte⁴² do Gorgullo na parroquia de Salcedo, Pontevedra, por citar tan só algúns exemplos.

Outro dos aspectos significativos que cabe salientar respecto deste manancial é que, segundo recolleu a arqueóloga Elena Cabrejas, existe a crenza popular de que a auga que alimentaba o manancial da Fonte do Anghenido nacíu debaixo da igrexa parroquial de Bemil. Atribuírlle propiedades extraordinarias a fontes que nacen baixo igrexas e ermidas é un feito habitual en Galicia, e non só en Galicia. A sacralidade do espazo e do chan onde se erixe un templo cristián e o poder simbólico que este emana outorga ás fontes que nacen nos santuarios e, máis aínda as que nacen baixo os templos, propiedade purificadoras e sandadoras especiais. Por outra banda, pensar que unha fonte curativa que abrolla perto dunha igrexa posúe esas virtudes salutíferas porque a súa auga ten que provir dun manancial situado baixo a igrexa tamén é unha crenza habitual en Galicia pois, precisamente, este -o nacer en chan sagrado- sería o motivo de que a fonte

⁴⁰Solla, C. (2005): *Almanaque de encantos*. Ediciones Cardeñoso. Vigo

⁴¹Quintía Pereira, R. (2017): *Mariña: de deusa a santa*. Editorial Galaxia. Vigo

⁴²*id.* (2014): *Patrimonio Inmaterial de San Martiño de Salcedo. Lendas, historias e crenzas*. Sociedade Antropolóxica Galega. Ourense

tivese esas propiedades. Temos en Galicia incontables exemplos de fontes curativas que nacen baixo as igrexas, por citar algunha podemos falar da fonte de Santiaguiño do Monte (Padrón), a fonte da Escravidude, a fonte de Santa Margarida en Curtis, a fonte de Santa Mariña da Gorgosa ou a fonte dos namorados en Santa Comba de Bande.



Figs. 2, 3 e 4. Fonte de Santa Margarida, Fonte de Santa Mariña da Gorgosa e Fonte baixo a ermida de Santiaguiño do Monte

5. O RITO DO ANGHENIDO EN BEMIL

A Fonte do Anghenido está asociada á práctica de ritos curativos para tratar a doenza infantil coñecida popularmente como enganido ou anghenido, entre outros. Hoxe en día, estas doenza asóciase á anemia ou ao raquitismo. O rito tiña dúas partes, unha que se celebraba na fonte e outra que se celebraba no templo parroquial. Os nenos ou nenas enfermos de anguenido eran levados a este manancial polos seus familiares a primeiras horas da mañá. Alí lavábase ao neno enfermo na pía da fonte. As roupas coas que chegara o neno á fonte desbotábanse e deixábase penduradas nas silvas da contorna para que o Sol e o tempo as fose desfacendo. Despois, envolta nun pano, levábase a criatura á igrexa de Bemil onde se celebraba a segunda parte do rito. Ata mediados dos anos 30, a ritualidade celebrada na igrexa consistía na imposición da estola do cura sobre a cabeza do enfermo e en

pasar ao cativo baixo o altar da Virxe das Neves un número indefinido de veces. A partir do ano 1934, aproximadamente, o rito mudou e derivou no acto de meter e sacar nove veces o neno no caixón do armario da sancristía onde se gardaban as roupas de misar do cura. Finalizado o rito vestíase a crianza con roupas novas e rezábanse unhas oracións.

Descrición do rito

Para saber con detalle como era o rito de quitar o enganido na Fonte do Anghenido e na igrexa de Santa María de Bemil, así como as súas variantes sufridas ao longo do tempo daremos voz a algúns dos veciños da parroquia que aínda lembran este ritual. Vexamos que nos contan estes veciños de Bemil:

Sr. Julio Suárez Ferreirós:

Lavaban o meniño, quitábanlle a roupa, e esa roupa xa non lla poñían para que pasara o anghenido. Eso é cousa de meighas, de meighallo. Entonces deixaban toda a roupa colghada así nas silveiras. [...] Despois de que viñan e lavallo, a roupa deixábanlla alí [na fonte] colghada polas silveiras, que os gitanos que vivían alí embaixo, había gitanos alí pola carballeira que antes había unha carballeira [...], entonces deixábana alí a roupa colghada e os gitanos levábana, os gitanos e algún máis. E despois viñan arriba co meniño e había que metelo nun caixón, na sancristía, nun caixón onde está a roupa do cura, deitalo dentro e abrir a porta [abrir e pechar o caixón do armario] así nove veces, nove veces. Abre e cerrar, sen fechar [...] son unhas portas así ghrandes que hai sancristía, una armario onde se viste o cura. [...] Un caixón así...hai varios caixóns, nun deles. Eso facíao eu. Tiña que estar pendiente de que non se caghara anque sexa por riba ou mexara, carallo!! [...] O meniño traíano e despois vestíano. Traíano envolto en roupa, traíano tapado. [...] Dicían unhas palabras, non me acordo aghora que palabras dicían. De cada vez que empezabamos dicían algo, unhas palabras cada vez que se lle daba [abrir e pechar o caixón]. [...] Vestíano con roupas, dáballe unha

[oración?] no altar e marchaban. Marchaban cara atrás sempre [camiño de acceso á igrexa dende a fonte], nunca viñan cara arriba, viñan de abaixo e marchaban por alí. [...] Só se facía [o rito] unha vez soa, que eu sepa.

Sr. Manuel García Rei:

O que contaban, porque agora xa non conta nada nadie. Dende a “Carballeira do Ghitanos” había un sendeiro e viña dar aquí á Fonte do Anghenido que era unha pila de pedra, así case de metro e pico sería máis ou menos, e era ao que se viña aí. Daquela os rapaces os nenos que estaban enfermos, que non se sabía de qué era, votábanlle que era o anghenido o que tiña o rapaz. O que tiñan os nenos era máis fame ca nada. Entonces traíanos aquí, e aquí metíanos na pila esta que era unha auga fría, fría, como la nieve. Era unha auga de medo. E despois de aí solían levalo con acordo, co sacristán que houbera ou tal, porque lle darían unha propina ou algo me supoño, metíano nos caixóns do cura onde tiña a roupa e alí peneirábano, ata que se secara, e entón, pero eso era sempre secreto que nin o cura non sei si o sabería si nada. Entón eso era aquí a fonte do anghenido.

Sra. Herminda Rodríguez Fojo:

Pero traíanos alí, e cando os traían por algo era. Entón traíanos vestidos, e ao chegar alí desnudábanos de todo e metíanos naquela pila e lavábamos naquela agüiña e despois traerían unha toallas, que eu nunca vín ningunha pero facían así. Entón secábanos ben e vestíanos con roupa seca. E despois avisaban ao cura. A roupa que traían deixábana enteira. Deixábana, non sei si a lavaban porque ela quedaba colgada polas silvas, colgábana..., se coñece que a lavaban un pouco. Avisaban ao cura de que íban a vir sacarlle o anghenido ao neno e o cura estaba de acordo (un cura anterior a Don Guillermo, posiblemente D. Ramón Barreiro Canedo, rector entre os anos 1.900 ou 1.910 ata o ano 1.934, cando foi substituído polo párroco D. Guillermo Magán Ferro que se mantivo ata 1.973) e o cura esperaba na igrexa, e despois de bañar ao crío e secadiño e abrigadiño, había

na igrexa vella (antes de reformarse entorno a o ano 1.955) un altariño pequeno coa imaxe de As Neves. Había o altar de As Neves e pasaban ao meniño dúas veces por debaixo (da mesa) do altar, ou tres, non sei as veces que eran. E o cura poñíalle a estola na cabeza ao neno e pasarían con eso na cabeza ao meniño por alí, e rezaríanlle unhas oracións, porque eso non sei como era. Cando reformaron a igrexa... ese altar era moi vello e non existe nin a imaxe siquera. O altar estaba nunha das capillas dos lados, na de abaixo, na do sur.

Sra. Socorro Rodríguez Fojo:

Aparecía sempre roupa colgada alí. A roupa que levaba o rapaz posta non a levaba de volta. Colgábana por alí nas silvas.

Respecto da procedencia da xente que viña facer o rito, a percepción que se ten é que eran xente de fóra da parroquia, que acudía á fonte cedo pola mañá, horas discretas con pouca afluencia de xente na contorna. En canto aos acompañantes da criatura eran os familiares, sobre todo as mulleres da familia.

Sr. Julio Suárez Ferreirós:

Eran os familiares (os que traían aos nenos). Viñan cedo, antes de que o cura baixase. [...] Viña xente de afora, máis ben de afora, de San Andrés ou así. Coñecidos non, de aquí non eran [...] Calquer día da semana. O domingo non que era a misa.

Sra. Herminda Rodríguez Fojo:

Non. Eu non me acordo de nadie. Os que viñan eran de fora. [...] De onde viñan non se sabía. Daquela época eran as mulleres as que andaban sempre cos nenos.

Sra. Socorro Rodríguez Fojo:

Era á mañá moi cedo. Nós nunca víamos a nadie. Só víamos a roupa cando á mañá íbamos por alí que pasábamos moito por alí.

Sr. Manuel García Rei:

Traeríano as mulleres, eran sempre as mulleres. [...] Elas solas. Eso facíase en secreto. Non era publicado nen moito menos. Traía secreto. E levalos alí, á igrexa era tamén secreto, porque aí había que falar co sacristán que era o que tiña as chaves i eso; non sei si o sacristán quén podía ser daquela, porque xa esto hai, canto pode haber?, sesenta e tantos anos. [...] Eu xa non me recordo moito deso porque... me parece que era á mañá temprano para que non vira andar co rapaz por aí nen tal. Á mañá temprano. Como se facían moitos casamentos que se facían, que lle chamaban, pola porta de atrás ou así, non? Sí tamén, había bodas aí e entónces tamén era de mañán sempre.

Sra. Veneranda Rey González:

Eu nunca fun á fonte pero oín falar moito dela. Din que despois de bañar aos nenos tiñan que envolveros nunha pel de cordero, e que a pel había que arrancarlla ao cordero en vida. [O seu fillo recordaba oírle esta historia á súa nai e a outra xente dende sempre, aínda que foron os únicos que proporcionaron este dato.]

En canto á frecuencia na que se celebraban este tipo de rituais, o que fora sancristán de Bemil, Julio Suárez Ferreirós, comenta: *Iso non era a diario [...] unha vez ao mes como moito.*

Partes do rito:

A raíz da información recollida das testemuñas de Bemil podemos establecer dúas partes diferenciadas do proceso curativo ou, se se prefire, dous ritos claramente diferenciados dentro do que sería o procedemento curativo do anguenido:

1. Lavado da criatura na Fonte do Anghenido (lavado do neno e cambio da roupa, sendo a vella abandonada ao Sol para que o tempo as desfíxese)
2. Rito na igrexa de Bemil (do cal existen dúas variantes)

Tendo en conta a bibliografía existente ao respecto dos ritos curativos do

enganido e do mal do aire, e malia non ter a descrición clara do rito completo que se desenvolvía na fonte, podemos formular a hipótese de que, como acontece en moitos outros casos, ou ben existían dúas etapas no proceso curativo cuxos fines son claramente diferenciados:

1. O rito de lavar ao neno enfermo na fonte, que tería a función de identificar cal era o tipo de mal de aire que provocara o enganido da criatura.
2. O rito na igrexa, ben pasando o neno por debaixo do altar, ben metendo no caixón, cuxa función sería a de esconxurar o mal.

Ou ben estamos ante un dobre rito curativo ou a combinación de dous ritos curativos -ambos os dous para tratar o enganido- nunha mesma dinámica sandadora. Esta duplicidade do rito, como acontece coas repeticións ou a combinación de diferentes elementos curativos e protectores nun mesmo rito, buscaría dotar ao proceso esconxurador de máis forza e, xa que logo, de máis efectividade. Teríamos así:

1. O rito lustral (purificador) de lavar ao neno na fonte.
2. O rito esconxurador de contacto co elemento sagrado que se realizaba na igrexa. Ben por imposición das roupas do cura ou por pasar baixo o altar.

Polo que nos teñen comentado os veciños do lugar, os nenos que acudían á Fonte do Anghenido facíano tras ter sido diagnosticados deste mal por unha



Figs. 5 e 6. Exterior e interior da igrexa parroquial de Bemil

curandeira. Xa que logo, entendemos que estamos ante a segunda hipótese: a existencia dun dobre rito curativo que se desenvolvía nunha primeira fase na fonte e nunha segunda fase na igrexa de Bemil.

6. O CAMBIO DO RITO

A teor dos testemuños recollidos, podemos afirmar que o rito de curar o enganado nesta fonte de Bemil e na igrexa sufriu un cambio que, en base ás seguintes informacións, podemos situar ao redor dos anos 30 do pasado século.

O Sr. Julio Suárez Ferreirós naceu no ano 1936 e estivo de sancristán ata os 17-18 anos, isto é, ata o ano 1953-1954. O rito no caixón do armario da sancristía facíase, cando menos, durante eses anos nos que el oficiou de sancristán e antes da reforna da igrexa, que tivo lugar no ano 1955, aproximadamente.

As irmáns Socorro falan dunha variante do rito que se celebraba antes do ano 1934, cando chegou o cura Don Guillerno Magán Ferro. Neste caso, tras o rito de lavar a criatura na fonte, realizábase o ritual na igrexa consistente en pasar ao neno baixo o altar da Virxe das Neves, e na imposición da estola. O rito facíase con autorización do crego, que abría o templo para tales efectos e incluso era o encargado de pasarlle a estola pola cabeza do neno enfermo.

En base á esta secuencia cronolóxica e ao testemuñado polos informantes, dedúcese que o cambio de rito tivo que acontecer nos anos 30 coincidindo coa chegada do novo párroco, o cal concorda co seu rexeitamento a este tipo de prácticas por consideralas pagás ou achegadas á bruxería, tal e como reflicte este comentario do Sr. Julio Suárez:

Don Ghuillermo, que era o cura, eu era o sancristán, non podía saber o que se facía na ighrexax. A min víñanme avisar aquí o día anterior. - Mire, mañá a que hora vai para misa? [...]- Daquela iamos tocar a

campás todos os días á misa. [...] Entonces, cando algún deses quería levar o meniño alí [á igrexa], entón viñan a avisar antes aquí, na víspera, se podía ir un pouco máis cedo antes de baixar [da casa reitoral] don Ghuillermo porque se don Ghuillermo vía iso mimadriña, [...] non porque iso era unha cousa de meighallos.

A posible negativa do novo párroco Don Guillermo a oficiar persoalmente o rito da imposición da estola e do paso baixo o altar orixinou que este ritual de contacto cos elementos sagrados que supoñen o altar da Virxe da Neves e a súa pedra de ara e a estola de misar do cura tivo que ser substituído por un novo proceder que reunise tamén similares elementos simbólicos e apotropaicos. Deste xeito, ao non ter cura que faga a imposición da estola, o oficiante pasou a ser o sancristán e o rito transformouse en meter o neno no caixón onde o cura gardaba as súas roupas (buscando o contacto coas prendas sagradas) e o proceso de transitar baixo o altar converteuse en meter e sacar a gabeta do armario da sancristía (proceso que arreda o renacemento do neno na saúde). Xa que logo, non podemos atribuír o cambio de rito á restauración da igrexa e á eliminación do altar da Virxe das Neves pois, segundo nos relatou o Sr. Julio Suárez Ferreirós, nos anos 40 e 50 (antes da reforma da igrexa) xa non se facía o rito do altar.

Ademais deste troco no rito do enganido, en base aos testemuños da Sra. Veneranda Rey González, habería que facer referencia tamén á posible existencia doutro rito en paralelo para o tratamento das doenzas infantís: o rito do bode ou do fol de castrón, do que falaremos en profundidade a continuación.

7. ANÁLISE DO RITO DA FONTE DO ANGHENIDO

Da análise detallada das diferentes etapas do ritual de esconxurar o mal do enganido na Fonte do Anghenido e das variacións que este rito semella ter sufrido ao longo do tempo, consonte aos testemuños dos informantes entrevistados, podemos establecer os seguintes procedementos rituais cos

seus particulares elementos simbólicos e mecanismos curativos:

- Rito de lavar o neno na fonte
- Rito de desfacerse das roupas vellas
- Rito de envolver o neno na pel de carneiro
- Rito de pasar baixo o altar
- Rito da imposición da estola
- Rito de meter o neno no caixón da armario da sancristía

Analizaremos a continuación cada un deles.

7.1. Rito de lavar a crianza enferma na fonte

A realización dun rito lustral nunha fonte como parte do remedio para curar o enganido é práctica habitual en Galicia, algo que xa sinalou, entre outros, Xesús Vázquez Gallego⁴³:

Al salir los primeros rayos del Sol, se suele llevar a los niños que padecen “Enganido” a las fuentes que “nunca se secan” y se les lava de abajo a arriba. Una vez lavados, se tira la ropa usada y se les pone ropa nueva y limpia. Es condición indispensable del ritual hacer el camino de ida y vuelta sin hablar con persona alguna. La ropa usada se tira o -en zonas- se deja en una encrucijada.

A auga, en tanto masa informe e indiferenciada, simboliza a plenitude de todas as posibilidades e a orixe primitiva de todo o que existe, a materia prima. Aparece en numerosos mitos de creación, na Xénese, por exemplo, dise que o espírito de Deus flotaba sobre as augas. É tamén símbolo de renovación física, psíquica e espiritual. É o elemento purificador por excelencia tanto no Islam, onde se practican as diarias ablucións rituais; como no Budismo; Hinduísmo e o Cristianismo, onde xoga un papel fundamental no bautismo, sacramento principal da fe. A súa relación coa fecundidade, a vida, a renovación e a curación son claras.

⁴³Vázquez Gallego, X. (2004): *Tradiciones y Curanderismo en Medicina Popular en Galicia*. Tórculo edicións. Santiago de Compostela

Explica Mircea Eliade⁴⁴ na súa obra *Lo sagrado y lo profano* que:

Las aguas son el depósito de todas las posibilidades de existencia, preceden a toda forma y soportan toda creación.[...] La inmersión simboliza la regresión a lo preformal, la reintegración al modo indiferenciado de la preexistencia. La emersión repite el gesto cosmogónico de la manifestación formal, la inmersión equivale a una disolución de formas. Por ello, el simbolismo de las aguas implica tanto la muerte como el renacer. El contacto con el agua implica siempre una regeneración: no solo porque la disolución va seguida de un nuevo nacimiento, sino también porque la inmersión fertiliza y multiplica el potencial de vida. [...] Cualquiera que sea el contexto religioso en que se les encuentre, las aguas conservan invariablemente su función: desintegran, anulan las formas, lavan los pecados, son a la vez purificadoras y regeneradoras.

Dende a antigüidade, e aínda hoxe en día, as xentes acoden a estas fontes, pozos, mananciais ou praias para realizar ritos que o cristianismo, tras intentar erradicar sen éxito, acabaría adoptando e asimilando para reconverter estes lugares -cristianizar- baixo a advocación de virxes e santos, á vez que construía ermidas, santuarios e igrexas ao seu redor. Na Gallaecia do século VI, San Martiño de Dumio no seu *De correctione rusticorum* xa advertiu sobre estes cultos reproprobables para a nova relixión:

Además de todas estas cosas, muchos de estos demonios, que fueron expulsados del cielo, presiden o en el mar, o en los ríos, o en las fuentes, o en bosques, a los cuales los hombres igualmente ignorantes que no conocen a Dios los honran como a Dios y les ofrecen sacrificios.[...] Porque encender velas junto a las piedras y a los árboles y a las fuentes y en las encrucijadas, ¿Qué otra cosa es sino culto al diablo?

A auga, ademais de elemento purificador e curativo, ten sido empregada na nosa medicina popular, entre outros múltiples usos, como método de

⁴⁴Eliade, M. (1994): *Lo sagrado y lo profano*. Paidós Ibérica, Barcelona.

diagnóstico do mal de aire, sombra ou enganido que podía sufrir un neno. Poñamos algúns exemplos. En Sanxenxo, segundo recolleu o doutor Lis Quibén⁴⁵, adoitaba lavarse ao enfermo da cabeza aos pés cunha mestura de auga con follas de carballo cerquiño. Unha vez escoada esta auga cun pano de labanisco (tea de Damasco) aparecerían nela os pelos do animal que produciu a enfermidade. Lis Quibén tamén recolleu neste concello de Sanxenxo outros remedios para este mesmo mal de aire. Por exemplo, para o diagnóstico do aire de sapo, de galiña choca ou de salamántiga lavábase o neno con auga de nabiza silvestre procurando que non se derramase ningunha auga pois esta debíase recoller coidadosamente para, ao cabo de oito días, tirase nunha encrucillada ás doce da noite. A auga había que botala por riba da cabeza, cara a atrás, non podendo falar con ninguén nin ao ir nin ao volver a casa. Como último exemplo reproduciremos o que este médico pontevedrés comenta acerca de como se trata nestas terras o chamado aire de cemiterio. Unha vez que se meteu no forno a masa do pan, íspese o neno enfermo e métese na artesa, levantando e baixando a tampa tres ou nove veces, dicindo ao mesmo tempo:

*Antes de este mal ser visto,
nació Cristo,
muera el mal
y viva Cristo.*

Retírase o neno da artesa, logo lávase esta e a auga sucia que resulta da limpeza da artesa tírase dentro do forno contra as paredes do mesmo.

O uso dos baños rituais para curar diferentes doenzas dos nenos é unha práctica habitual na nosa medicina popular. No veciño Portugal é famoso o baño curativo que se celebra no santuario de Sam Bartolomeu do Mar⁴⁶.

El 24 de agosto en Esposende, Portugal, se celebra una romería [...] me refiero al Sam Bartolomeu do Mar. En esta concurrida romería,

⁴⁵Lis Quiben, V. (1949): *La medicina popular en Galicia*. Gráfica Torres, Pontevedra.

⁴⁶Quintía Pereira, R. (2011): *A Nosa Señora da Lanzada. Estudio antropológico de un santuario costero*. Librería Nós, Sanxenxo

documentada ya en el siglo XVI, se realiza un baño ritual y lustral [...]. Se trata del conocido como Baño do Santo a través del cual los niños menores de siete años y aquejados de epilepsia, tartamudez o miedos pueden curarse de sus males. Es creencia que San Bartolomeu expulsa a los demonios y protege a las criaturas indefensas, por eso aquellos padres que buscan la divina intervención del santo para sanar las dolencias de sus hijos acuden cada año al santuario llevando consigo una gallina negra como ofrenda. El ritual a realizar consiste en dar tres vueltas alrededor de la capilla del santo con la gallina en las manos, pasar tres veces por debajo de las andas del santo y sumergirse en el mar un número impar de veces, ya sean tres, cinco o siete.

Antigamente, en moitos lugares de Galicia era frecuente, cando nacía un neno, prepararlle un baño protector contra as enfermidades e todos os perigos que lle podían afectar. Botábase unha moeda de prata ou de cobre na auga e púñaselle unha de ouro na boca para que nunca lle faltase diñeiro. Había que espantar —ou mellor aínda matar— a canta mosca, moscón, abellón e demais bichos houbese no cuarto, pois podían ser bruxas e correr o risco de que lle botasen un mal de ollo ao meniño. Unha vez preparado o baño, metíase a criatura na bañeira ou tinón e botábanselle as primeiras augas por riba ao tempo que se recitaba:

*Coa agua do cu, lávoche a cara,
para que Dios che quite a mala fada.*

Ou este outro ensalmo:

*Boas augas te laven
e boas fadas te faden.*

Ao rematar este primeiro baño, pónselle ao neno as roupas que mandou a madriña. Cando o neno nacía con moita dificultade e por medo a que morrese sen bautizar, botábanlle a chamada “auga de socorro” mentres se recitaban o pertinente ensalmo.

Pero, quizás, de todos os ritos asociados ás augas e á protección dos máis

cativos, o que máis arraigo tivo en Galicia fose o do bautismo prenatal ou bautismo anticipado. Cando unha muller sufría repetidos abortos ou mortes prematuras dos seus fillos recorría a este remedio preventivo consistente en bautizar á crianza no propio ventre materno. O rito bautismal executábase ás doce da noite e, fundamentalmente, consistía no seguinte: levábase a muller embarazada a unha ponte baixo a que correse un río e na que houbese no seu centro ou nas inmediacións un cruceiro. A muller tiña que chegar á ponte antes da media noite e ir acompañada de xente da súa confianza que portaban unha cesta con comida e viño. Unha vez na ponte, colocábase a embarazada no centro dela. Os acompañantes situábanse nas entradas para impedir o acceso de ninguén antes da hora indicada. Todo o procedemento debía facerse en completo silencio. Tan pronto como chegaba o primeiro viandante era parado e facíasele esperar ata as doce en punto, nese momento rompíase o silencio e se lle pedía que fixese o favor de bautizar a criatura no ventre da nai. Unha vez aceptada a encomenda, achegábanse á embarazada e había que dicir:

*Hombre o mujer que vienes de fortuna,
bautízame esta criatura*

O improvisado padriño ou madriña botaba sal sobre o seo da nai e auga bendita sobre o seu ventre preñado á vez que recitaba o seguinte ensalmo:

*Si é home Manuel se le pone,
si é muller Isabel.
Criatura te bautizo en el nombre del Padre,
del Hijo y del Espíritu Santo. Amén.*

O nomes citados no ensalmo son xenéricos e adoitaban cambiarse por aquel elixido pola nai. Outras veces, cando o bautismo se celebraba sobre un río cuxas augas se mesturan coas do mar, prescindíase do sal e da auga bendita e bautizábase o ventre da nai con auga do propio río. Unha vez rematada a cerimonia, a muller cambiábase de roupa e antes de regresar á casa procedían todos xuntos a dar conta das viandas e do viño. As sobras do banquete bautismal debía ser botadas ás augas do río.

7.2. Rito de desfacerse das roupas vellas

As roupas que levaba o neno cando chegou enfermo á fonte teñen que ser desbotadas ou destruídas simbolicamente, pois identifícanse co mal que tiña o neno antes do rito lustral e purificador do baño. O elemento purificador por excelencia, a parte da auga, é o lume e, por extensión e equivalencia simbólica, o Sol coa súa potencia lumínica e calórica. De aí que cando se realiza ritos contra o mal e pezoña ou de aire de bicho, a auga utilizada se tire sempre ao lume ou onde dea moito o Sol, *onde arraia o Sol*. No caso que nos ocupa, o feito de deixar as roupas vellas colgadas das silvas e onde lles dea o Sol tería ese mesmo fin purificador. Di a Sra. Socorro Rodríguez Fojo referíndose á Fonte do Anghenido e ás silveiras onde deixaban as roupas vellas dos nenos:

Só víamos a roupa cando á mañá íbamos por alí que pasábamos moio por alí. Alí daba moi ben o sol e á mañán...

Outro dos significados que podemos ver no feito de deixar as roupas vellas e “contaminadas” a secar ao Sol e aquel que tamén atopamos nos ritos curativos das doenzas da pel que se celebran en moitas fontes galegas e onde é habitual que, unha vez lavada a ferida cun pano, este se deixe a secar prendido nunha póla. A medida que seca e se vai desfacendo o pano co paso dos días -no noso caso, as roupas do neno- así irá secando e desfacéndose a doenza. É, xa que logo, un exemplo de rito de maxia simpática.

7.3. O rito da pel de carneiro: O rito do bode

A Sra. Veneranda Rey González menciona un dato interesante neste ritual e que nos pon tras a pegada doutro típico rito curativo utilizado na medicina popular galega e portuguesa⁴⁷ -o rito do vode- para tratar determinadas

⁴⁷Para saber máis sobre o rito do vode en Portugal recoméndase a lectura dos seguintes traballos:

-Consiglieri Pedroso (1881) “Superstições Populares (Vária)”, *O Positivismo*, 3º vol., pp. 1-21;

-Consiglieri Pedroso (1988) *Contribuições para uma Mitologia Popular Portuguesa e Outros Escritos Etnográficos*. Publicações Dom Quixote. Lisboa

doenza infantís relacionadas co enganido:

Din que despois de bañar aos nenos tiñan que envolvelos nunha pel de cordero, e que a pel había que arrancarlla ao cordero en vida.

Respecto do termo *Vode* dise⁴⁸ que, ademais do seu significado de castrón ou “macho cabrío”, fai referencia a: *niño tullido, malhadado, retrasado*. Polo tanto, podemos relacionar este rito coa doenza do enganido. Se, ademais, temos en conta que, ás veces, uns dos síntomas do mal do enganido ou tangaraño son os problemas na fala ou tartamudez a relación entre o mal do anguenido e o rito do vode -ou pelica de castrón- está clara.

Aníbal Otero Álvarez⁴⁹ explica o procedemento curativo que se levaba a cabo en San Trocado, A Estrada:

Aparece esta palabra [vode] en el procedimiento supersticioso que se sigue, en San Trocado, para curar al mudo. La madrina de éste va con

-Maria Peregrina de Sousa (Uma Obscura Portuense): carta 11ª, *Revista Universal Lisbonense*, IV, p. 552

-Maria Peregrina de Sousa: “Tradições Populares do Minho (Cartas)”, *Revista Lusitana*, vol. VII, 1900-1901, fasc. 2, p.150

-José Maria Adrião: “Tradições Populares colhidas no concelho do Cadaval”, *Revista Lusitana*, vol. VII, 1900-1901, fasc. 2, pp. 102, 125

-Verissimo de Melo: “Algumas Superstições”, *A República*, Natal, 4/7/1948

-José Francisco Trindade Coelho: “Os Meus Amores (contos e baladas)”. À *Lareira*. Livraria Aillaud & C.ª, Paris – Lisboa. 1901. pp. 200-201

-Francisco Henriques (2005) “Psicopatologia da criança no sul da Beira Interior (perspectiva etnológica)”. *AÇAFA On Line*, núm. 1, 2008

-J. Leite de Vasconcelos (s/d) *Tradições Populares de Portugal*, 2ª edición. Imprensa Nacional Casa da Moeda, Lisboa.

-J. Leite de Vasconcelos (1982) *Etnografia Portuguesa*, vol. V. Imprensa Nacional Casa da Moeda, Lisboa

-Joaquim, Teresa (1983) *Dar à Luz – Ensaio Sobre as Práticas e Crenças da Gravidez, Parto e Pós-Parto em Portugal*. Publicações Dom Quixote, Lisboa

⁴⁸Filgueira Valverde, L., Tobío Fernandes, Magariños Negreira, A. e Cordal Carús, X. (1926): “Vocabulario popular castelán-galego”. Publicado por entregas en *El Pueblo Gallego*

⁴⁹Otero Álvarez, A. (1976-1977): *Hipótesis etimológicas referentes al gallego-portugués*, CEG XXX/90-91-92, pp. 137-155

él a pedir limosna en nueve casas; al llegar a cada una de ellas, llama a la puerta. -¿Quién está?, preguntan desde dentro de la casa -Un vode, que quere falar e non pode, contesta la madrina. No pueden marchar sin limosna; si no tienen pan, sirve una patata. El mudo come ocho de las limosnas y una se le da al perro. Después de comer cada cacho, dicen: Pol-a gracia de Dios e da Virgen María, un Padre nuestro e un Ave María. La madrina reza un padrenuestro en cada una de las nueve casas. DEL LAT. "VOTUM". (HE25)

Alfredo Vicenti⁵⁰ fai referencia tamén ao costume do “bode”:

La costumbre o superstición del bode es propia de las Rías Bajas. Siempre que una criatura llega a los tres años sin haber roto a andar ni hablar, la madre mete al niño dentro de la piel de un carnero recién degollado, se echa la carga al hombro y recorre las casas del lugar solicitando ofrendas por medio de una invocación muy semejante a un conjuro:

*-“¡Limosniña par’o bode
que quér falar e non pode.”*

Antonio Fragua⁵¹, pola súa banda, fala do rito en Cotobade:

A los dos años o antes el niño debe hablar y si no lo hace empieza la preocupación de los familiares. A veces le dicen palabras mal sonantes que dicen que son las primeras que aprenden y cuando ni siquiera estas palabras dicen procuran conseguirlo por medio de una curiosa petición por las aldeas. La madrina lleva al ahijado en brazos y con los pies metidos en un fol. Tiene que pedir nueve limosnas y cuando se presenta a una puerta dice:

*- unha limosna o bode
ven cos pes metidos nun fol*

⁵⁰Vicenti, A (1917): “La costumbre del “bode” (As Rías Baixas)”. En “El alma popular” (II), Rev. Mondariz, 15-IV-1917, núm. 23, p. 482

⁵¹Fraguas y Fraguas, A. (1997): *La Galicia insólita. Tradiciones gallegas*. Edicións do Castro. A Coruña

quere falar, e non pode.

La madrina, con el maíz que junte o trigo o centeno, tiene que hacerle nueve bollos y el niño tiene que comerlos todos. Las limosnas son para San Bernabé a donde llevan muchos pequeños para que sean diestros en hablar (25).

Nota: (25) Comprende buena parte de las tierras de Cotobade y Montes.

Xesús Taboada Chivite⁵² tamén se refire a este rito nos seguintes termos:

Si son tatarexos, introdúcese o rapaz nunha bolsa e lévase de porta en porta por casas que teñen entrada e saída.

É importante facer referencia ao simbolismo de introducir ao neno na pelica de cordeiro para despois sacalo na igrexa cando se fai a segunda parte do rito. Tal e como comenta Francisco Henriques⁵³ no seu traballo *Psicopatología da criança no sul da Beira Interior (perspectiva etnológica)*:

O facto da criança estar metida no odre significa, simbolicamente, que ainda não nasceu, que ainda se mantém no interior do âmnio. Logo é necessário retirar a criança do fole para que possa nascer de novo, agora socialmente. isto é, que comece a falar. Como escreve Teresa Joaquim (1983:217) “a entrada no mundo da linguagem falada e o baptismo funcionam como ritos de nascimento social para a criança, dos quais são responsáveis os padrinhos –esta prática significa o nascimento da criança pela palavra que é o instrumento da socialização, assim um rito de passagem que se opera pela aquisição da palavra”. Este segundo nascimento dá-se, frequentemente, por intermédio da madrinha –mãe social.

Xa que logo, de igual xeito que acontece nos ritos lustrais ou cando se pasa a un neno a través dunha árbore cerquida, baixo unha mesa, ponte ou calquera cavidade ou apertura que poida arremedar o tronso do nacemento,

⁵²Taboada Chivite, X. (1972): *Etnografía galega (Cultura espiritual)*. Ed. Galaxia

⁵³Francisco Henriques (2005): “Psicopatología da criança no sul da Beira Interior (perspectiva etnológica)”. AÇAFA On Line, núm. 1, 2008

o feito de sacar a crianza do fole ou pelica de cabrito é un xeito simbólico de representar un renacemento a un novo estado anímico e físico onde o neno recobra a saúde conseguindo, deste xeito, vencer á enfermidade, no caso que nos ocupa, o temido anguenido.

7.4. Rito de pasar baixo o altar: o rito de pasaxe

Algúns destes ritos que se celebran nas igrexas e santuarios buscan establecer contacto directo co poder das imaxes sagradas para demandarlles a súa intervención na curación da enfermidade. Ir baixo a imaxe dunha santa, santo ou da Virxe durante la procesión, pasar baixo as andas dunha imaxe sagrada ou transitar baixo un altar supón establecer un contacto directo con seu poder e un acceso privilexiado á sagrada intervención dos santos e das potencias divinas. Pero, á vez, é unha forma simbólica de expresar que o devoto se atopa baixo o amparo, neste caso, da Virxe das Neves, feito que propicia a súa sanación. En ambos os dous casos, o contacto coa imaxe e coa pedra de ara ten unha finalidade profiláctica e curativa. Lembremos que a pedra de ara ou o altar son elementos considerados sagrados -e, xa que logo, curativos ou milagreiros-, pois sobre eles oficiase o sacramento da eucaristía.

De toda a ritualidade sandadora que recolle Elisardo Becoña na súa obra *La actual medicina popular gallega* a máis interesante para o caso que estamos a estudar é un testemuño da descrición dun rito para curar o enganido consistente en pasar ao neno doente baixo a figura dunha Virxe. Como veremos, este ritual, cos seus elementos, ten moito que ver co descrito para a Fonte do Anghenido de Bemil, xa que coincide en moitos aspectos co que se facía no altar da Virxe das Neves antes da chegada do cura Don Guillerno Magan Ferro no 1934, cando se pasaba ao neno baixo o altar da Virxe, unha vez lavado na fonte. Becoña describe así o procedemento curativo recollido dun informante de Louredo, parroquia de Lourizán (Pontevedra) en referencia a un indeterminado lugar da provincia de Pontevedra onde se realizaba o ritual curativo nunha igrexa que non chega a especificar. No rito tiñan que participar tres mulleres de nome María e consistía en pasar ao neno baixo as andas dunha imaxe de Virxe María mentres as tres marías

dispostas en forma de cruz baixo as andas recitaban o seguinte ensalmo á vez que se ían pasando unha a outra o neno enfermo:

-Toma María!
-Que me das?
-O enganido.
-O enganido non cho quero,
-que quero a (nome do neno).
-Pola gracia de Dios,
e da Virxe María,
un Padre Nuestro,
e un Ave María.

En relación co mal do enganido e o rito de pasar os nenos baixo o altar ou baixo outros elementos simbólicos, Antonio Fraguas⁵⁴ comenta o seguinte:

Una enfermedad muy temida es el Enganido, ánganido, tangaraño y enguenido, que de todas estas maneras se llama. Es un raquitismo que pone al niño flaco y sinapetito de comida y puede ocasionarle fuertes trastornos y hasta la muerte. La creencia es que de noche los chupa una bruja, y para curarlos, se buscan tres Marías y lo llevan en silencio, de noche, hasta el atrio o lugar cercano donde se encuentra la mesa de poner al Santísimo el día del Corpus. Se arrodillan delante del crucero, rezan un Padrenuestro y a continuación la que tiene el niño se lo da a la otra diciendo:

-Toma, María
-Ti que me das, María?
-O Enganido
-O Enganido nono quería.

Todo el diálogo se dice pasando al niño por encima de la mesa, otras versiones dicen por debajo. También lo pueden hacer pasándolo por debajo de un arco de una zarza presa por los dos extremos, por el

⁵⁴Fraguas y Fraguas, A. (1997): *La Galicia insólita. Tradiciones gallegas*. Edicións do Castro. A Coruña

hueco de un roble o por debajo de unas piedras. Se hace igualmente en casa en la cocina, pasándolo por debajo del aro de una caldera colgada de la gramalleira.

Respecto da variante de pasar ao neno baixo unhas silvas, Buenaventura Aparicio Casado⁵⁵ recolle en Poio o seguinte rito:

Para curar o aire pasaban o neno baixo dunha silveira. A silveira ten que estar presa na raíz e ten que facer un arco dun lado a outro. Pasábase o neno e dicíanse unhas palabras.

Este historiador recolle tamén outra variación do rito:

Había que buscar unhas silvas que estivesen facendo cruz, con raíces nun lado e noutro. Tiñan que estar pegadas no coto e máis na punta. Entón, cando daban as campás as horas, á mediodía ou á noite, había que estar alí, preparado co rapaz. A roupa que traía había que lla tirar e enterrala. Esa roupa xa non podían poñela. Eles ían pasando por debaixo da cruz das silvas e poñíanse un dun lado e outro doutro, e íanlle facendo as oracións. Ó rematar, cortaban as silvas e tirábanas enriba dun tellado, e despois collían o rapaz e ían de espaldas dando voltas arredor dun pexegueiro. Daban nove voltas, e, de cada unha, arrincaban unha póliña do pexegueiro. Se o pexegueiro secaba, morría o rapaz, e se non, o rapaz curaba.

Outras veces o altar é substituído por unha mesa doméstica, tal e como puiden recoller no concello de Mesía, ou por outro elemento similar: cítese un banco. O antropólogo danés Gustav Henningsen⁵⁶, que fixo traballo de campo nos 60 en Ordes, descríbennos detalladamente unha das diversas variantes deste rito para curar, neste caso, a sombra.

Primeiro cóbrese un banquiño cun mantel branco. Nesa mesa

⁵⁵ Aparicio Casado, B. (1992): *A tradición oral en Poio*. Edita Excma Deputación Provincial de Pontevedra.

⁵⁶ Catálogo da exposición *Gustav Henningsen. Fotografías etnográficas 1965-1968. Galicia máxica. Reportaxe dun mundo desaparecido*. Museo do Pobo Galego. 2005. Santiago de Compostela

póñense nove bocadiños de queixo e nove de pan. A continuación pasan a criatura “asombrada” nove veces por baixo desa mesa co conseguinte diálogo máxico:

-Toma, María

-Que me das?

-Unha asombrada

-Eu a recibo sa e salva

-Co poder de Deus e a Virxe María

A nai devolve a nena á curandeira. A que pasa a criatura á outra [...] é a que cada vez ten que quitar un anaco de pan e queixo. As oito veces pásase o neno coa cabeza primeiro, igual dá que coa cara arriba que para abaixo. A última vez pásase cara abaixo e cos pés primeiro. Despois bótaselle o pan e o queixo ao can. De seguido cóase cinza do fogar por un cribo. Despois de coada recóllese a cinza. Chegou a hora de lava a nena para quitarlle a sombra. Lávasse ao revés, empezando polos pés, ao mesmo tempo que se di:

Felipa, rapaza! (igual se é un neno)

Coa auga do cú

Lávoche a cara.

Co poder de Deus e a Virxe María

Agora mestúrase a auga do lavado coa cinza coada. E fíltrase a mestura cun trapo. Apretando o trapo faise unha bola da masa. Ábrese con coidado a bola para examinar o seu contido. Se se atopan pelos será sinal de que a enfermidade é “sombra de cadela ou de gata en celo”; se hai plumas é “sombra de galiña choca”; se hai unha mancha de sangue é sombra de muller menstruando; se hai unha mancha negra é sombra de defunto. [...] despois de lavar a criatura había que poñerlle roupa limpa (tamén ao berce). A auga do lavado había que levala a unha encrucillada e derramala alí, indo por un camiño e volvendo por outro, e sen falar con ninguén.



Fig. 7. Altar maior da igrexa de Santa María de Bemil coas reliquias de San Xusto

Paralelos do rito de pasar o neno baixo o altar para curar o enganido:

Nos cumios da Serra Leboreiro érguese o Monte de San Cibrao. Os seus case 1.000 metros de altitude fan desta montaña un referente xeográfico non só do concello de A Bola senón tamén das terras de Celanova. No alto deste monte localízase unha antiga ermida dedicada a San Cibrao que foi construída no século X —aínda que algúns historiadores dátana no século VIII—, sendo inicialmente de estilo mozárabe. Ao San Cibrao de Pardavedra⁵⁷ acudían as xentes da comarca por ser un santuario especializado en curar os nenos enfermos do temido tangaraño. O tangaraño, como dixemos, é unha enfermidade da infancia que hoxe relacionaríamos coa desnutrición ou co raquitismo, pero que antigamente asociábase xeralmente ao mal do aire. As criaturas que caían nun estado de debilitamento físico, de adelgazamento xeneralizado, de inflamación do ventre, de desordes dixestivos, palidez da pel, ou incluso problemas motrices ao andar ou ao falar pensábase que tiñan o tangaraño. Cumpría entón acudir a persoas expertas en tratar estes males ou buscar amparo na

⁵⁷Quintía Pereira, R. (2017): *Universos simbólicos. Olladas ao redor da cultura e da identidade galega*. Ab Origine Edicións. Pontevedra

fe e no poder dos santos e dos santuarios, como era o caso da ermida do Monte de San Cibrao. Na actualidade celébrase neste santuario unha romaría o último fin de semana de agosto e tamén o 16 de setembro.

O rito de curación que se celebraba neste lugar consistía en pasar, por tres veces seguidas, o neno doente por debaixo do altar maior da ermida, aínda que outros testemuños falan dunha pedra especial que había na capela. Din que o rito tamén serve para manter o neno protexido fronte a este mal da infancia.



Figs. 8 e 9. Ermida de San Cibrao de Pardavedra e altar da ermida onde se facía o rito do tangaraño.

Temos moitos máis exemplos de igrexas onde se fai o rito de pasar aos nenos enfermos baixo o altar ou imaxe dos santos. Por exemplo, en Pardo, Ponteareas, pasan os nenos enfermos baixo o altar de San Bartolomeu. O mesmo se fai na igrexa de San Bartolomeu de Queirugás, en Verín. De igual xeito se facía no santuario do Neno Xesús de Caroi (Cotobade).

Na igrexa de Santa Mariña de Fragas, Campo Lameiro, pasan os nenos e as nenas baixo a imaxe de Santa Mariña para curarlles o mal que poidan ter. Malia que o actual cura prohibiu este rito, a escondidas aínda se segue a facer.



Figs. 10 e 11. Rito de pasar baixo a imaxe da santa en Santa Mariña de Fragas. (Imaxes cedidas por Roberto de la Torre)

O rito na ponte Rial (Bétola, Vilaboa)

Relacionado cos ritos curativos das doenzas infantís consistentes en pasar á criatura por baixo dun elemento ou obxectos de grande carga simbólica (cítese: o altar, ponte, a pá do forno, etc) podemos facer referencia ao rito da ponte Rial⁵⁸, na parroquia de Bértola, concello de Vilaboa, aínda activo e

con certa afluencia de enfermos que acoden á curandeira que vive nunha casa a carón desta ponte que cruza o río Barco.

Cando un neno estaba débil, non comía ou sufría constantes diarreas era frecuente recorrer ao rito da Ponte do Rial. Os nenos sospeitosos de teren este terrible



Fig. 12. Vista da Ponte do Rial

⁵⁸Quintía Pereira, R. (2014): *Patrimonio Inmaterial de San Martiño de Salcedo. Lendas, historias e crenzas*. Sociedade Antropolóxica Galega. Ourense

mal que ía acabando con eles levábanse a Ponte Rial, en Bértola, onde unha curandeira lles facía -e aínda fai- un rito esconxurador do mal e despois mandábaos pasar por baixo da ponte nove veces. Hai quen di que se facía 27 veces. Para que o remedio fose efectivo había que ir por un camiño e volver por outro diferente. Mentres se estaba na ponte facendo o rito non se podía deixar pasar a ningún ser vivo, xa fose humano ou animal. Para iso un gardián situábase a cada extremo da ponte co aquel de impedir o tránsito a quen se achegase ao lugar.

7.5. Rito da imposición da estola

A estola é un elemento litúrxico da indumentaria dos sacerdotes cristiáns e, ademais, é o signo de Xesús. A estola é símbolo dos poderes sagrados que reciben o clérigo, como pastor que leva ás súas ovellas sobre os seus ombreiros, como mestre que ensina aos seus discípulos; como guía que conduce as almas ara a vida eterna. De aí que o clérigo rece a seguinte oración ao poñer a estola:

Devuélveme, Señor, la túnica de la inmortalidad, que perdí por el pecado de los primeros padres; y, aunque me acerco a tus sagrados misterios indignamente, haz que merezca, no obstante, el gozo eterno.

A estola, é o símbolo deo poder e da autoridade sacerdotal e é a insignia por excelencia da dignidade sacerdotal. Ademais, leva como decoración unha cruz no medio, á altura do pescozo, que o cura bica antes de poñela e é un obxecto que está en estreita relación co rito eucaristía. Por todo isto, esta prenda que inviste de poder ao crego para oficiar a misa e os sacramentos, entre outros actos, adquire na nosa cultura o rango de obxecto de poder e de elemento sacro. É por iso que algúns curandeiros, como por exemplo os pastequeiros que oficiaban na ermida de San Cibrao de Tomeza (Pontevedra), usaban a estola para realizar os seus ritos curativos e exorcizadores.

Co rito de imposición da estola sobre a cabeza do neno que padece o enganido búscase a curación do enfermo a través do contacto co elemento

sagrado e da impregnación coa enerxía salútfera e rexeneradora que emana o obxecto sagrado.



Fig. 13. Antiga estola no armario da sancristía da igrexa parroquial de Bemil

7.6. Rito de peneirar ao neno na gabeta do armario da sancristía

O rito de meter o neno enfermo no caixón das roupas do cura ten un dobre significado. Por unha banda, como no caso da imposición da estola, estamos facilitando o contacto do enfermo cun obxecto ou prenda considerado sagrado: as roupas que utiliza o crego para oficiar a misa e os sacramentos. Por outra banda, e ao igual que acontece cos ritos onde se meten aos nenos enfermos nunha artesa, nun fol ou incluso no forno da casa, o feito de entrar neste receptáculo escuro, pechado e angosto e o feito de, a continuación, sacalo del -abrindo o caixón- é un xeito simbólico de arremedar o nacemento -neste caso, un renacemento- no que o neno recobra a saúde ou volve a un estado físico previo ao causado pola enfermidade, é dicir, renace a un estado novo de saúde e fortaleza.



Figs. 14 e 15. Antigo armario da sancristía da igrexa parroquial de Bemil onde se facía o rito do anghenido

O rito de meter ao neno na gabeta do armario da sancristía podemos pólo en relación con outros ritos similares que podemos clasificar como ritos de enclaustramento e liberación pois, dalgún xeito, con esa escenografía de enclaustrar o neno para despois liberalo estamos arremedando o renacer da criatura, que pasa dun estado previo de enfermidade a un novo estado de saúde. Poñamos algúns exemplos destas ritualidades.

O “mal da sombra” -doenza tamén asociada ao enganido- tamén se pode quitar metendo ao neno debaixo dun queipo e deixando saltar as ovellas por riba⁵⁹. Neste caso, o queipo ou cesto fai as funcións do lugar de enclaustramento do que hai que saír unha vez finalizado o rito.

Temos outro exemplo no rito do neno no forno. Contra o mal de “aire de gato”, que pode afectar ás crianzas e ocasionar un mal equivalente ao enganido, recollín⁶⁰ na parroquia de Salcedo (Pontevedra) o seguinte rito relacionado coa crenza de que un dos animais máis perigosos polo aire que poden botar son as gatas acabadas de parir. Era por iso que cando unha gata estaba neste estado había que afastala dos nenos pequenos para evitar que estes caesen presos do mal de aire de gato. Un dos remedios máis habituais contra o mal de aire de gato era facer o ritual do forno que consistía no

⁵⁹ Catálogo da exposición *Gustav Henningsen. Fotografías etnográficas 1965-1968. Galicia máxica. Reportaxe dun mundo desapercido*. Museo do Pobo Galego. 2005. Santiago de Compostela

⁶⁰ Quintía Pereira, R. (2014): *Patrimonio Inmaterial de San Martiño de Salcedo. Lendas, historias e crenzas*. Sociedade Antropolóxica Galega. Ourense

seguinte: cóllese o neno enfermo do “aire”, íspese, afástase a roupa e lávase o neno na artesa. Ao acabar gárdase esta auga. Vólvese lavar o neno e gárdase esta segunda auga. Lávase por terceira vez o neno na artesa de amasar o pan e gárdase de novo a auga de lavallo. O rematar os lavados faise coa auga gardada a masa para o pan. Amásase e faise un bolo de pan que se mete no forno aceso. A continuación ponse o neno na pa do forno e métese



no forno quente. Sácase rapidamente o neno na pá, para evitar que se poida queimar, e pásase por riba da artesa, así por tres veces consecutivas. Ao rematar vólvese lavar o neno e vístese con roupa limpa. A auga sobrante dos lavados bótase dentro do forno, a metade cara a parede da dereita e a outra metade no lado esquerdo da parede interna do forno. Ao día seguinte se aparece unha mancha dentro do forno na parede dereita significa que o mal era “aire de muller” e se é na parede esquerda significa que era “aire de gato”.

Fig. 16. Forno

Vemos, pois, que as variantes deste rito que denomino de enclaustramento e liberación son moitas e van dende introducir ao neno na gabeta dun armario como no caso de Bemil, ata metelo nun queipo, no forno ou incluso na artesa.

8. COMPARATIVA DO RITO DA FONTE DO ANGHENIDO CON OUTRAS FONTES PARA CURAR O ENGANIDO:

En Galicia existen numerosas fontes asociadas a ritos curativos e, en concreto, a curar doenzas da infancia, tal e como acontecía na Fonte do Anghenido de Bemil. Os ritos que se celebran, ou celebraban, nestas fontes son moi similares os que se levaban a cabo en Bemil, tanto na fonte como a ritualidade posterior na igrexa. De aí a importancia de coñecer estes outros mananciais para poder reconstruír e ter unha visión máis completa do que se facía na Fonte do Anghenido. Citaremos, xa que logo, algunhas destes mananciais curativos como exemplo comparativo do que nelas acontece.

Fonte dos Nenos Santos (Cotobade)

Na parroquia de San Xurxo de Sacos (concello de Cotobade), no lugar de Baños de San Xusto existe unha fonte na que se celebraban ritos curativos contra anguendio. É a coñecida como Fonte da Carballeira de San Xusto ou Fonte dos nenos Santos, en referencia a San Xusto e San Pastor a quen está dedicada a capela da carballeira. Ao igual que acontecía coa fonte de Bemil, esta fonte tamén desemboca nunha pía de granito que desauga nunha canle que atravesa a carballeira de San Xusto.

José Luís Fuentes⁶¹ recolleu a tradición, hoxe desaparecida, de curar o enganido nesta fonte. O rito consistía en lavar ao nenos enfermos na fonte durante nove días seguidos. O rito lustral tíñano que facer de tres mulleres de nome María que, a medida que o lavaban, se pasaban o neno entre elas mentres recitaban o seguinte ensalmo ou diálogo ritual:

-Toma María

-E qué me das?

-Douche o Angenido

-O Angenido non o quero.

⁶¹Fuentes Fuentes, J. L. (1976) "La Romería de San Xusto en San Xurxo de Sacos".
Revista Gallaecia. Publicación del Departamento de Prehistoria y Arqueología.
Facultad de Geografía e Historia. Universidad de Santiago de Compostela, p. 262.

Quero a fulano (nome do cativo enfermo) san ou vivo.

O derradeiro día do rito levaban un pote de barro virxe (novo, sen usar) e cando regresaban da fonte rompían o pote nun cruzamento de camiños. Outras veces, despois do lavado acudían xunto ao cura para que lles botase incenso e noutras ocasións, entraban na capela -ás veces, forzando a porta- para darlles a bicar ao neno enfermo a estola vermella do cura.

En conclusión, podemos observar no rito que se celebraba nesta Fonte dos Nenos Santos moitas similitudes co que acontecía na Fonte do Anghenido de Bemil, como son o tema das dúas partes do rito, o lavado na fonte e, incluso, a imposición da estola na capela.



Figs. 17 e 18. Fonte dos Nenos Santos e ermida da Carballeira de San Xusto, onde se realizaba parte do rito curativo do enganido

A Fonte dos Meniños (Chantada)

Outra fonte asociada á curación do enganido é a Fonte dos Meniños, un manancial de propiedades salutíferas situado no monte comunal de San Vicente de Argozón (Chantada), nas ladeiras do Monte Faro. Segundo recolleu na súa investigación Xoán Carlos García Corral⁶²:

A fonte, á que os máis vellos lle asociaban poderes curativos, levaban ós nenas e nenas para curarse do "anghanadiño" ou enganido, que era unha enfermidade que lle afectaba ós rapaces e rapazas que tiñan

⁶²García Porral, X.C. (2006): "A Fonte dos meniños: experiencias e tradición". *Lucensia: miscelánea de cultura e investigación*, Vol. 16, Nº. 33, pp. 363-372

falta de enerxía, mal que manifestaba os seus síntomas na tendencia que tiñan as criaturas a cruzar as pernas. Para poder curarse había que pasar á criatura por debaixo dunha pedra que, situada horizontalmente sobre o regueiro do manancial, facía de ponte. Dúas mulleres, colocadas a cada lado do arco da ponte, pasábanse entre si o neno/a nove veces repetindo en cada unha delas o seguinte responso dialogado:

1ª MULLER: "¡María!"

2ª MULLER: "¿Que?"

1ª MULLER: "Toma este enganadiño. Se é pa Dios, Dios o leve. Se é po mundo, Dios o salve"

Unha vez rematado o ritual deixaban unha candeia acesa: "se se apagaba, morría a criatura; se se mantiña acesa, vivía". Tamén se deixaban cartos na fonte e as roupas que levaban postas os rapaces e rapazas no momento do rito". A esta versión, outro dos consultados (Xosé Eiriz, de 60 anos) engadeulle que dito ritual había que realizalo pola noite, e que ademais había que romper á metade (de arriba abaixo) un carballo ou unha xesta e pasar á criatura pola fenda.


Volvemos atopar aquí moitas similitudes co que se facía na Fonte do Enghenido de Bemil. Primeiro temos o rito de lavar o neno no manancial e de deixar alí as roupas que levaban os nenos enfermos. Temos tamén un rito de pasar ao meniño, neste caso, baixo unha pedra que fai de ponte. Lembremos que na igrexa de Bemil facíanse baixo o altar da Virxe das Neves. Por último, temos unha fonte milagreira situada moi perto dun templo cristiá: a ermida da Nosa Señora do Faro. Este aspecto da proximidade a un espazo sacro vese incrementado pola crenza documentada por García Corral da existencia dos restos dunha capela ao pé da fonte. Esta suposta capela son os restos da cámara tumular dunha mámoa que, hoxe moi deteriorada, se sitúa a escasos metros do nacemento do manancial.



Figs. 19 e 20. Manancial da Fonte dos Meniños e Restos do túmulo coñecido como “A Capela”

A Fonte da Nosa Señora de Gundián, en Ponte Ulla

Actualmente, no día da festa parroquial da Nosa Señora de Gundián, lavan aos nenos e nenas na fonte para curalos de calquera mal e para protexelos. Tras o rito lavativo deixaban as roupas do nenos alí expostas. Desta fonte xa tiñamos referencia escrita da man de Antonio Fraguas⁶³, quen nos conta que no día da Virxe facíase o rito de lavar aos nenos enfermos na fonte. A roupa que levaban os rapaces debe ser doada aos pobres polo que rematado o rito purificador no manancial a criatura debía ser vestida con prensa novas. A continuación era costume facer unha ofrenda de trigo á Virxe en equivalente ao peso do neno. Volvemos ver aquí o rito do baño na fonte e despois un rito de petición á Virxe.



Figs. 21 e 22. Rito de lavar os nenos na Fonte da Nosa Señora de Gundián. Imaxes cedidas por Roberto de la Torre

⁶³Fraguas y Fraguas, A. (1997): *La Galicia insólita. Tradiciones gallegas*. Edicións do Castro. A Coruña

A Fonte do Tangaraño (Cartelle)

Fonte situada no lugar de Pazo – Lamagrande, na parroquia de San Miguel de Espiñoso, concello de Cartelle e próxima á igrexa da Nosa Señora do Adrio. O rito curativo consiste en pasar os nenos enfermos nove veces a través dun burato existente na estrutura da fonte. Unha persoa púñase na parte superior da fonte e outra introducíase na fonte co neno. A de abaixo pasaba o neno á de arriba á vez que recitaba: *Aí che vai o engaranido e o engarañado*. A persoa que estaba arriba, ao outro lado do burato collía ao rapaz e respondía: *Dios o reciba sano e salvo*. A continuación volvíase repetir o rito 9 veces. Unha vez finalizado, espíase ao neno, enterrábanse as roupas usadas e púñanselle unhas novas.

Segundo a versión recollida no lugar por Victor Estévez⁶⁴, o neno tiña que estar espido e repetíase o paso pola fonte tres veces, a continuación colocábano no fornelo que está na parte alta da fonte e recitaban unha oración o “Deus te salve” ou “Deus te lave”. Despois levaban o neno a capela da Virxe do Adrio e pasábano tres veces por debaixo das andas da Santa. Finalmente había que sacarlle a roupa e enterrala durante oito días.

As propiedades curativas desta fonte están relacionadas coa súa proximidade á capela da Asunción. O día 15 de Agosto celébrase a Nosa Señora do Adrio, tendo lugar unha procesión polo lugar da fonte, e o día seguinte 16 de Agosto outra na honra de San Roque.

Tendo en conta o que acabamos de explicar, cabe sinalar os grandes paralelos entre o o rito celebrado nesta Fonte do Tangaraño de Espiñoso e o que se facía na Fonte do Anghenido de Bemil. En ambos os dous casos, atopámonos cunha primeira fase de rito lustral na fonte e, posteriormente, un rito na igrexa consistente en pasar baixo baixo unha imaxe sagrada. Tamén, nos dous casos, era necesario desfacerse das roupas usadas.

⁶⁴<http://patrimoniogalego.net/index.php/32673/2013/01/a-fonte-do-tangarano/>



Figs. 23 e 24. Rito de pasar os nenos polo burato da Fonte do Tangaraño. Imaxes cedidas por Roberto de la Torre

Nesta Fonte do Tangaraño tamén se celebraba outro rito relacionado coas doenzas infantís: o rito, xa comentando, de cortar a solta, chamado neste lugar cortar a pexa. Este feito volve pór en relación a doenza do enganado co outras doenzas infantís como as carencias psicomotrices ou dificultades no andar. Segundo se recolle na ficha de catalogación deste ben na web de Patrimonio Galego⁶⁵:

Para librar ao neno do enganado, practicábase tamén o ritual de “cortar a pexa”. Consistía en levar ao neno, pola noite, espido e cos pés atados cunha “pexa”, unha corda o suficientemente frouxa para que lle permitise ao rapaz camiñar aínda que fose con dificultade. A persoa que levaba ao rapaz ata a fonte non podía falar palabra ningunha e tiña que conseguir que alguén que pasase polo camiño cortase a pexa cun coitelo ou unha machada.

Tamén Antonio Fraguas⁶⁶ documenta unha fonte a carón da igrexa de Roo onde lavaban aos nenos para quitarlles este tipo de doenzas e despois ían ao interior do templo para colocar ao cativo diante do altar maior. Un proceder similar ao que acontecía en Bemil, cunha primeira fase na fonte e unha segunda de igrexa.

⁶⁵<http://patrimoniogalego.net/index.php/32673/2013/01/a-fonte-do-tangarano/>

⁶⁶Fraguas y Fraguas, A. (1997): *La Galicia insólita. Tradiciones gallegas*. Edicións do Castro. A Coruña

A Fonte da Virxe de Preguecido (A Estrada)

Esta fonte localízase na contorna do castro de Preguecido, na parroquia de Santa María de Aguións (A Estrada). Recolle Manuel Reimóndez⁶⁷ respecto desta fonte que:

Estas augas usábanse para quitarlles o enganido aos nenos. Unha persoa maior levaba o neno ata fonte por un camiño, alí lavábao con aquela auga e logo regresaba por un camiño distinto coa condición de non tropezar con ninguén. O día da Ascensión enchíanse nesta fonte botellas de auga coa que despois se bendicían as casas e os froitos sementados: trigo, millo, centeo, horta ...

O mesmo autor cóntanos que, como acontece coa Fonte do Anghenido de Bemil, existe a crenza de que este manancial nace xusto debaixo do altar da igrexa onde está exposta a imaxe da Virxe.

A Fonte do Ermo ou da Virxe do Ermo (Friol)

Fonte situada en Carlín, Friol, e asociada á curación do “mal do sartego”. O rito curativo desta enfermidade infantil comeza no Santo Sartego, situado no adro do cemiterio da parroquia de Santiago de Trasmonte, e remataría nesta fonte do Ermo, situada no santuario da Virxe do Ermo, en Carlín. Por “mal do sartego” enténdese unha enfermidade infantil causada por forzas descoñecidas da natureza ou da propia vontade divina. Este “mal do sartego” identifícao Fidalgo Santamariña coas doenzas coñecidas como mal do aire, enganido ou sombra. O investigador Higinio Martínez⁶⁸ fainos unha descrición detallada do ritual segundo o estudado polo antropólogo *Fidalgo Santamariña*:

- 1.- Unha vez que a familia chega co neno ó lugar do sartego, ten que buscar unha María, que será a encargada de practicar o ritual.*
- 2.- Esa María transporta a auga nun recipiente limpo, e bótaa nun*

⁶⁷Reimóndez Portela, M. (1990): *A Estrada rural*. Edita Excma. Deputación Provincial de Pontevedra

⁶⁸Martínez Fernández de la Vega, H. (2014): “O ritual do mal do sartego” (Trasmonte-Friol) (Lugo). *Revista de investigación "Etnografía"*, nº6, 2014

oco do sartego, onde se vai levar a cabo a case totalidade da práctica ritual.

3.- Logo, a María colle ó neno, quítalle a roupa e lávao completamente, utilizando a auga, que depositou no sartego.

4.- Terminado o lavado, a roupa que o neno trae posta, e que tocou o seu corpo, introdúcese polo oco dentro do sartego. A María, sen secar previamente ó neno, envólveo nunha toalla ou pano limpo, que traen os parentes do enfermo.

5.- De seguido, a María inicia o recorrido de tres voltas ó redor da igrexa co neno en brazos, parándose en casa esquina da mesma, mentres se reza un pai noso.

6.- Finalizado este acto, vístese ó neno con roupa limpa, e iniciase o recorrido ata a fonte da Virxe do Ermo, sita na parroquia veciña de Carlín. Este camiño farase sen entrar en ningunha casa, e a ser posible sen pararse.

7.- Xa na fonte, lávanselle un pouco os pés, as maos e a fronte ao neno coa auga da mesma, e límpase ó neno cun pano, que quedará estendido sobre a silveira, situada ó carón da fonte.

8.- Rematado este último acto, dáse por finalizada a práctica ritual, e iniciase o regreso ao domicilio familiar coa esperanza de que en un corto período de tempo recupérese o enfermo, dada a creencia de que “no transcurso dun ano, os nenos que van ó sartego, e se lles practica debidamente a cerimonia, ou sanan ou morren”.

A Fonte da Virtú (Bergondo)

A Fonte da Virtú sitúase no Monte da Fama, na parroquia de Santa María de Guísamo. A este manancial acudían as xentes con nenos enfermos de raquitismo para lavalos nas súas augas. Unha vez feito o baño había que deixar alí as roupas usadas e vestir ao neno con roupas limpas.

9. RECONSTRUCCIÓN DO RITO DA FONTE DO ANGHENIDO

Chegados a este punto do traballo, e con toda a información dispoñible, podemos proceder a describir e intentar reconstruír o rito de curar o anguenido na fonte e igrexa de Bemil, engadindo aqueles aspectos e partes do ritual que nos faltaban nas descrições que os veciños de Bemil, coa limitación que sempre supón a memoria e o tempo transcorrido, tiveron a ben en ofrecernos.

Tras diagnosticarlles o mal do enganido, os nenos ou nenas enfermos eran levados á Fonte do Anghenido de Bemil polos seus familiares, que se achegaban a este manancial coa discreción das primeiras horas da mañá. Alí lavábase ao neno enfermo na pía da fonte. Polo que sabemos dos ritos para o enganido realizados noutros lugares, podemos supoñer, aínda que non asegurar, que este lavado se faría empezando polos pés e rematando pola cabeza, é dicir, o que se denomina “arrepelo”. As roupas coas que chegara o neno á fonte había que tiralas, polo que deixaban nas silvas da contorna para que o Sol as fose desfacendo.

A partir de aquí comezaba a segunda parte do rito que se celebraba na igrexa parroquial de Santa María de Bemil. Podemos supoñer, como adoita acontecer neste casos, que tanto o traxecto ata a fonte como o treito entre a fonte e a igrexa facíanse en absoluto silencio. Envolta nun pano, levábase a criatura á igrexa. Ata mediados dos anos 30, ni rito que se celebraba na igrexa participaba o crego realizando a imposición da estola sobre a cabeza do enfermo. A continuación pasábase ao cativo baixo o altar da Virxe das Neves un número impar de veces, posiblemente tres ou nove. Aínda que non temos datos a respecto, o máis probable é que de cada vez que se pasase o neno enfermo baixo o altar se recitase un ensalmo do tipo:

-Toma María

-E qué me das?

-Douche o Angenido.

-O Angenido non o quero.

-E logo a quen queres?

*-Quero a fulano (nome do cativo enfermo) san ou vivo.
-Pola gracia de Dios,
e da Virxe María,
un Padre Nuestro,
e un Ave María.*

A presenza de moitas mulleres -normalmente máis que homes- nas comitivas que acompañaban aos rapaces enfermos foi un dato recorrente nos testemuños recollidos. Tendo en conta este dato, tamén é posible formular a hipótese de que no rito de tránsito baixo o altar participasen dúas ou máis mulleres de nome María, pois así acontece normalmente neste tipo de ritos. Estas Marías serían as encargadas de pasarse unha a outra o neno baixo o altar da Virxe á vez que recitarían o ensalmo.

Como xa dixemos, a partir do ano 1934, aproximadamente, o rito cambia, déixase de facer o ritual de pasar ao neno baixo o altar e substitúese por meter e sacar nove veces o neno no caixón do armario da sancristía onde se gardaban as roupas de misar do cura. Sospeitamos que, mentres se facía este rito de “peneirar” ao neno no caixón recitaríase un ensalmo típico destes procesos curativos do enganido e similar aos xa citados.

Finalizado o rito -antes, o de pasar baixo o altar da Virxe das Neves e logo o da gabeta do armario na sancristía- vestíase á criatura con roupas novas e rezábanse unhas oracións. Polo que sabemos do que acontece noutras igrexas onde tamén se curaba ou se cura o enganido, cabe tamén a posibilidade de que tras o rito se deixase algún tipo de esmola ou ofrenda na igrexa.

10. CONCLUSIÓN

Unha vez finalizada a nosa análise sobre o rito curativo do enganido que se realizaba na fonte e na igrexa de Bemil cómpre sacar algunhas conclusións.

1. Existe consenso en que o enganido ou tangaraño é unha enfermidade propia da infancia.
2. Podemos considerar que o engandido é unha enfermidade que produce o debilitamento físico paulatino dos nenos e nenas, ata acadar estados equiparables hoxe en día á anemia ou ao raquitismo.
3. Malia o dito, existe unha grande dificultade para definir claramente que é e en que consiste o mal do enganido.
4. En canto á súa orixe, as causas aínda son máis confusas que a propia definición. Existe a crenza popular de que o enganido pertence aos males denominados na nosa etnomedicina como “aires”. Dentro do mal de aire hai múltiples doenzas, sintomatoloxías, factores e causas que poden orixinar este mal. Relacionado co mal do aire como factor orixinario da enfermidade estaría tamén o meigallo ou o mal de ollo.
5. Debido a esta falta de claridade na súa definición e orixe, é habitual que diferentes doenzas infantís sexan atribuídas ao mesmo mal do enganido e, consecuentemente, sexan tratadas con ritualidades e remedios similares.
6. Da análise dos diferentes ritos curativos do enganido establecemos que sempre ten que haber unha primeira fase, previa ao propio ritual sandador, de diagnóstico correcto da enfermidade. Esta diagnose do mal pode ser levada a cabo por un especialista no ámbito da medicina popular (curandeiro, meiga, etc) ou por parte de familiares coñecedores das metodoloxías de diagnose. A diagnose correcta da doenza e da súa causa é fundamental para a correcta aplicación do rito curativo correspondente.
7. Nos ritos curativos do mal do enganido é habitual que fagan acto de presenza elementos simbólicos como a auga, o contracto con obxectos ou imaxes sagradas, o recitado de ensalmos e oracións, a destrución das roupas no neno enfermo, a presenza de mulleres de nome María ou a realización do rito en espazos considerados especiais polo seu carácter sagrado (templos), liminal (pontes, curzamentos) ou curativo (fontes e penedos).

8. Os ritos curativos na Fonte do Anghenido e na igrexa de Bemil xa non se celebran hoxe en día. A desaparición da fonte, alén doutros factores socioculturais que non son obxecto deste traballo, provocaron a perda do rito e da tradición de acudir a este lugar ara esconxurar o mal do enganido.
9. Dos testemuños recollidos en Bemil podemos saber que o rito curativo tiña dúas fases: unha na fonte e outra a celebrar dentro do templo de Bemil.
10. Tamén sabemos que a ritualística mudou nos anos 30 do pasado século, posiblemente, debido ao cambio de cura. O rito da imposición da estola, oficiado polo propio crego, e o posterior pase do nenos baixo ao altar da Virxe das Neves foi substituído polo rito de meter aos nenos enfermos nun caixón do armario da sancristía onde se gardaban as roupas do cura.
11. En paralelo co rito do anguenido detectamos a posible existencia do rito do vode, para curar problemas da fala nos máis cativos.
12. Tanto os ritos lustrais celebrados na fonte como os que acontecían dentro da igrexa son coherentes coas dinámicas ritualísticas e simbólicas da nosa medicina popular, existindo abundante bibliografía a este respecto.
13. O estendido deste tipo de prácticas e os patróns comúns existente fan que poidamos atopar numerosos paralelos nos ritos celebrados noutras fontes e ermidas do país para tratar este tipo de doenzas infantís.

11. AGRADECEMENTOS

Quero agradecerlle á arqueóloga Elena Cabrejas a xenerosa colaboración que me prestou para que puidese levar a cabo este traballo. Grazas por facilitarme o acceso aos informantes de Bemil e o acceso á igrexa. Grazas, ademais, polas transcricións que me subministrou sobre as súas entrevistas aos veciños de Bemil. O meu agradecemento tamén a Roberto de la Torre pola información e as fotografías cedidas de Santa Mariña de Fragas, a Fonte da Nosa Señora de Gundían e da Fonte do Tangaraño. Por último, grazas a Angel Gilberto pola información sobre a Fonte da Virtú de Bergondo e a Xosé Feijoo pola fotografía da Ponte do Rial.

12. REFERENCIAS BIBLIOGRÁFICAS

- Aparicio Casado, B. (1992): *A tradición oral en Poio*. Edita Excma Deputación Provincial de Pontevedra.
- Becoña Iglesias, E. (1981): *La actual medicina popular gallega. Un exemplo*. A Coruña
- Catálogo da exposición *Gustav Henningsen. Fotografías etnográficas 1965-1968. Galicia máxica. Reportaxe dun mundo desapercido*. Museo do Pobo Galego. 2005. Santiago de Compostela
- Eliade, M. (1994): *Lo sagrado y lo profano*. Paidós Ibérica, Barcelona
- Fernández Valdehorras, C. (ed.) (2001): *Breviario Enciclopédico Don Eladio*. La Voz de Galicia S.A., A Coruña
- Filgueira Valverde, L. Tobío Fernandes, A. Magariños Negreira e X. Cordal Carús (1926) "Vocabulario popular castelán-galego". Publicado por entregas en *El Pueblo Gallego*
- Fraguas y Fraguas, A. (1997): *La Galicia insólita. Tradiciones gallegas*. Edicións do Castro. A Coruña
- Fuentes Fuentes, J. L. (1976) "La Romería de San Xusto en San Xurxo de Sacos". *Revista Gallaecia*. Publicación del Departamento de Prehistoria y Arqueología. Facultad de Geografía e Historia. Universidad de Santiago de Compostela, p. 262.
- García Porral, X.C. (2006): "A Fonte dos meniños: experiencias e tradición". *Lucensia: miscelánea de cultura e investigación*, Vol. 16, Nº. 33, pp. 363-372
- Henriques, F. (2005): "Psicopatología da criança no sul da Beira Interior (perspectiva etnológica)". *AÇAFA On Line*, núm. 1, 2008
- Lis Quiben, V. (1949): *La medicina popular en Galicia*. Gráfica Torres, Pontevedra
- Martínez Fernández de la Vega, H. (2014): "O ritual do mal do sartego" (Trasmonte-Friol) (Lugo). *Revista de investigación "Etnografía"*, nº6, 2014
- Otero Álvarez, A. (1976-1977) *Hipótesis etimológicas referentes al gallego-portugués*, CEG XXX/90-91-92, pp. 137-155
- Quintía Pereira, R. (2017): *Universos simbólicos. Olladas ao redor da cultura e da identidade galega*. Ab Origine Edicións. Pontevedra
- Quintía Pereira, R. (2017): *Mariña: de deusa a santa*. Editorial Galaxia. Vigo
- Quintía Pereira, R. (2014): *Patrimonio Inmaterial de San Martiño de Salcedo. Lendas, historias e crezas*. Sociedade Antropolóxica Galega. Ourense
- Quintía Pereira, R. (2011): *A Nosa Señora da Lanzada. Estudio antropológico de un santuario costero*. Librería Nós, Sanxenxo

- Reimóndez Portela, M. (1990): *A Estrada rural*. Edita Excma. Deputación Provincial de Pontevedra
- Rodríguez López, J. (1974): *Supersticiones de Galicia y preocupaciones vulgares*. Ediciones Celta. Lugo
- Solla, C. (2005): *Almanaque de encantos*. Ediciones Cardeñoso. Vigo
- Vázquez Gallego, X. (2004): *Tradiciones y Curanderismo en Medicina Popular en Galicia*. Tórculo edicións. Santiago de Compostela
- Vicenti, A. (1917): “El alma popular” (II), *Rev. Mondariz*, 15-IV-1917, núm. 23, p. 482
- Taboada Chivite, X. (1972): *Etnografía galega (Cultura espiritual)*. Ed. Galaxia